

A CHMS intensificou as tarefas de limpeza nos ríos e avanza no convenio con Vilalba

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) intensificou os traballos de mellora e de saneamentos nos diferentes concellos. Así, en Vilalba avanza na negociación para construír un tanque de tormentas e melloras no pretratamento na EDAR e resolver así o problema de verteduras ao río Madalena. En Castro de Rei estivo a mellorar a capacidade de desaugadoiro do río Azúmara, ao igual que nas Insuas do Miño, entre Rábade e Begonte, ao detectar unha importante presenza de árbores e ramas caídas cara ao leito e marxes, así como múltiples árbores secas nas beiras. **Pax. 5, 24 e 32**

Volven as restricións

Vilalba é o único Concello da Terra Chá en alerta vermella nesta segunda onda con toque de queda, reducións de aforos e peches perimetrais

As últimas cifras do coronavirus confirman que Galicia permanece no camiño correcto e a provincia mellora as cifras de contaxios nesta segunda onda que elevou os casos activos por encima do milleiro e as mortes por riba de cen. Para poder controlar o avance desta segunda onda, puxéronse en marcha varias medidas que comezaron coa declaración dun novo estado de alarma e o toque de queda en todo o territorio nacional, ademais doutras medidas por concellos como peches perimetrais e da hostalaría ou redución de aforos. Vilalba é o único da Chaira en alerta vermella. **Pax. 33**



vilalba. O Concello ten en marcha ou en licitación varias obras. **Pax. 6**

as pontes. Destinan axudas directas a diferentes colectivos. **Pax. 12**

guitiriz. O Concello establece catro liñas de axudas aos estudantes. **Pax. 17**

especial GDR. O GDR2: Dinamizando a economía do rural. **Pax. 19**

riotorto. O PSOE leva ao Parlamento a contratación da muller do alcalde. **Pax. 23**

castro de rei. A Xunta de Goberno aproba a mellora do abastecemento. **Pax. 25**

a pastoriza. Instalados sistemas automáticos para a cloración. **Pax. 28**

Nova edición do concurso de postais




Rábade volve escoller a felicitación municipal. **Pax. 26**

Convocado de novo o premio cospeités



Foi anulada a III edición por un erro informático. **Pax. 27**

Concurso das Letras Galegas



Xermade convoca de novo o certame aprazado. **Pax. 31**

Friol lidera un proxecto piloto pioneiro en permutas agrarias

O Concello de Friol converteuse en pioneiro na reorganización das propiedades agrarias trala creación dun sistema de permutas que afectará a unha superficie total de 45 hectáreas. A re-

struturação realizarase mediante intercambios voluntarios de terras agrícolas entre particulares a nivel local, mellorando a superficie agrícola das explotacións do termo municipal. **Pax. 14**

¿PROBLEMAS AUDITIVOS?
¿O uso da mascarilla dificulta a túa capacidade de seguir unha conversa?
PODEMOS AXUDARCHE

NOVALUX
óptica & centro auditivo

VILALBA
C/Plácido Peña 9
604 03 20 92
Nº R.S. E-27-000351 / E-27-000333
novaluxoptica.com

AS PONTES
Av. de Galicia 91
604 02 21 80
Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170

Facebook and Instagram icons.

NOVAS

vilalba

Iria Misa Peralba gaña o IV Premio Agustín Fernández Paz

Iria Misa Peralba foi elexida gañadora da cuarta edición do Premio Agustín Fernández Paz, trala comunicación feita polo xurado do mesmo, que organiza o Ilesha, o Concello de Vilalba e Edicións Xerais de Galicia. O Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola igualdade faise coincidir co cabodano deste literato.

A obra galardoada foi *A cidade do átomo*. Sobre o concurso o xurado salientou a alta calidade media das obras presentadas e recomendou tamén a publicación dos orixinais baixo os lemas Monadas cuánticas, Bartolina Sisa e Vega.

Respecto á obra gañadora, destaca "a orixinalidade do tratamento do tema, a paisaxe abandonada da cidade ucraína de Prípiat, tras



A autora gañadora, co seu libro

o accidente o 27 de abril de 1986 da central nuclear de Chernóbil. Destaca ademais a nivel estilístico a alta calidade da lingua empregada, así como a amenidade dun relato no que se mesturan textualidades diversas".

O Concello avanza no seu plan de mobilidade urbana

O Concello de Vilalba avanza no seu Estudo de Mobilidade e Espazo Público (EME), unha ferramenta básica para a planificación e a posterior toma de decisións en torno á mobilidade no municipio pensada para favorecer o desenvolvemento rexenerativo das áreas habitadas. Permitirá ademais acceder aos fondos europeos de mobilidade sustentable. Durante os meses de setembro e outubro, realizáronse traballos de medición de fluxos rodados (IMDs) e peóns en sábados e días laborables, dimensionando o volume de vehícu-

los así como as principais interferencias cos tránsitos peonís. Alén disto, realizouse tamén un achegamento específico ás dinámicas de mobilidade xeradas polo conxunto de centros de ensino e equipamentos en torno a rúa Cuart de Poblet, que provocan os principais fluxos de tráfico. En paralelo, recolléronse un total de 322 enquisas, cubertas a través da dirección web habilitada pola equipa redactora pola propia veciñanza ou a pé de rúa, cun 72% de residentes na vila e un 28% das parroquias e núcleos da contorna.

Veleiro pide un convenio para o comedor da EEI e o Mupav

A alcaldesa de Vilalba, Elba Veleiro, mantivo a primeira reunión oficial co novo delegado da Xunta na provincia de Lugo, Javier Arias, ao que lle trasladou as principais demandas municipais ao goberno autonómico.

Entre elas, a sinatura urxente do convenio para a xestión do comedor da Escola de Educación Infantil de Vilalba, "un servizo necesario para a conciliación da vida familiar e laboral", sostén a alcaldesa, polo que "é preciso iniciar o antes posible a prestación do mesmo, aprobado por unanimidade entre os grupos políticos municipais".

O Concello de Vilalba xestionará de forma directa o comedor, que contará con 49 prazas, pero para elo necesita asinar un convenio de colaboración coa Xunta. Veleiro e Arias faláron tamén da posibilidade de poñer en marcha un servizo de madrugadores nos centros educativos.

Por outra parte, a alcaldesa pediu-lle ao delegado da Xunta colaboración para potenciar o Museo de Arqueoloxía e Prehistoria de Vilalba. "Ten que ser un traballo coordinado entre administracións, pero entre todos debemos poñer en valor o importante patrimonio que contén", apunta Veleiro.

O último Pleno de Vilalba acordou crear unha comisión para tratar de solucionar os problemas de financiamento do Mupav, xa que a súa estrutura dificulta as accións de axuda a este emblemático museo. Existe un interese por distin-



A alcaldesa de Vilalba, reunida co novo delegado territorial da Xunta

tos organismos de impulsalo pero tamén varios atrancos burocráticos segundo indican dende o Concello, razón pola que partiu deles a idea de crear unha comisión que solvente eses atrancos.

No encontro de traballo, celebrado nun clima de cordialidade, a alcaldesa solicitoulle tamén a Arias retomar o proxecto de cambio uso da estación autobuses, reducindo o espazo dedicado aos autobuses o necesario para prestar o servizo en condicións dignas e dedicándolle o resto a outro fin. "A nosa intención é facer ahí un Centro de Día, moi necesario no noso concello e unha prioridade do noso programa electoral; cremos que sería unha boa ubicación e unha forma de dar vida a esa zona, sen pechar outras opcións", explica.

A situación da estación de autobuses de Vilalba tratouse xa nunha reunión a principios de ano en

Lugo entre a alcaldesa e o responsable de Transportes da Xunta en Lugo, que era precisamente Javier Arias, polo que coñece os problemas das instalacións.

O Concello demandoulle hoxe por outra parte a concesión do Obradoiro de emprego 2020-21; máis medios materiais e humanos para o centro de saúde, e un incremento da aportación da Xunta para o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e para cubrir os custos extraordinarios en material e persoal de limpeza nos centros escolares motivado pola pandemia da Covid-19. "Agradezo o interese e a receptividade do delegado da Xunta, confiando en que as boas intencións se convirten en feitos o antes posible nos temas tratados, polo que quedamos en seguir traballando e colaborando; vivimos tempos complicados e as administracións deben entenderse polo ben da cidadanía", engade Veleiro.



Con KÖMMERLING
las inclemencias se quedan fuera

ALLPLAS
SISTEMAS DE VENTANAS

info@allplassistemas.es / Tel.: 982 209 505

KÖMMERLING®
Sistemas de ventanas



Ventajas de las ventanas con sistemas KÖMMERLING

- Aislamiento térmico
- Aislamiento acústico
- Estanqueidad al agua
- Garantía de 10 años
- Ahorro de energía
- Materiales reciclables
- Mínimo mantenimiento
- Más de 100 colores

O Concello reparte 375.000 euros en subvencións nominativas

A alcaldesa de Vilalba, Elba Veleiro, xa ten asinados a maior parte dos convenios das subvencións nominativas para as entidades e asociacións de diferentes eidos que desenvolven o seu traballo no municipio.

O concello destinará 375.000 euros a apoiar as actividades de entidades sociais, asistenciais, culturais ou deportivas. Os convenios pendentes estanse asinando estes días.

Entre os beneficiarios está o Hospital Asilo, que traballa con persoas con enfermidades neurodegenerativas; Protección Civil de Vilalba; Peludiños (atención a animais abandonados); clubs deportivos e asociacións culturais.

“Son entidades que realizan unha gran tarefa, moitas veces invisible, e desde o concello temos que impul-



Unha das firmas dos convenios coas asociacións no Concello de Vilalba

sar o noso tecido asociativo, máis necesario que nunca nunha situación como a actual”, sostén a alcaldesa de Vilalba.

Entre os beneficiarios hai tamén asociacións veciñais e de pais e nais, a Fundación Vilalba Terra Cha (traballa con persoas con discapacidade intelectual), ou Afalu, que des-

envolve actividades para persoas con alzheimer.

Ademais das subvencións nominativas, o mes pasado o concello sacou tamén a convocatoria das axudas de libre concorrencia, ás que poden acceder tamén as asociacións sen ánimo de lucro con actividade en Vilalba.

Empresarios de Sete Pontes piden axudas para o sector hostaleiro

A Asociación de Empresarios Sete Pontes de Vilalba fixo un comunicado de apoio ao sector hostaleiro, un dos grandes perxudicados polo toque de queda convocado polo Goberno central para tentar frear o avance da pandemia e pide novas axudas para paliar os efectos económicos.

“Dende a Asociación de Empresarios Sete Pontes de Vilalba facémonos eco da dramática situación pola que está pasando o sector da hostalaría a consecuencia desta crise sanitaria provocada polo covid-19. En reunións mantidas cos hostaleiros asociados, estes amosaron a súa preocupación polo futuro da súa ilusión e o seu sustento de vida debido ás medidas restrictivas que están a

padecer por mor desta pandemia, xa que teñen que asumir a limitación de aforo, reducir horario laboral e incluso pechar como é o caso do ocio nocturno, repercutindo de xeito moi notable na súa facturación e afrontando practicamente os mesmos gastos que antes da crise (impostos, persoal, luz, auga, internet,...)”, din.

Lembran que é por isto que este sector tan castigado pola situación actual, solicita que as Administracións Públicas (locais, autonómicas,...) teñan en conta “as graves dificultades que están pasando” e saquen unhas axudas directas para paliar os efectos económicos que están a sufrir, así como acondicionar e climatizar as terrazas para poder sacarlle proveito nos meses de inverno.

Xa se poden solicitar os bonos da campaña Reactiva Vilalba

O Concello de Vilalba abriu o prazo de solicitude dos bonos de consumo da campaña #ReActivaVilalba, deseñada co obxectivo de paliar as consecuencias da crise da covid-19.

O Concello inxectará máis de 420.000 euros ao comercio local a través de bonos de 30 euros que a veciñanza pode solicitar ata o 30 de novembro. Logo terán de prazo para as compras ata o 8 de decembro.

Calquera persoa empadroada no Concello de Vilalba pode solicitar os bonos, non é necesario ter ningún tipo de antigüidade. No caso de menores ou de persoas con discapacidade, será a nai, o pai, o titor/a ou

representante legal quen o faga no seu nome. Son 30 euros para cada persoa (se nun domicilio viven cinco persoas empadroadas, correspóndelles 150 euros en total).

O procedemento de solicitude será preferiblemente telemático a través da web www.bonosconsumovilalba.com. Unha vez o Concello comprobe os datos achegados pola persoa solicitante tras cubrir o formulario, emitirase un bono cun código QR que se enviará por correo electrónico.

De non ser posible solicitar o bono telematicamente, poderán inscribirse na casa do Concello en horario de 9.00 a 14.00h.

Para comprar cos bonos de consumo, deberase presentar o bono nos establecementos adheridos á campaña, dispoñibles na páxina web do programa. Os bonos deberán trocarse nunha única compra, nunha soa tenda e poidendo facer compras superiores a 30 euros, sempre que se pague a diferenza. Non se poderán trocar por compra de tabaco, bebidas alcohólicas ou xogos de apostas. “Con esta iniciativa pretendemos reactivar o comercio local, un sector perxudicado pola actual crise, axudando tamén ao consumo da veciñanza”, explica Marta Rouco, concelleira de Comercio.

Remata a remodelación da cociña do Ceip Terra Chá



A cociña do Ceip Terra Chá

O Ceip Terra Chá vén de rematar a obra de reforma da cociña do centro, instalando unha freidora. Ao longo destes tres últimos cursos produciuse unha renovación da cociña por un importe de arredor de 25.000 euros, subvencionados pola Consellería de

Educación de forma directa, polo que non supuxo custe directo ós orzamentos anuais do centro.

Neste tempo de traballo da cociña incorporáronse cociña, lavalouzas, mesa quente, fregadeiro, freidora e mesas de apoio-suplemento.

Entre ti e mais eu hai conexión

Amarás a túa fibra! É a que recomenda Jesús Calleja



Chama xa GRATIS ao
900 651 679



FIBRA	MÓBIL
1.000 Mb	20 GB

Leva ata un
80 % de dto.
durante 3 meses

Despois 44€/mes

8€

adamo

Fibra · Móbil · Fixo



QUERES GAÑAR UN PORTÁTIL LENOVO?
Participa xa! Só tes que rexistrarte en:
www.adamo.es/lenovopc



Oferta válida para novos clientes que contraten entre o 01/10/2020 e o 09/11/2020, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST! + Móbil ilimitado 20Gb PVP total 44€/mes, coa promoción, durante os primeiros 3 meses, só pagarás 8€/mes. Prezo final con IVE e cota de IFA incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos Adamo de 12 meses. Alta e instalación gratuítas. Consulta as bases legais do sorteo do portátil Lenovo en <http://adamo.es/bases-legales-sorteo-lenovo>

O PP pide unha aclaración sobre si haberá feira do capón

O PP pídelo ao Goberno local algunha explicación do que se prevé facer este ano coa feira do capón, que todos os anos ten lugar en vésperas de Noiteboa. Os populares aseguran que é moi probable que non se poida celebrar nas condicións sanitarias actuais “pero debería elaborarse un plan nun sentido e noutro e comunicar á poboación e, sobre todo aos produtores, o que se vai facer”.

O voceiro do PP en Vilalba, Agustín Baamonde, indicou que “falta pouco menos dun mes e para os criadores é tempo de meter os polos na capoeira e moitos deles non saben o que teñen que facer, se vai haber feira ou non, porque uns dicen que si e outros non o saben”. Asegura que coas novas medidas postas en marcha pola Xunta, para o Nadal podería celebrarse a feira se todo vai ben, “pero temos que poñernos no peor dos escenarios e buscar opcións



Capóns na feira de Vilalba

para os produtores”.

Baamonde explica que nos últimos anos estase a producir un decenso de importante do produto que se vende na feira, xa que moitos produtores prefiren facelo dende a casa. “Os grandes criadores posiblemente resolvan desa maneira pero os pe-

quenos non teñen esa posibilidade, así que habería que pensar na posibilidade de crear plataformas on line para poñer en contacto a produtores e compradores ou plantexarse a posibilidade de que podan recibir axudas directas e compensacións”, subliña.

PLAN DE AXUDAS. Por outra banda, o PP de Vilalba proporá ao Goberno local a creación dunha comisión para deseñar un plan de axudas aos damnificados pola crise sanitaria. “Esto permitiría planificar as actuacións e poder aproveitar mellor os recursos municipais”, indicou o voceiro do grupo, Agustín Baamonde. Segundo explica o ex alcalde “Vilalba é un centro comercial grande para todas as parroquias dos arredores e cremos que necesitamos deseñar un plan de axudas a todo o sector, ao comercio e tamén á hostalaría”.

Vilalba Aberta condiciona o seu apoio ao orzamento coas axudas

Logo da posta en marcha dun proceso de participación veciñal, a fin de “urxir á necesaria negociación” ao goberno en minoría do PSOE; Vilalba Aberta segue a facer bandeira da necesidade de que o Concello de Vilalba teña, ao fin, uns orzamentos municipais que “contemplan a situación económica post covid” e se conciben “superadores dos prorrogados e aínda vixentes do anterior goberno do Partido Popular”.

Unha reivindicación, para a que a formación asemblearia xa comeza a esbozar as que, a día de hoxe, son as súas prioridades e incluso “liñas vermellas”, tal e como explicou o seu voceiro municipal, Modesto Renda. Neste senso, e logo de resaltar que Vilalba Aberta “tomara unha vez máis a iniciativa” fronte a un PSOE, que “á vista dos acontecementos, semella decidido gobernar, un ano

máis e por decreto, cos orzamentos do PP”; Renda quixo lembrar que o feito de que Vilalba teña orzamentos é “máis urxente que nunca para os autónomos e pemes do termo municipal”.

“Vilalba Aberta será decisiva - sempre e cando o PSOE non elixa pactar co PP - e por primeira a xente decidirá a xente”, remarcou. Con todo o voceiro asembleario explicou que, ademais das aportacións que a veciñanza lles está a facer chegar, dende a formación continúan a alertar de que “comerciantes e hostaleiros non poden máis” e nese sentido se pronunciarán na reivindicada mesa de negociación.

“Sobran ocorrencias e urxen programas de axudas serios como os aprobados en pleno a iniciativa de Vilalba Aberta”, apuntou, en clara referencia á iniciativa dos 30 euros por veciño

posta en marcha polo Goberno.

“Cumprir co aprobado en sesión plenaria e que os autónomos e Pemes vilalbeses contén coas mesmas posibilidades que os autónomos e pemes de Guitiriz, Lugo, Viveiro e a Pontenova, entre tantos outros concellos gobernados polo PSOE ao longo da provincia”. Así resumía Renda o primeiro dos que serán os eixos estratéxicos da formación, de cara á urxencia duns orzamentos de reconstrución.

A reivindicación, que parte da necesidade de actuar de xeito inmediato diante das consecuencias derivadas da crise económica provocada pola aparición do covid, trata de salvar a actividade económica (moi especialmente aquela de tipo comercial, hostaleira e de servizos, en tanto que principal afectada polo mesmo) no termo municipal.

Pais da escola infantil critican o retraso do inicio do comedor

A xunta directiva da Anpa da Escola de Educación Infantil (EEI) de Vilalba manifestou o seu “malestar” pola “triste realidade” de que o servizo de comedor do centro non estivera listo para novembro, tal e como estaba “previsto e comprometido” por parte do Goberno.

“Unha vez máis incúmprese outro compromiso municipal respecto á nosa escola, o cal resulta sorprendente si consideramos que todas as administracións estaban a favor da súa posta en marcha”, sinalan desde a directiva da Anpa.

“Somos conscientes das dificultades actuais das familias en materia de conciliación pola crise actual

derivada da pandemia provocada pola Covid-19, como tamen o somos da insuficiente resposta dada desde as administracións competentes e, en especial, desde o Concello de Vilalba”, lamentan desde a asociación de nais e pais.

Entre estas “contas pendentes” destacan a “insuficiente dotación económica das subvencións para conciliación” e a “ausencia do servizo municipal de madrugadores”, ás que agora se suma o servizo de comedor, cuxa carencia “deixa desatendidas ás familias máis vulnerables, tendo en conta as súas dificultades económicas que se foron agravando por mor da pandemia”.

Homenaxearán ao primeiro director do Insua Bermúdez

Ex alumnos e profesores do Ceip Insua Bermúdez de Vilalba preparan unha homenaxe ao que foi o primeiro director do centro, José Antonio Varela Veiga, que morreu o pasado día 2 en Lugo. Unha comisión quere lembrar o seu paso polo colexio, e para iso colocarán un monolito nos xardíns do colexio o día 26 de decembro nun acto simbólico.

Para custear os gastos, que inclúen

o traslado da pedra e a realización dun gravado a cargo do canteiro Marcos Ladra, abriuse unha conta bancaria (ES04 2080 0348 3730 4001) na que admiten donativos ata o 25 de novembro. A contía mínima é de cinco euros. Os promotores do acto explican que se se recada máis diñeiro do necesario para os gastos, o que sobre se entregará á biblioteca do colexio.



Hectómetro Fernán Vello. O creador chairego Miguel Anxo Fernán Vello, poeta e editor, conta xa co seu propio Hectómetro Literario no Paseo dos Soños de Vilalba (o número XIV), por iniciativa da Asociación Xermolos e a Irmandade Manuel María. Este foi colocado malia ter que retrasar, por segunda vez, o acto de homenaxe previsto para abril e depois para o 24 de outubro.

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTÁICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

LA CASILLA HOSTAL RESTAURANTE

BODAS Y BANQUETES

BODAS - COMUNIONES - BANQUETES

zona para Boda Civil

www.lacasilla.es

19 GUITIRIZ 982 37 01 88

Especialidad en almejas y chuletón

CHMS e Concello estudan solucións para o saneamento

Técnicos da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e a alcaldesa de Vilalba, Elba Veleiro, visitaron as infraestruturas principais do ciclo da auga da localidade lucense para identificar os problemas de funcionamento das mesmas co fin de deseñar as solucións para adoptar.

Nesta reunión, a CHMS lembrou aos representantes municipais a existencia dun proxecto cun orzamento de 1,7 millóns de euros, redactado polo organismo, que inclúe a construción dun tanque de tormentas e a mellora do pretratamiento na EDAR, infraestrutura que trata as augas residuais da maior parte do municipio. O conxunto destas obras resolvería o problema de verteduras de auga sen depurar ao río Madalena cando se producen choivas intensas.

Visitouse, ademais, o lugar de Campo do Cristo, na parroquia de Santiago de Goiriz, para ana-



Visita dos representantes da CHMS a Vilalba

lizar as posibles solucións ao problema de depuración de augas residuais no mesmo, que actualmente se verten sen depurar a un arroio innominado xunto á estrada N-634.

“O conxunto de actuacións necesarias para dar solución á problemática detectada recolleranse nun Convenio para formalizar entre ambas as administracións” explicou o presidente.

“O meu compromiso coa alcaldesa é buscar solución á problemática exposta a través dun estudo que nos indique claramente onde están as deficiencias que impiden a adecuada depuración e achéguenos a información necesaria das actuacións para executar e o importe de mesmas, para proceder á redacción do proxecto construtivo.” concluíu Quiroga, presidente da CHMS.

O lescha organiza no Mupav unhas xornadas museísticas

O Instituto de Estudos Chairegos, o Concello de Vilalba, o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía (Mupav) e a Asociación de Amigos do Museo de Vilalba acordaron organizar as Xornadas Museísticas, que terán lugar os sábados 14 e 21 deste mes, na Biblioteca Municipal de Vilalba.

Participan nestas xornadas Eduardo Ramil Rego, Felipe Senén, Aurelia Balseiro García, Ángel Villa Valdés, Felipe Arias Vila e Hugo Lozano Hermida.

O programa dará comezo o sábado 14, de 12.00 a 14.00 horas coa conferencia de Eduardo Ramil Rego, director do Mupav, que falará de *Os trinta anos do Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba*.

A segunda charla, co título *Museos, presente e futuro*, estará a cargo de Felipe Senén, arqueólogo e ex director do Museo Arqueolóxico da Coruña.

O sábado 21 están citados os participantes a unha mesa redonda, de 12.00 a 14.00 horas co título *Museo de Arqueoloxía e Administración Local*. Participarán Aurelia Balseiro García, directora do Museo Provincial de Lugo; Ángel Villa Valdés, arqueólogo do Museo de



Arqueoloxía de Asturias; Felipe Senén, arqueólogo e ex director do Museo do Castro de Viladonga e Hugo Lozano Hermida, licenciado en Historia, na especialidade de Prehistoria e Arqueoloxía e membro da Asociación de Amigos do Museo de Vilalba.

Para poder cumprir da mellor maneira as medidas sanitarias derivadas da pandemia e poder organizar de xeito satisfactorio os aspectos derivados do aforo, houbo un período de preinscrición.

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

HR

*Hijos de
Ramón Rubal*

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

COMPRAMOS
MADERA

PINO Y EUCALIPTO

VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

Vilalba inviste en urbanismo

O Concello ten en marcha ou en licitación obras como a renovación do alumeadado e traballos no abastecemento de auga


O Goberno local está inmerso nunha serie de obras en todo o termo municipal, en fases diferentes.

PRAZA DA CONSTITUCIÓN. Xa está aberto o parque infantil ubicado na praza da Constitución, despois da súa reforma.

Os traballos serviron para renovar o conxunto da área de xogos, que ten unha capacidade para 52 nenos e nenas de diferentes idades. O orzamento das obras superou os 42.000 euros e unha parte do investimento procedeu da Xunta, correspondéndolle o resto ao concello.

Ademais de novos xogos, se renovaron as escaleiras de acceso, o firme cun pavimento amortiguador e parte do vallado do parque, que ten todas as medidas de seguridade fixadas pola lexislación.

A zona ten bancos para o descanso e é un parque inclusivo con moitos xogos adaptados, sen barreiras arquitectónicas e cunhas condicións inmejorables para a interacción dos nenos e nenas.



Arriba, o parque da praza da Constitución e o alumeadado de Mourence e, abaixo, a rúa Chao Ledo e Oleiros

FROUXEIRA. Xa están en marcha tamén as obras de renovación e sinalización do vial que dá acceso ao barrio da Frouxeira.

En concreto, os traballos serán na vía municipal situada na parroquia de Sancobade que comunica a estrada autonómica LU-120 co barrio da Frouxeira e continúa en dirección aos barrios de A Teixeira, Padronelo e O Cotarón.

Trátase do percorrido natural dos veciños de varios núcleos de poboación desta parroquia en dirección ás principais vías de comunicación comarcais e ao centro urbano de Vilalba.

As explotacións gandeiras e agrícolas da zona, xunto co paso de vehículos de transporte destinados á explotación madeira dos terreos próximos, provocan que este vial soporte unha densidade de tráfico lixeiro e pesado moi intensa, provocando o forte desgaste no pavimento actual.

Os traballos, orzamentados en

103.000 euros, terán un período de execución dun mes e serán financiados con recursos propios do concello a través do remanente municipal. Forman parte do plan integral de mantemento e renovación de viais e camiños nas parroquias de Vilalba, posto en marcha polo actual grupo de goberno no concello. Para a mellora e mantemento de esta vía procederáse á limpeza de noiros, regularización da súa superficie e a execución dunha nova capa de firme de rodadura de cinco centímetros de espesor. Tamén se procederá á súa sinalización horizontal e vertical.

OLEIROS. Por outra banda, licitou as intervencións de mellora e acondicionamento da vía de acceso á parroquia de Oleiros.

Os traballos efectuaranse na vía municipal que atravesa en dirección noroeste-sueste as parroquias de Oleiros, Sancovade e Noche e que as comunica coa estrada provincial LU-P-6510.

Trátase do percorrido natural dos veciños de varios núcleos de poboación destas parroquias en dirección ás principais vías de comunicación e á capital municipal, Vilalba.

Ademais, o intenso volume de tráfico do camiño, con paso de vehículos e maquinaria pesados destinados á explotación madeira e ós traballos agrícolas e gandeiros da contorna, provocan un forte desgaste no pavimento actual.

As obras, que contan cun orzamento de 94.000€, terán un período de execución dun mes. Estes traballos enmárcanse dentro do plan integral de mantemento e renovación de viais e camiños nas parroquias de Vilalba, posto en marcha polo actual grupo de goberno no concello. Para a mellora e mantemento desta vía propónse a regularización da súa superficie e a execución dunha nova capa de firme de rodadura a base de aglomerado en quente de cinco centímetros de espesor. Tamén se procederá á súa sinalización horizontal e vertical.

ABASTECIMENTO CHAO LEDO. Tamén en licitación están os traballos de renovación na rede municipal de abastecemento de auga na rúa José M^a Chao Ledo, ademais da substitución das beirarrúas.

As obras realizaranse na rúa José María Chao Ledo, no centro de Vilalba, que é unha das súas principais arterias, ademais dun dos principais accesos ao casco urbano.

A rede de abastecemento sofre actualmente continuos problemas de roturas e falta de presión debido ao estado das tuberías existentes. Para o seu acondicionamento, propónse a renovación das canalizacións, das válvulas e das acometidas.

As canalizacións que se pretenden acondicionar atópanse baixo o pavimento das beirarrúas desta vía, o que implica tamén a súa renovación. Ditas beirarrúas atópanse moi deterioradas, con roturas, baldosas levantadas e firmes deslizantes. Polo tanto, propónse a súa renovación completa, incluíndo a substitución dos bordos e a construción

dunha rígora de formigón que facilite a evacuación da auga cara os sumidoiros existentes.

Por último, as canalizacións do alumeadado público tamén se verán afectadas, polo que se procederá á substitución do cableado eléctrico.

As obras contan cun orzamento de 78 000 euros e un prazo de execución de dous meses. Estes traballos de renovación da rede municipal de abastecemento de auga súmanse aos xa adjudicados polo Concello de Vilalba nas rúas Calvario e dos Pepes, tamén no casco urbano.

ALUMEADO. Tamén remataron as obras de mellora do alumeadado público nos barrios de Escairo e a Madalena, na parroquia de Mourence, unha actuación que consistiu na posta en marcha de novos puntos de luz e a renovación da rede existente.

Esta mellora do alumeadado forma parte do plan de renovación da rede nas parroquias do Concello de Vilalba, unha iniciativa que contempla nunha primeira fase actuacións en Codesido, Tardade, Gondáisque, Mourence, Distriz, Boizán e Santaballa, cambiando todos os puntos de luz por tecnoloxía LED.

DERRUBE. Por outra banda o Concello autorizou á Xunta de Galicia a derrubar un edificio ubicado na rúa das Pedreiras para humanizar a zona, a contorna da igrexa de Santa María e nunha zona de protección do Camiño de Santiago.

En concreto, a actuación consistirá no derrube dun edificio, que impedía ademais a contemplación da igrexa de Santa María, e a recuperación como espazo para a veciñanza dos terreos.

A actuación que quere levar a cabo o concello inclúe medidas como a colocación dunha pérgola e de bancos para o descanso, a renovación da rede de saneamento, das beirarrúas e do firme na calzada. Unha rexeneración integral que servirá para poñer en valor o patrimonio cultural.

Setas Silvestres de Galicia, Grelos de Lugo y otros productos autóctonos

Champivil, S.L.

Castelo

Trabajamos en campaña para poder ofrecerle el mejor producto natural durante todo el año

Mourence, 6. Vilalba (Lugo) / Tel.: 982 511 222 / www.champivil.com

A Lareira

Taberna Galega Restaurante

Rúa do Sol, 4
27800 Vilalba, Lugo
Tel.: 982 512 842



**Algunha compra pendente?
Pide o teu bono de 30 euros!**

#ReActivaVilalba

Entra en www.bonosconsumovilalba.com



Concello de Vilalba



VILALBA

#ReActivaVilalba

abadín

Inmobiliaria JRoca

ROCA ABOGADOS

**Calle Cidade de Lugo 32, Vilalba**Casa/Chalet independente | 6 Dorm | 3 Baños | 449m² 440.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende chalet unifamiliar para vivir en época de pandemia y postpandemia, a un paso de las playas (30 minutos de la costa de Lugo), nudo de comunicación de autovías, a cinco minutos andando del centro, con todos los servicios andando en un radio de diez minutos. Si miramos al Sur, las vistas son el bosque y pradera y al frente, el jardín. Consta de 449 metros, listo para entrar a vivir, en los cuales tenemos un amplio salón, sala de estar, despacho, 6 dormitorios, 3 baños y un aseo, cocina, garaje, bodega, calefacción de gas ciudad. Si necesitas desprenderte de parte del terreno, puedes vender para construir, sin afectar al chalet. Una casa llena de posibilidades. Ven a verla sin compromiso.

Lugar Campo de Arriba, BegonteCasa rural | 3 Dorm | 2 Baños | 200m² 170.000€

Se vende casa de 70 metros cuadrados por planta, con un alpendre de 90 metros y una palleira de 67 metros. Tiene una finca de 13.000 metros, de los cuales una buena parte esta plantada a pinos y otra parte a frutales. La casa está situada a unos 200 metros de la capilla de los Milagros, en la parroquia de Saavedra. La cual, a su vez, está a unos 5 km de la A-6.

Avenida de Galicia 75, VilalbaCasa/Chalet adosado | 3 Dorm | 1 Baño | 282m² 52.000€

Se vende en la localidad de Vilalba (Lugo), casa integrada por un bajo para montar un negocio o bien para reconvertirlo en garaje, tiene cocina, 3 dormitorios y sala y un jardín en la parte trasera de unos 50 metros. A mayores tiene una segunda planta únicamente tabicada, de unos 80 metros y un bajo cubierta de otros 50 metros en bruto. La casa tiene placa en todas las plantas.

Calvario 52, VilalbaPiso | 4 Dorm | 2 Baños | 140m² 95.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de 4 dormitorios y sala, dos baños y trastero. Se trata de una vivienda muy luminosa y que dispone de calefacción individual. Está a 30 minutos de Lugo y Ferrol y a 45 de A Coruña y de la costa de Lugo.

Vilar do Castelo 7, XermadeCasa rural | 2 Dorm | 0 Baño | 184m² 27.000€

En la localidad de Cazas, municipio de Xermade (Lugo), a unos 11 km de Vilalba, se vende casa rural, a reconstruir por dentro, fachada y tejado en buen estado.

Ameneiro s/n, GuirizCasa rural | 3 Dorm | 2 Baños | 246m² 155.000€

A unos 4 Km de la localidad de Baamonde y de la A-6, se vende casa rústica de 4 dormitorios, sala, cocina, 2 baños y otras dependencias. Tiene una finca de 39.000 metros cuadrados. Ideal para alguien que tenga caballos.

Plaza de San Juan 8, VilalbaEdificio de uso mixto | 216m² 120.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), a 30 minutos de Lugo y de Ferrol, a 45 de A Coruña y de la costa lucense, se vende casa del año 1900, reformada y adaptada a la época actual, aunque conservando la esencia de aquella época. La casa tiene en la planta baja un espacio que puede dedicarse a montar algún negocio y en las plantas superiores tiene tres dormitorios, sala, cocina, un baño y una dependencia para lavado planchado.

Grupo As Fontiñas 2, VilalbaPiso | 4 Dorm | 1 Baño | 140m² 45.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), a 30 minutos de Lugo y Ferrol y a 45 minutos de A Coruña y la costa lucense se vende piso de 4 dormitorios y sala, un baño y cocina. Se trata de un piso cuarto sin ascensor, dispone de calefacción de gas ciudad y se encuentra muy cerca de los colegios.

Foz 20-22, VilalbaNave | 1718m² 210.000€

En Vilalba (Lugo), se vende nave de tres plantas con una superficie total de 1718 metros cuadrados. La nave dispone de montacargas y en ella se permite todos los usos comerciales.

Campo de Puente 23, VilalbaPiso | 4 Dorm | 2 Baños | 120m² 115.000€

Se vende piso de 4 dormitorios y sala, 2 baños, cocina, ascensor, trastero y dos plazas de garaje en el sótano 1, orientación Sur.

Inmobiliaria JRoca C/de los Pepes 1 - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720

ROCA ABOGADOS



Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal

Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720

www.rocaabogados.info

Abadín continúa coa licitación de obras de renovación de camiños

O Concello vén de sacar a licitación unha nova partida para a renovación de camiños municipais, que se corresponden con seis parroquias que teñen un investimento de máis de 240.000 euros, dos que 225.600 son con cargo ao Plan Único da Deputación e o resto, uns 15.000, son fondos propios.

Segundo explica o seu alcalde, o proxecto divídese en tres fases. Na primeira, cun orzamento de 82.425,60 euros, actuarase en sete camiños de Fanoi (no núcleo de Regorredeiro, en Quende, e na Maramiga, en Galgao, onde se actuará nun tramo de máis de 1.100 metros de lonxitude nun ramal de 70. O terceiro proxecto ten un orzamento de 77.193,62 euros e consiste na renovación de 1.500 metros de vial na Reboira, na parroquia de



Un dos camiños de Fanoi que se renovarán

Regorredeiro, en Quende, e na Maramiga, en Galgao, onde se actuará nun tramo de máis de 1.100 metros de lonxitude nun ramal de 70.

O terceiro proxecto ten un orzamento de 77.193,62 euros e consiste na renovación de 1.500 metros de vial na Reboira, na parroquia de

Abeledo, e o camiño entre Vilaseñor e Cabaza en Seivane de Vilarente.

Todas estas obras teñen un prazo de execución de tres meses. Renovarase o firme con aglomerado en quente, excepto no de Fontepresa, que levará pavimento de formigón.

A doazón dos edís socialistas investiuse en dotar a ludoteca

“A política ten que contribuir a mellorar a calidade de vida de todos os nosos veciños e veciñas, máxime nunha situación tan complicada coma a que estamos a vivir durante esta pandemia. Por iso dende a Agrupación Socialista de Abadín quixemos aportar o noso pequeno grao de area co fin de axudar ao noso colexio público”, avanzou o voceiro socialista, Pablo Díaz López.

Explicou que cos 400 euros de dietas do mes de xullo, que corresponden aos 4 concelleiros socialistas “decí-

dimos arrimar o ombreiro para saír adiante nestes tempos, e propuxemos doar as nosas dietas para os 60 escolares da vila”.

“Hoxe recibimos as fotos da Dirección do Colexio do Ceip Aquilino Iglesia Alavariño de Abadín, encargada de adquirir o material, coas que podemos comprobar a inversión das nosas aportacións para a compra de mobiliario para a ludoteca do colexio, con novas estanterías, mesas, sillas, pufs así como novos libros para os alumnos



O novo mobiliario da ludoteca

de primaria”, explicou Díaz. “Estamos moi orgullosos de poder contribuir a adquirir novo material aos nosos nenos e nenas, e queremos aproveitar para felicitar a toda a dirección do colexio de Abadín que está traballando arreo para saír adiante nesta situación, resumiu.

Abadín recibe a visita da ITV móbil

A unidade móbil de inspección técnica de vehículos agrícolas está estes días e ata o 18 de novembro no Concello de Abadín, para atender a todos os veciños do termo municipal. A atención ao público será entre 9.00 e 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 agás os días que coincidan venres, que serán só pola mañá.

A unidade xa estivo no mercado gandeiro de Gontán e os días 13, 16, 17 e 18 poderán verse no campo da festa de Moncelos

Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycityv.com. A organización lembra que non se pasará inspección a vehículos con carga nin a vehículos con apeiros.

Reforzan o servizo de recollida de lixo con 263 contedores

O Concello de Abadín ten perfilado xa o proxecto de reforzo do servizo de recollida de lixo coa instalación de 263 novos contedores de gran capacidade repartidos polas parroquias. Trátase de contedores de 770 litros que contarán cunha base de formigón de 1,5 por 1 metro e cun suxeita contedores de inox. Este proxecto conta cun total de 147.800 euros de orzamento.

Este proxecto está dividido en dúas partidas, unha de 98.571,20 euros financiados a través do Plan Único que se destinará á compra de 196 contedores para as parroquias de Abadín, Abeledo, A Graña de Vila-

rente, Aldixe, As Goás, Barocelle, Candia, Fanoi, Gariás, Galgao, Labrada, Montouto, Quende, Romariz e Seivane. Este realizarase nun prazo de dous meses.

Así mesmo, o resto, 49.058 euros irán para a colocación de contedores en toda a zona rural. A obra estará financiada polo Fondo de Compensación e completa outra actuación subvencionada con cargo ao Plan Único. Neste caso se contempla a instalación de 67 novos contedores para Castromaior, Cabaneiro, As Goás, Corvite, Moncelos e A Graña, para colocar nun mes.

Reforzada a educación musical nos menores de tres anos

O Concello das Pontes, a través do Conservatorio Profesional de Música, impulsa a estimulación musical temperá entre as crianzas, de cero a tres anos, do municipio.

A concelleira responsable da área, Tania Pardo, apunta que “trátase dunha activade novidosa, posta en marcha este ano por primeira vez no noso Conservatorio. Estas clases teñen como obxectivo contribuír, a través da música, no desenvolvemento intelectual, físico, sensorial e afectivo emocional dos nenos”.

A aula de estimulación musical temperá (EMT) do Conservatorio das Pontes baséase na teoría da aprendizaxe musical do pedagogo norteamericano E. Gordon, para, a través de diferentes actividades, crear as condicións idóneas para que as crianzas, xunto cos seus familiares, desenvolvan aptitudes musicais.

Nas diferentes sesións, ás que as crianzas asisten en compañía de familiares, trabállanse diferentes áreas do desenvolvemento infantil para aprender a seguir o ritmo, lograr cantar en grupo ou crear unha melodía.

Á espera de resultados

A central térmica aínda non fixo unha comunicación oficial das probas con biocombustibles que os traballadores avanzan que son espectaculares

A situación en Endesa volveu estar en candeleiro durante este mes e o pasado. Mentres se esperaban os resultados oficiais ás probas con biocombustibles, uns 20 camiións do colectivo de transportistas das empresas auxiliares afectados pola redución de emprego, bloquearon durante varios días a saída da central térmica de Endesa.

Os manifestantes querían impedir a retirada de dúas bombas da desulfuradora que non chegaron a instalarse no complexo na última reforma, para trasladalas aos grupos 3 e 4. Protestaban que Endesa se comprometera a non desmontar a empresa mentres non remataran as probas.

Tras varios días de negociacións, nos que a empresa parou as probas como medida de presión, chegouse a un acordo.

A compañía comprometeuse a renovar as probas con biocombustibles, repoñer as bombas se fose necesario no futuro e favorecer a contratación local de servizos e transportes de acordo a criterios de transición



Concentración de camiións das empresas auxiliares

xusta e elaborar cos sindicatos unha listaxe de persoal de empresas auxiliares afectados polo eventual peche da central.

RESULTADOS PREVIOS. Por outra banda, aínda nada se sabe de forma oficial das probas con biocombustibles, que remataron a súa segunda fase a primeira semana deste mes. Dende o comité aseguran que “os resultados son espectaculares, traballamos cun 50% menos de carbón sete días sen incidencias e sen facer

ningún investimento”.

“A verdade é que non, se que hai un forte debate no seo do comité técnico por culpa dos informes. Os resultados son irrefutables e deberían chegar ás persoas que toman as decisións sen manipulacións e desde a dirección en Madrid pretenden enfocalo de maneira catastrofista aínda que os datos non o apoien. O proxecto é solvente e unha necesidade para o país”, explica Marcos Seijas, participante nas probas e representante sindical.

EN BREVE

ITV. A unidade móbil de inspección técnica de vehículos agrícolas estará entre os días 26 e 30 de novembro no Concello das Pontes. A atención ao público será entre 9.00 e 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 agás os días que coincidan venres, que serán só pola mañá. A unidade estará situada os días 26 e 27 na rúa Xoán A. Suances e o día 30 na Faeira. Ademais, realizarase a inspección técnica de turismos entre os días 28 e 30 de decembro. A unidade estará na rúa 8 de marzo.

PREVENCIÓN DE INCENDIOS. O pleno do Concello aprobou a adhesión ao convenio de colaboración subscrito entre Fegamp, Xunta de Galicia e Seaga en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias, evitando deste xeito o risco de incendio forestal. A formalización desta adhesión permitirá a realización material dos traballos precisos para dar cumprimento á obriga legal de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas, conforme as instrucións técnicas impartidas pola Dirección Xeral de Montes.

concellodefriol.es

Un Paseo por el Corazón Verde de Galicia

CONCELLO DE FRIOL

CAMINO DE SANTIAGO · PATRIMONIO MEDIEVAL, MEGALÍTICO Y NATURAL · TIERRAS DE QUESO Y PAN

As Pontes segue a pé de obra

O abastecemento da rúa Cabañas, a rehabilitación do polideportivo e a mellora de Concepción Arenal son algúns dos traballos

O Concello das Pontes continúa co seu proceso de mellora en dintintos puntos. Así hai en marcha, en diferentes fases, numerosas obras.

RÚA CABAÑAS. O Concello das Pontes iniciou as obras de mellora do abastecemento da rúa Cabañas, un proxecto cun orzamento de 47.092 euros, con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental.

Entre as actuacións previstas inclúese a reposición da actual liña de fibrocemento que descorre pola marxe esquerda da rúa, substituíndo a canalización por una nova liña en tubos de fundición, con características técnicas e sanitarias adaptadas á normativa vixente. Asemade, procederáse á reposición do pavimento, tanto de beirarrúa coma de calzada.

CAMIÑOS NAS PARROQUIAS. Tamén continúa coas obras de mellora dos camiños municipais co inicio das obras do vial que une Pontoibo con Marraxón para dotalo da calidade estrutural, comodidade e seguridade necesarias neste tipo de estradas. Os traballos que se están acometendo permitirán a ampliación da plataforma en 50cm dentro da zona de dominio público mediante a compactación dunha capa de zahorra artificial e unha capa de hormigón

bituminoso de 6 cm.

O proxecto, que forma parte do Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, tamén permitiu a rehabilitación dos viarios en Terbá e o Cornocelo, obras con orzamento de 58.617 euros.

En Terbá, estendeuse unha nova capa de rodadura mentres que no vial do Cornocelo procedeuse á mellora do firme coa reparación dos baches existentes e a execución dun primer rego semiprofundo e un dobre tratamento superficial con grava. Nos tres viarios realizáronse actuacións de varrido de superficie e limpeza de marxes. Procedeuse ademais á limpeza das cunetas. Todas as actuacións complétanse coa sinalización horizontal e vertical.

POLIDEPORTIVO. O Pleno aprobou o proxecto a rehabilitación da cuberta, fachada e pavimento no polideportivo do antigo colexio Monte Caxado e a declaración da súa singularidade para, deste xeito, solicitar á Deputación da Coruña unha subvención de 180.000 euros para levar a cabo as obras.



Arriba, as obras do Marraxón e, abaixo, a rúa Cabañas

O proxecto, valorado en 228.800 euros, permitirá a rehabilitación do tellado para mellorar a saúde e as condicións de illamento térmico de toda a edificación. Ademais rehabilitarase gran parte da fachada e a renovación

do pavimento na pista, adaptado ás demandas das diferentes disciplinas deportivas que se practican nesta instalación e substituirase a iluminación actual da zona deportiva por tecnoloxía LED.

Por outra banda, tamén se aprobou a modificación do proxecto de rehabilitación e conservación do pavillón do colexio público A Magdalena.

Trátase dun proxecto iniciado no ano 2015, a través da convocatoria do POS 2016 da Deputación da Coruña que, tras ser aprobado en pleno e licitado, quedou deserto, sendo necesario introducir modificacións para incluír melloras na pista, a creación dun novo vestiario con melloras na accesibilidade así como a modernización da iluminación existente que será substituída por luminarias led.

CONCEPCIÓN ARENAL. As obras de mellora da rúa Concepción Arenal, un proxecto cun orzamento de 23.020 euros, entran na súa recta final á espera de que se dean as condicións climatolóxicas para proceder á aplicación de produtos antiescórregantes. Esta actuación ten como obxectivo mellorar a pavimentación e a accesibilidade do viario, impulsando a mobilidade na zona.

Entre os traballos realizados destacan a renovación da capa de rodadura do vial mediante a extensión dunha nova capa de aglomerado asfáltico, o levantamento da cota dos sumidórios así como a reparación dos bordos e a reposición da sinalización horizontal no viario.

Aprazado o inicio das escolas e a programación cultural

O Concello das Pontes, ante as retrições ás agrupacións de persoas establecidas pola Consellería de Sanidade para a protección da saúde das persoas ante a existencia dun risco de carácter transmisible, decidiu cancelar o inicio das escolas municipais culturais.

O concelleiro de Cultura, Vicente Roca sinala que “as medidas establecidas pola Xunta de Galicia limitan os grupos para o desenvolvemento de actividades culturais a un máximo de 5 persoas, incluíndo o monitor. O gran volume de persoas matriculadas nas escolas municipais de cultura obrigaría a duplicar as horas de docencia, a falta de dispoñibili-

dade horaria do profesorado e de espazos municipais para levarlas a cabo, fan inviable poder poñer en marcha as escolas”.

Desde o Concello das Pontes pídense desculpas ás persoas usuarias polas molestias que esta decisión poida ocasionar, esperando poder iniciar a actividades das escolas municipais de cultura unha vez mellore a situación sanitaria.

Debido ás alerta tamén foi aprazada a programación cultural prevista para os meses de outubro e primeiros de novembro así como a campaña Outonía. Petisca e merca preto de tí, organizada para a dinamización cultural e da hostalaría.

Aprobado e entregado o proxecto de urbanización do Poboado das Veigas

A Xunta de Goberno Local do Concello das Pontes acordou aprobar, de forma definitiva, o proxecto de urbanización do Poboado das Veigas e darlle traslado a Endesa das alegacións estimadas durante o período de información pública do proxecto.

Con esta aprobación ábrese un período máximo de 6 meses para que a empresa presente, ante o Concello, a garantía para asegurar a correcta execución das obras de urbanización, por un importe do 10% do orzamento do proxecto. Unha vez realizado este trámite iniciaríanse as obras de urbanización no Poboado das Veigas, cun período aproximado de execución de 18 meses

O proxecto, que suporá un investimento de 4,5 millóns de euros,



Unha imaxe do Poboado das Veigas

contempla unha transformación integral dos equipamentos públicos que inclúen a renovación dos servizos de saneamento, abastecemento, alumeadado, rede eléctrica e telecomunicacións, así como com-

pletar a urbanización precisa para que os terreos nos que se asenta o Poboado das Veigas acaden a condición de solar o que permitirá a súa posterior venda aos seus inquilinos actuais.



GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS
 ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
 CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:
 Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

Tlf 982 523 649 – 982 523 601
 619 41 53 56 – 650 61 12 60

ALÉN

A Xunta dá luz verde á cooperativa Canal IV para facer cen vivendas

A cooperativa Canal IV obtivo, un mes despois da súa aprobación provisional polo pleno do Concello das Pontes, a aprobación definitiva do proxecto de modificación puntual das normas subsidiarias do Canal IV, por parte da Consellería de Medio Ambiente. Esta modificación permite axear a norma urbanística do ámbito da Canal IV, vixente desde o ano 1985, momento no que os terreos estaban ocupados pola antiga explotación mineira, transformándoo de rústico a solo urbanizable e facendo posible a construción de 100 vivendas, en réxime de cooperativa, proxecto que suporá unha inversión de 20 millóns de euros. Deste xeito, este ámbito urbanístico axustarase á realidade dun espazo que se atopa en contacto coa malla urbana da vila, rodeado de viarios e beirarrúas, sen quitarlle edificabilidade a ningún ámbito urbanístico do concello das Pontes e permitindo a execución dun proxecto estratéxico e de interese público para o municipio. Esta modificación dalle resposta ás necesidades da veciñanza,



A cooperativa Canal IV obtivo a aprobación provisional

ofrecéndolle a un centenar de familias pontesas a posibilidade de construír as súas propias vivendas, favorecendo o asentamento de poboación. "Son cen veciños e veciñas que creen no futuro do noso pobo e que están dispostos a realizar unha das maiores inversións urbanísticas da provincia, nun momento que non é o mellor para o pobo das Pontes. A construción da cooperativa Canal IV permitirá xerar un importante movemento

económico durante anos e contribuir a revitalizar a economía local" subliña o edil de Urbanismo, Antonio Alonso. Ademais este proxecto lle permitirá ao Concello obter vivendas de protección oficial, novos equipamentos, zonas verdes, sendas peonís e un novo tramo de carril bici. Así mesmo, as arcas municipais obterán un 10% do aproveitamento neto da vivendas, feitos que repercutirán de xeito positivo no conxunto de toda a veciñanza.

O mural adicado ao bandoleiro Toribio, escollido entre os mellores do mundo



Unha imaxe do mural premiado, situado nun dos edificios das Pontes

A recoñecida plataforma de mapeo de arte urbana Street Art Cities recopila mensualmente os mellores murais do mundo. Esta plataforma é considerada a comunidade de arte urbana máis importante a nivel internacional, e a finais do mes de setembro, publicaron os que serían os mellores murais para este mes, atopándose entre eles a obra realizada polo artista galego Nove Noel para o proxecto municipal As Ponte en Pezas. A peza mural dedicada ao consi-

derado como o último fuxitivo e bandoleiro romántico, Mamed Casanova (apodado como Toribio), realizouse entre os meses de agosto e setembro, nun lateral do grupo de vivendas Calvo Sotelo, na popular praza do Carmen. A obra muralística é unha interpretación gráfica deste antiheroe que viviu en Galicia a cabalo dos séculos XIX e XX, nado na parroquia das Grañas do Sor (Mañón) e apresado pola Garda Civil na parroquia do Freixo (As Pontes).

O municipio únese á listaxe de Concellos Emprendedores

Galicia conta con 136 Concellos Emprendedores tras a incorporación dos municipios das Pontes, Ponteceso, Pontearreas e Ribadavia que comparten coa Xunta a necesidade de levantar as barreiras ao investimento empresarial para estimular a actividade económica e facilitar os trámites administrativos. Deste xeito, A Coruña conta con

35 concellos emprendedores, Lugo con 18, Ourense con 61 e Pontevedra con 22. Esta distinción supón apoiar a actividade industrial en Galicia con máis axilidade administrativa e bonificacións fiscais, apostando, deste xeito, polo crecemento económico da Comunidade galega e pola dinamización do tecido produtivo.

Arrinca este mes o programa de asesoramento Plan Vive As Pontes

Xa está en marcha o Plan Vive as Pontes, un servizo de asesoramento gratuito para todas as pymes e autónomos locais. Un equipo de máis 30 profesionais forman un grupo multidisciplinar que estarán ao servizo das firmas das Pontes para asesorar e acompañar en calquera tema relaciona-

do coas áreas económica e laboral, xestionando plans de acompañamento individualizado que axuden na procura de financiamento e/ou na procura de solucións para o mantemento do emprego vinculado. Trátase dun servizo incluído no programa Invest In Cities, do que

os interesados poden informarse na área de emprego municipal e a través do que se tenta atenuar o impacto da difícil situación socioeconómica derivada da covid-19 na industria e o emprego local. O acceso ao servizo está operativo a través do banner situado na páxina web do Consistorio www.aspontes.org.

Abre o prazo para solicitar as achegas do Pel Reactiva

O Concello das Pontes abriu o prazo para solicitar as achegas do PEL Reactiva da Deputación da Coruña. A finalidade destas axudas é financiar os gastos correntes das persoas traballadoras por conta propia ou autónomas e ás microempresas radicadas no Concello das Pontes, directamente afectadas pola crise sanitaria ocasionada pola covid-19, e a entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma e as súas posteriores prórrogas. Estas axudas van dirixidas a persoas traballadoras autónomas con

ou sen traballadores ao seu cargo e microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica. As subvencións, compatibles con outras prestacións municipais, oscilarán entre os 1.500 euros para traballadores por conta propia sen traballadores ao seu cargo e os 3.000 euros aos que poden optar as microempresas e autónomos que contan cun cadro de persoal de entre 6 e 9 traballadores. As solicitudes deben presentarse por vía telemática a través da sede electrónica do Concello. O prazo de presentación finalizará ás 14.00 horas do día 25 de novembro.

A túa NOVA vida ben amoblada

GAÑA UN COCHE

Mercado en Mobelrias

PARTICIPA NO SORTEO

www.cochemobelrias.es

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

SERVIZOS SOCIAIS NAS PONTES

O Concello destina axudas directas a colectivos

A emerxencia social, as entidades sen ánimo de lucro e os estudantes lévanse o maior orzamento

EMERXENCIA SOCIAL

O Concello das Pontes, a través da Concellería de Benestar Social, investiu durante o ano 2019 un total de 42.800 euros nas axudas de emerxencia social.

Trátase dunhas achegas, de carácter extraordinario, destinadas a atender situacións puntuais de emerxencia que afectan a persoas e familias, en situacións sobrevidas de necesidade, permitíndolles facer fronte aos gastos imprescindibles e tratar garantir o seu benestar.

Segundo a concelleira responsable da área, Tania Pardo, estas axudas permitiron atender a 62 familias pontesas que, nun momento puntual, non dispoñían dos recursos económicos precisos para afrontar necesidades básicas.

“A través destas achegas, o Concello das Pontes, trata de paliar e evitar as consecuencias, sociais, psíquicas e mesmo físicas, que a carencia de recursos económicos pode provocar nas persoas beneficiarias” remarca a concelleira.

Pardo anota que o 64,5% destas axudas estiveron destinadas a dar cobertura a necesida-



des básicas de subsistencia tales como alimento ou gastos sanitarios e farmacéuticos non cubertos polos diferentes sistemas públicos.

Por outra banda, o 35,5% do investimento do programa estivo encamiñado ao pago de gastos relacionados coa vivenda e o aloxamento entre os que se atopan os gastos necesarios para conservar o uso da vivenda, obras e arranxos básicos, gastos de mobiliario, cuotas de auga, luz, gas e outros subministradores esenciais.

ENTIDADES SOCIAIS

O Concello subvenciona con 160.000 euros ás entidades privadas locais, sen ánimo de lucro, que impulsan e realizan actividades dirixidas a persoas maiores, discapacitados e persoas con adicións así como ás asociacións que promovan a inserción de colectivos desfavorecidos na sociedade durante o ano 2020.

A finalidade destas subvencións é dar apoio ás entidades sociais para, deste xeito, fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, contribuíndo a impulsar a democratización da sociedade.

As achegas están destinadas a cubrir os gastos derivados da organización e realización de actividades, o custe dos seguros de responsabilidade civil e accidentes, a retribución do persoal técnico, o arrendamento de servizos, os gastos correspondentes a voluntariado ou monitores/as que colaboren coas asociacións sociais, de xeito puntual, impartindo algunha actividade así como para sufragar o custo por desprazamentos derivados das actividades realizadas polas entidades solicitantes.

AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN

O Concello destinou tamén 40.000 euros ao programa municipal de axudas para a es-

colarización, dirixidas a atender os gastos orixinados polo inicio do curso escolar 2020-2021, un 14,5% máis con respecto ao curso pasado.

Estas achegas están destinadas a atender os gastos de adquisición de libros e material escolar ou informático do alumnado de Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos do municipio.

No caso do alumnado de Educación Infantil de 0 a 3 anos, a axuda poderá alcanzar os 30 euros. Para Educación Infantil de 3 a 6 anos a contía elévase a 100 euros, ao igual que para Educación Primaria e Secundaria. Os ciclos Formativos e o Bacharelato subvencionaranse con ata 140 euros e o alumnado matriculado en FP básica recibirá axudas de 80 euros.

AXUDAS A MENORES

Todos os anos o Concello abre o prazo para solicitar a prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos e este ano non foi diferente.

Poden solicitar esta achega as persoas que teñan fillas e fillos, menores de tres anos, nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017, ambos días incluídos, e que, durante o ano 2018 ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presenar a declaración do IRPF correspondente a este período, nin a presentasen de xeito voluntario. Tamén se poden beneficiar desta prestación persoas con fillas e fillos adoptados ou acollidos mediante resolución, xudicial ou administrativa, ditada entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2017.

Para solicitar esta axuda é preciso que as persoas proxenitoras teñan a súa residencia habitual en Galicia e que, na data da solicitude, os os nenos ou as nenas convivan coa persoa solicitante.

A prestación consiste nun pagamento único por cada filla ou fillo menor de tres anos sen que a mesma filla ou fillo poida dar lugar a máis dunha prestación en virtude desta convocatoria. Polo primeiro fillo reciben 360 euros, polo segundo 1.200 e polo terceiro e sucesivos 2.400 euros.

As axudas repártense todos os anos atendendo ás necesidades de cada familia demandante

BANCO DE ALIMENTOS

O Concello reforzou o banco de alimentos municipal co obxectivo de contribuír a paliar os efectos económicos e sociais provocados pola covid-19. Así, repartiu máis de 2.200 quilos de alimentos non perecedoiros (leite, legumes, arroz, pasta ou cereais) entre aquelas familias pontesas máis vulnerables e en risco de exclusión social por mor da pandemia.

Por outra banda, o ente municipal tamén procederá á repartición de produtos de hixiene do fogar, tales como lixivia ou panos, e de hixiene persoal e íntima (xabón, cepillos

de dentes ou desodorizante, entre outros produtos).

Esta iniciativa responde á prioridade do Concello das Pontes de dar resposta ás familias do pobo máis vulnerables, optimizando e impulsando todos os medios e recursos dos que dispón o Goberno municipal para evitar que ninguén quede atrás, velando polos veciños e veciñas con menos recursos.

Previamente se fixo a entrega de víveres a domicilio durante confinamento, máis de 4.000 quilos de comida a máis de 170 persoas en situación de vulnerabilidade.



ATENCIÓN Á MULLER E Á IGUALDADE

O CIM centra unha programación anual dende diferentes fronteiras

OBRADOIROS

O Concello, a través do departamento de Igualdade, puxo en marcha por segundo ano consecutivo, o obradoiro de **autocoidado** para mulleres en situación de vulnerabilidade.

O obxectivo deste obradoiro, que se imparte de forma telemática, é potenciar a capacidade de autocoidado, saúde e goce das mulleres nos diferentes ámbitos da súa vida, a través do ioga, a danza e o movemento consciente, a terapia do reencontro e a atención plena. Outro dos obradoiros que ten moito éxito é o de **Cidadanas**, que ten como obxectivo prioritario ofrecer ás cuidadoras informais do municipio un recurso de orientación, acompañamento e apoio a nivel emocional, formativo, persoal e social para contribuir a paliar as consecuencias derivadas do coidado de persoas en situación de dependencia.

Este programa, a través de catro obradoiros, afondará en aspectos como a escoita activa, centrándose na empatía, na escoita asertiva e



na regulación de conflitos de xeito non violento, na corresponsabilidade para a toma de conciencia da necesidade do reparto de responsabilidades familiares nas tarefas do coidado así como na xestión do tempo e na alfabetización dixital e redes sociais como elementos clave para a activación, comunicación e participación na contorna.

BALANCE CIM

O Centro de Información á Muller (CIM) do Concello rexistrou, durante o ano 2019, 1.447 consultas, un 34% máis que o ano anterior, cifra que se traduce en 195 mulleres atendidas. Un total de 129

consultas corresponderon á área xurídica e 1.290 á área psicolóxica e dirección do CIM.

A ampla atención que realizan deixa claro a necesidade desde servizo, que ademais da atención directa se ocupa da celebración de obradoiros e outras actividades nos distintos sectores da poboación dirixidos a eliminar os estereotipos e promover a igualdade.

Por suposto, non faltou un exhaustivo programa para conmemorar o **Día Internacional da Muller**, que só puido comezar a celebrarse debido a irrupción da covid-19 na vida dos ponteses.

EN TEMPOS DE COVID

Reparto de máscaras e apoio ás clases en liña

MÁSCARAS

Coa expansión do coronavirus a partir de marzo e coa volta da poboación ás rúas tralo confinamento o Concello das Pontes volcou coa poboación para protexer especialmente ao colectivo máis vulnerable, os maiores. Así repartiron gratuitamente entre os maiores de 65 anos máscaras cirúrxicas certificadas en colaboración cos 5 establecementos farmacéuticos da localidade. Posteriormente repartiron entre o resto da poboación outras 30.000 máscaras.



para que podan acceder ao contido lectivo. Como complemento tamén puxo en marcha un servizo de balde de impresión de tarefas escolares para evitar a fenda académica entre o alumnado do municipio a través da coordinación cos centros escolares.

AXUDAS AOS ESCOLARES

Durante o confinamento e cando foi claramente visible que o ensino tería que ser en liña, o Concello das Pontes optou por centralizar parte do seu esforzo tamén de cara os menores con menos recursos para que puideran seguir a súa formación dende a casa. Así, foi como prestou 20 ordenadores portátiles a pequenos que non tiñan. Ademais, o Concello cedeu ao alumando 21 puntos wifi portátiles con acceso a internet

ENTREGA DE ALIMENTOS

Un dos servizos máis necesarios no tempo de corentena foi o reparto de alimentos e outros artigos de primeira necesidade porta por porta a aquelas persoas que vivían soas, especialmente os maiores, o colectivo de máis risco, e que non tiñan quen lles fixera a compra.

PROGRAMAS DE APOIO E OCIO DOS NENOS

Atención á saúde e á formación

EU ALMORZO NO COLE

Cen son as familias pontesas que se beneficiarán, durante o presente curso escolar, do programa municipal Eu almorzo no cole; unha iniciativa posta en marcha polo goberno local no ano 2009 co obxectivo prioritario de axudar ás familias pontesas a compatibilizar a vida laboral e familiar. O Concello das Pontes, a través da Concellería de Benestar Social, destinará no curso 2020-2021, 44.460 euros a este programa municipal, unha cantidade que supón un incremento do 11% con respecto ao curso anterior.

ATENCIÓN TEMPERÁ

O Concello conta tamén cun servizo de atención temperá co obxectivo de prestar atención individualizada a menores de 6 anos que presenten transtornos



no desenvolvemento ou teñan riscos de padecelos.

O programa, dirixido a nenos e nenas, de entre 0 e 6 anos e ás súas familias, inclúe os servizos de logopedia, terapia ocupacional e psicoloxía.

CAMPAMENTOS

Outra das actividades dirixidas aos pequenos máis esperadas

son os campamentos de verán, orientados a axudar ás familias a conciliar a vida persoal e laboral durante o período estival e, ao mesmo tempo, tratar de promover entre a veciñanza máis nova actitudes positivas e valores esenciais para o seu crecemento persoal.

Este ano, os campamentos contaron con protocolos diferentes e con menos pequenos debido á covid-19 pero conseguiron manter este demandado servizo.

ATENCIÓN EDUCATIVA Á INFANCIA

O Concello tamén puxo en marcha un programa de atención educativa á infancia e á adolescencia con actividades de tipo educativo e de lecer orientadas a reforzar os procesos de aprendizaxe. Participaron 24 mozos de entre 6 e 17 anos.

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR



O coidado dos maiores

A atención ao maior fundaméntase nun servizo imprescindible, o servizo de axuda no fogar, na modalidade de dependencia, que este ano foi ampliado.

A través del ofrécese atención no propio domicilio, atendendo a persoas maiores con déficit de autonomía e con discapacidade así como a fogares con menores nos que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo.

Os tipos de atención que se prestan

son de carácter persoal para a realización de actividade da vida cotiá, atención das necesidades de carácter doméstico e de vivenda, acompañamento persoal para a realización de trámites administrativos. Contémpanse outros como fisioterapia, podoloxía, logopedia ou terapia ocupacional, entre outros. Por outra banda tamén están adscritos ao servizo equipamento como grúas de mobilización persoal, camas articuladas, colchóns anticáidas ou cadeiras de rodas.

O Concello convoca as axudas para escolares de infantil

O Concello de Friol vén de abrir o prazo de inscrición para as axudas ao alumnado do ciclo de infantil, unha medida que subvencionará ata o 50% do coste do material escolar que os nenos e nenas precisen para esta tempada escolar. Esta axuda ten como finalidade colaborar coas familias do municipio na compra de material conseguindo minimizar o desembolso económico que cada familia ten que facer nestas datas co comezo de período escolar.

O prazo de presentación das axudas prolongarase ata o 30 de no-

vembro. Esta deberá presentarse nas oficinas do Concello ou mesmo do CPI Doutor López Suárez.

O equipo de Goberno dirixido por Jose Á. Santos considera necesario investir nos máis novos do pobo, polo que se decidiu dar unhas axudas económicas directas a todos os nenos e nenas que cursen algún dos cursos de infantil no colexio público de Friol.

Xuto coa solicitude deberán presentar tamén as facturas de ter comprado material escolar, sempre que sexa en establecementos sitos no propio municipio de Friol.

O Concello porá a funcionar unha rede de compostaxe

O Concello ten previsto poñer en marcha unha rede de compostaxe para a que se repartirán composteiros e impartirase a formación necesaria. O proxecto iniciase co proceso de selección de familias, os requisitos para participar son habitar nunha vivenda unifamiliar do municipio con parcela anexa e o número de habitantes da vivenda.

Os composteiros e o material necesario será cedido polo Concello de forma gratuita a todas as persoas que o soliciten e cumpran os requisitos. Ademais tamén se impartirá formación e farase un seguimento



Un dos composteiros

personalizado por parte de persoal especializado para que todo funcione correctamente. Este ambicioso proxecto conta coa financiación da Consellería de Medio Ambiente.

Corrixen a desfeita denunciada nuns petróglifos en Guimarei

O Colectivo Patrimonio dos Ancares anunciou que foron solventados os danos causados nuns petróglifos, catalogados dende o ano 1997, do Monte das Lamas, na parroquia de Guimarei, no concello de Friol, tras unha denuncia feita ante a Xunta de Galicia. Estes restos contan con máis de 20 cazoletas unidas por trazos curvos e rectos, covañas con semicírculos e cruciformes.

A denuncia explicaba que sobre a

pena coas gravuras despositaran gran cantidade de pedras que, ademais de tapar os motivos, podían danalos gravemente.

O Servizo de Xestión Cultural da Consellería de Cultura requeriú aos propietarios da parcela onde se atopan a retirada das pedras, traballo que baixo a supervisión dos servizos técnicos de arqueoloxía de Patrimonio se realizaron o pasado 13 de outubro, sen que os petróglifos sufriran alteracións.

Lanzan un proxecto pioneiro de permuta de propiedades agrarias

O Concello de Friol vén de lanzar o primeiro proxecto piloto en Galicia para a reorganización da propiedade a través de permutas. Este proxecto definirá a propiedade mediante permutas agrícolas voluntarias entre particulares, reorganizando unha superficie total dunhas 45 hectáreas.

Segundo explica o alcalde, José Ángel Santos, a reestruturación da propiedade mediante intercambios voluntarios levará a cabo o intercambio de terras agrícolas entre particulares a nivel local, mellorando a superficie agrícola das explotacións.

O proxecto piloto de permutas agrícolas voluntarias, que comeza no concello de Friol, definirá as parcelas a trocar e cubrirá unha superficie aproximada de 45 hectáreas.

RENDABILIDADE. O alcalde comenta, que “desde o equipo de Goberno promóvese este proxecto co fin de dar unha maior rendibilidade ás explotacións, como xa se fixo no Concello coa subvención de ata o 50% de gastos notariais a aqueles veciños que intercambian as súas propiedades, medida que tivo moi boa acollida dende a súa posta en marcha”. Segundo o alcalde, que Galicia perde terras agrícolas hai máis dunha década é unha realidade, sen que sucesivas leis, regulamentos e axencias foran quen de frealo. Nos últimos anos, tanto o sector agrícola como o gandeiro demandaron a implantación de instrumentos útiles,



Presentación da iniciativa de permuta

prácticos e dinámicos que permitan promover a reorganización da propiedade a nivel local e sen ter que esperar a procesos macroeconómicos como as concentracións parcelarias, hoxe chamadas reestruturacións parcelarias, tan demoradas no tempo.

“O Concello de Friol agora quere dar resposta a estas demandas con este proxecto piloto, dar a coñecer un dos moitos instrumentos que temos para a reorganización da nosa propiedade, facelo máis rendible e que vemos que é unha realidade nun curto período de tempo”, engade.

SEIS MESES. A ferramenta permitirá realizar a reorganización de terreos nunha zona nun período aproximado de 6 meses, coa modificación da xeometría das parcelas agora existentes e, polo tanto, dos límites, accesos e valados existentes e a súa titularidade.

Segundo o alcalde, as zonas onde se situará a actuación estarán especificamente nas parroquias de Prado, Xiá e A Rocha, e serán beneficiarios deste ambicioso proxecto arredor de dez veciños, sen ningún custo para eles, xa que estará totalmente financiado a través de fondos públicos. Os traballos a realizar consistirán no achegamento ao perímetro de actuación, estudo da caracterización, análise da propiedade do terreo, anteprojecto de reestruturación, coa súa posterior tramitación ata que se obteña a aprobación da Dirección Xeral de Infraestruturas e, finalmente, proceder á repartición, marcação e transferencia á notaría do rexistro e finalmente ao seu rexistro. Este instrumento concíbese como complementario a calquera outro mecanismo de reestruturación, pero é de gran interese para as áreas locais e específicas que están pouco cultivadas.

A Xunta instala un ascensor e unha rampla na casa consistorial

A Xunta de Galicia destinou 38.000 euros ao proxecto de mellora da accesibilidade na Casa Consistorial de Friol. As obras, recentemente rematadas, incluíron a instalación dunha rampla exterior e un ascensor que comunica a planta baixa e a primeira, con peche panorámico en vidro.

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, visitou a Casa do Concello, onde subliñou a necesidade de implementar medidas deste tipo para “asegurar a accesibilidade universal,



Visita do delegado da Xunta á casa consistorial de Friol

entre outros ámbitos, nas instalacións de uso público”. As obras foron impulsadas a través do programa de axudas para proxectos de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos para servizos municipais. Entre outros traballos, creouse un itinerario accesible que comunica a

vía pública co edificio a través dunha rampla e substituíuse a porta de vidro do vestíbulo de entrada por outra automática correidora. Por último, realizáronse tarefas complementarias, como a reposición de novas varandas na fachada e pasamáns no interior das instalacións.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformacións agrarias
Desbroces e plantacións de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



“O lector identificará algún personaxe con alguén coñecido”

Pablo Veiga, traballador dos servizos sociais, vén de publicar A marcha de Anxo

O colaborador deste xornal Pablo Veiga presentou o seu segundo libro, *A marcha de Anxo*, a súa primeira novela, ilustrada por Paula Fernández. O primeiro libro publicado por el foi precisamente unha recompilación dos seus artigos neste diario.

Como xurdiu a idea de facer esta novela?

Dende fai anos colaboro co xornal Terracháxa e con algunhas outras asociacións e faltábame dar ese paso de escritor de novela, para poñer en letras todas as historias que tiña na cabeza. Ao final decidínme a lanzarme a contar unha historia de novela, eso si, de novela curta.

Como xorde o argumento ou a historia?

Non sei exactamente como me dicíndi a contar esa historia de Anxo. Eu tiña en mente a un neno que marcha da súa vila e lembra a unha serie de personaxes e situacións, e así fun elaborando todo e construíndo unha historia de principio a fin. Anxo é un neno de 9 anos que vive nas aforas dunha vila, nun contexto moi actual

e favorable onde o pai teletraballa na casa e a nai fai no nun supermercado, vailles moi ben pero por circunstancias e posibilidades de mellora marchan e deixan atrás a súa vida para comezar unha nova.

Hai algo de experiencia propia?

Autobiográfico como tal non é, pero si teño que recoñecer que se nota a deformación profesional xa que como traballador dos servizos sociais aparecen personaxes, situacións e historias que atopo continuamente, como poden ser persoas maiores soas, xentes con demencia, persoas en situación de marxinación social, problemas de inclusión, o caciquismo ou abuso de poder, diversidade sexual, etc, todas estas historias aparecen nas páxinas. Tampouco tiña intención de que fora así, pero supoño que como a todos nos pasa, falamos e escribimos do que pensamos que sabemos algo.

Supoño que as personaxes están marcadas por esta experiencia?

Son personaxes pero calquera de nos pode coñecer a alguén de esas

características. Ao mellor na zona onde vivimos ou onde nos movemos podemos identificar a alguén así, pero estou seguro que o lector cando lea un capítulo identificará algún personaxe con alguén coñecido.

Porque xorde o tema de facer ilustracións nunha novela?

Eu tiña a intención de meter algunha fotografía como no anterior libro, e como coñecía á profesional metín 4 ou 5 viñetas as cales lle deron moito color á novela. Ademais todas elas son moi significativas.

Xa está traballando na seguinte?

Pois tiña varias historias ao principio de facer esta pero nunca me atrevera a dar ese paso, pero teño que recoñecer que xa unha a teño practicamente rematada e a primeira que comezara seguro que nun par de anos tamén sae a luz. Eu creo que se todo vai ben, nos próximos catro anos algunha máis publicarei.

Esas novelas irían na mesma liña?

A que teño rematada é un home de 60 anos que volve ao seu pobo para



Pablo Veiga coa súa novela

un enterro, e tamén se desenvolve en moi pouco tempo, nunhas horas. Esta nova novela é nunha vila nos anos 70 e volve porque morreu un amigo da infancia que tiña síndrome de Down, así, este home ten recordos do seu pasado de adolescente.

O lugar de procedencia dun parece ser logo un tema recorrente?

Si porque no caso de Anxo el marcha do descoñecido, e noutro caso é o que volve despois de marchar do seu sitio de nacemento aínda que está moi preto del. Foise e conta cuns lazos moi fortes coa xente e a súa contorna.

Como compaxinas o traballo con escribir?

Coa miña labor como traballador social en Friol teño material dabondo para facer unha novela e máis de

dúas, todos bebemos e todos temos fontes das nosas vivencias. Pois compaxino bastante ben, pois traballo de mañá maioritariamente e despois busco tempo para escribir.

Contas con inspiracións?

Nos últimos anos volvinme moi lector, pero de todos os xéneros. Vou as bibliotecas e se me chama a atención unha portada, un título ou un argumento pois agarro o libro, e o final todo o que leo sempre me aporta algo e me facilita escribir.

Supoño que non tes previsto escribir nada sobre o coronavirus non?

Si que escribín algún que outro artigo porque é imposible abstraerse de todo esto e tamén escribín algún que outro relato de verán, pero unha historia en formato novela non creo. Aínda que o virus dá material para películas, novelas, series e o que queiramos.

Foi difícil dar o salto das colaboracións, de texto curtos a novela?

Claro, non ten nada que ver. Unha cousa é escribir un artigo de 500 palabras, darlle mil voltas e reparar e reparar. Pero dar o salto á novela curta, se non fora pola miña participación no programa EmCreativo que promove a Asociación Lucense de Esclerosis Múltiple, probablemente seguiría nun caixón. Teño que agradecerlo ao profesor Alejandro Rodríguez Robledillo.

CONFÍE SU SEGURIDAD
A UNA EMPRESA GALLEGA

Atención en toda Galicia
y resto de España



grupo on seguridad s.l.

ALARMAS - CÁMARAS

PROTECCION CONTRA INCENDIOS

SERVICIO DE MANTENIMIENTO
Y CONEXIÓN A CENTRAL
RECEPTORA DE ALARMAS

Si ya tiene alarma,
consulte sin compromiso cambiar
el servicio a GRUPO ON SEGURIDAD.
Apoyándonos entre empresas locales
(Reportaje interior en pag. 22)

Calle Maciñeiras, 46

Parque Empresarial Sete Pontes, 27800 Vilalba

982 761 000

infocra@seguridadon.es – www.seguridadon.es

EN BREVE

PROGRAMA CULTURAL. O Concello de Guitiriz presentou o seu ciclo de actividades culturais baixo o nome Outono Cultural 2020. A axenda acolle un total de cinco actividades que tiñan previsto realizarse durante os meses de outubro e novembro pero, tras as novas limitacións, todas elas quedan pendentes de confirmar as súas novas datas. As actividades poderán consultarse no cartel do programa e todas elas, a excepción do pasarúas do Grupo Caivanca, realizaranse na Casa Habanera, unha vez se levanten as restricións.

RECEITAS DE OUTONO. A biblioteca municipal Casa Habanera, xunto co Servizo de educación familiar, organiza *Recetas de outono con poesía*, unha actividade para poñer en valor os produtos de outono e a dinamización da lectura e escritura. O prazo de participación é ata o vindeiro 15 de novembro. A proposta consistirá en elaborar unha receita con algún produto outonal, sacarlle unha foto e darlle un nome á elaboración. A continuación, deberá facerse un poema orixinal que teña por temática o outono e que conte cunha extensión mínima de 4 versos e máxima de 16 versos. Para poder participar é imprescindible enviar a foto da elaboración culinaria e o poema, ao correo electrónico biblioteca@concellodeguitiriz.com. Todos eles iran publicándose nas redes sociais do Concello.

RECREOS CON FROITA. Comezou o programa Recreos con froita no Ceip Lagostelle de Guitiriz. Os 237 nenos do colexio, con idades comprendidas entre 3 e 12 anos, beneficiáanse desta iniciativa á espera de adhesión de máis colexios do municipio. Este programa, que vai polo terceiro ano consecutivo, está a ter unha gran acollida entre familias e escola. A través de esta iniciativa, garántese que a mocidade merende froita na hora do recreo, tanto os martes como os xoves de cada semana.

REDE DE BIBLIOTECAS. A Biblioteca Municipal Casa Habanera de Guitiriz intégrase na xestión compartida da Rede de Bibliotecas Galegas. O proceso inclúe tarefas como o etiquetado con código de barras de todos os fondos, uns distintivos que axilizarán o proceso de préstamos e devolucións. Os veciños que queiran tirar proveito deste servizo e ter acceso ao catálogo compartido terán que darse de alta na web <https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>, un proceso que poden facer tanto as persoas que xa sexan usuarias da biblioteca como aquelas que vaian solicitar o carné por primeira vez.

Morandeira defende o estado da auga tralas melloras realizadas

No que vai de 2020 no núcleo urbano de Guitiriz non se rexistrou ningún episodio de turbidez na auga. Un problema que nos últimos anos era recorrente e que comeza a remitir despois das diferentes melloras realizadas polo Concello.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, sempre recalcou que “un dos principais obxectivos do goberno local é poder ofrecer aos veciños e veciñas un servizo de auga de calidade durante todo ano” e agora “parece que estamos no bo camiño”.

Desde finais do 2019 leváronse a cabo unha serie de actuacións para acadar este obxectivo como a construción do bypass, renovando unha rede de circunvalación no encoro de San Xoán que permite desviar a



Marisol Morandeira

subministración de auga para que non pase polo encoro, a modificación dos filtros de ferro e o lavado de todos os filtros, o baleirado do encoro no mes de xaneiro e o control constante da calidade da auga a través de análíticas encargadas por

este municipio.

O Concello de Guitiriz conta cun proxecto neste sentido valorado en 384.938,75 euros para o que necesita o apoio da administración autonómica na súa financiación. No mes de febreiro a rexedora reuniuse coa directora de Augas de Galicia, Teresa Gutiérrez, para solicitar esta colaboración e solucionar, dunha vez por todas, o problema da auga no núcleo urbano de Guitiriz.

“A directora comprometeuse verbalmente a incluír unha partida nos orzamentos da Xunta do ano 2021 que cubran un tezo do orzamento do proxecto e xa conseguimos unha subvención do IDAE para mellorar a eficiencia na ETAP por valor de 261.920,28 euros, que completa o importante restante”.

A Aplu encargárase do control urbanístico do termo municipal

Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (Aplu) será a encargada de velar pola legalidade urbanística e o control das posibles infraccións que se cometan neste eido no Concello de Guitiriz.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e a alcaldesa de Guitiriz, Sol Morandeira, asinaron o convenio en virtude do cal Guitiriz se suma ao listado de concellos que delegan na Aplu parte das súas competencias polo que xa son 89 as

administracións locais galegas que están adheridas á Aplu.

Tras a sinatura, Vázquez Mejuto explicou que, en virtude destes convenios, os concellos ceden as competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística relativas a obras que se executen sen licenza nas seguintes clases de solo: en solo rústico ou non urbanizable, en solo urbanizable ou apto mentres non sexa aprobado o correspondente pla-

neamento de desenvolvemento, e en núcleos rurais delimitados no Pxom. Pola súa parte, a Aplu comprométese a transferir ás entidades locais adheridas un 10% do produto das multas coercitivas e das sancións que impoña.

Neste sentido, a conselleira felicitou á alcaldesa pola decisión xa que, lembrou, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente co único fin de garantir a protección do territorio e o respecto á legalidade.

A Deputación supervisa as súas obras

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, supervisou varias actuacións financiadas pola institución. Trátase da execución de obras de mellora en tres estradas que contan cun investimento de 263.000 euros e o proxecto de construción do Centro de Atención a Maiores na Casa da Botica, adxudicado en 1,2M€. A empresa adxudicataria do proxecto xa desmontou a cuberta do edificio vello e fixo un baleirado e retirada dos escombros, quedando só as paredes e as medianeiras do inmoble. Unha das actuacións en estradas, xa rematada, consistiu no arranxo da rúa Mercado, que, partindo da N-VI, discorre cara a parroquia dos Vilares, na LU-P-2301, debido a que as lousas de pedra natural, nalgúns casos esta-



Visita do presidente da Deputación ás obras

ban soltas e noutros romperan. Outra obra ten lugar na estrada provincial LU-P-2305, que vai dende A Pena Moscosa (N-VI) ata Parga. As obras consisten en dotar á estrada de beirarrúas en ámbolos dous lados, nun treito de 200 metros e de

canalizar as augas a través de tubaxe e sumidoiros.

A terceira foron os traballos de rehabilitación do firme da LU-P-2302, que comunica a capitalidade de Guitiriz co concello de Sobrado dos Monxes.

Organizan 87 cursos telemáticos

O Concello de Guitiriz ofrece para o mes de novembro 87 cursos gratuítos e telemáticos grazas ao acordo de colaboración alcanzado con Foro de Formación y Edicions SL.

As accións formativas, que irán renovándose mensualmente, abarcan un amplo abano de sectores. Levaranse a cabo a través das plataformas do Foro de Formación y Ediciones e estarán supervisados por profesionais con ampla experiencia no sector. Unha vez rematada a formación, os alumnos serán acreditados co título que lles recoñece que fixeron a formación e superaron as probas. Recibirán un título homologado pola Fundae e avalada polo Sepe. Para anotarse hai que poñerse en contacto co Concello vía telefónica.

Volven os Poemas pendurados de farolas

A NPG Nova Poesía Guitirica retoma a IV edición dos Poemas pendurados de farolas que nesta ocasión están adicados á pandemia. Poesía con temática social e actual, comprometida coa realidade e creativa que cada ano sae á rúa para a súa lectura.

Os poemas, dun folio e en formato word, poderán ser enviados ata o 15 de decembro aos correos npggaze@npggaze.com e dosvilares@gmail.com.

Cada poema será publicado nas redes sociais e editados conxuntamente nunha publicación dixital na web www.npggaze.gal para a súa descarga gratuít. Na segunda fin de semana de 2021, os poemas recibidos serán colocados nas farolas.

Reactivan o V Premio de poesía

O Concello reactivou a V edición do premio Xosé María Díaz Castro de poesía, que fora adiado no mes de abril por mor do Estado de Alarma. O novo prazo para presentar os orixinais, será ata o 19 de novembro.

Os poemas que se envíen deberán estar escritos en lingua galega e poderán ser de tema e forma libres, cunha extensión mínima de 500 versos. Non poderán concorrer ao certame os gañadores e gañadoras de anteriores edicións.

A obra gañadora terá un premio en metálico de 2.000 euros e ademais será publicada por Edicións Espiral Maior. O veredicto do xurado, que estará formado por tres persoas, darase a coñecer directamente ao gañador/a a través dos medios de comunicación, nun acto público despois do 19 de xaneiro 2021.

O Concello establece catro liñas de axudas para os estudantes

O Concello de Guitiriz dedica 25.000 euros a axudas para material escolar, transporte e redución da fenda dixital dirixida a estudantes do curso 2020/2021.

Todas as persoas interesadas terán un prazo de presentación que remata o vindeiro 19 de novembro.

A subvención consta de catro liñas. A primeira delas, destinada a material escolar para nenas e nenos de Educación Infantil (de 3 a 5 anos) e para aqueles alumnos de Bacharelato residentes en Guitiriz matriculados en centros municipais e de fóra do municipio.

A Liña 1 pretende cubrir as necesidades de material escolar, didác-

tico, librería e/ou reprografía así coma dispositivos adaptados a nenos/as con necesidades especiais.

A Liña 2 é a referida a axudas no transporte, destinado a alumnado de Universidade e Ciclos Formativos. Busca cubrir as necesidades de desprazamento do alumnado tanto ao lugar onde realiza a formación como de transporte interurbano se fora o caso.

A Liña 3 é a destinada á mellora da conexión dixital do alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria e da ESO. A finalidade é realizar unha mellora a través de contratos de liñas wifi, de suministro de datos ou doutros dispositivos existentes

no mercado.

A Liña 4 céntrase na adquisición de dispositivos tecnolóxicos. Irá destinada ao alumnado de 4º da ESO e Bacharelato empadroados no Concello de Guitiriz (aínda que realice os estudos en centros de fóra do Concello).

Esta última bolsa de financiación pretende cubrir a necesidade de dispositivos tecnolóxicos para levar a cabo tarefas e conexións académicas propias desta etapa como: ordenadores, portátiles ou tablets. Estas liñas de axuda son incompatible entre elas, é dicir, cada estudante só poderá optar a unha delas.

Guitiriz recibe a Flor de Honra polas súas zonas verdes

O Concello de Guitiriz recibiu onte unha Flor de Honra dentro do programa Vilas en Flor. Na reunión virtual celebrada para dar a coñecer o fallo do xurado, o Concello acadou esta distinción en recoñecemento aos seus plans de mantemento das súas zonas verdes.

A iniciativa quere recoñecer a traxectoria e as accións levadas a cabo polos municipios galegos na mellora e potenciación dos espazos verdes urbanos, a súa xestión sostible, a educación ambiental e a concienciación cidadá no coidado da contorna.

En concreto recoñécense as ac-

tuacións ambientais, labores de axardinamento, ornamentación floral, dotación de mobiliario urbano e creación de espazos lúdicos, encamiñadas a lograr a mellora estética e funcional do territorio.

Recoñeceuse o marcado carácter rural de Guitiriz, con espazos naturais vinculados á Rede Natura e cun elevado potencial para o goce da natureza. Destacouse tamén os catro roteiros de sendeirismo, coa súa brigada propia para a súa conservación e o persoal para o mantemento doutros espazos verdes da vila e a súa periferia.

O centro de saúde de Parga seguirá sen data de reapertura



Unha das protestas dos veciños polo centro de saúde de Parga

O Parlamento Galego debatiu unha iniciativa do BNG na que reclamaba de novo respostas á situación do centro de saúde de Parga, que pechou durante a pandemia e que ao finalizar a desescalada non recuperou a atención médica no centro deixando un uso só dos días á semana para extrac-

cións de sangue.

Na súa intervención, a xerencia do Sergas indicou que "a día de hoxe non está contemplado o peche definitivo do consultorio de Parga" pero tampouco deu unha data para a reapertura "nin das condicións que se teñen que dar para que abra algún día".

Rematan as obras no primeiro andar da casa consistorial

O Concello de Guitiriz rematou as melloras e redistribución de diferentes estancias situadas no primeiro andar da casa consistorial. O orzamento empregado para levar a cabo as obras foi de 40.000 euros.

Con este proxecto, conseguíronse reubicar postos de traballo co criterio dunha maior eficiencia e un organigrama máis axeitado ás necesidades actuais. Estas melloras aportan unha maior comodidade aos traballadores municipais, con maior transparencia e facilidade á hora de resolver as súas necesidades.

As actuacións levadas a cabo comprenden o peche dun posto de traballo, antes ubicado na zona de circulación, incorporándoo ó despacho anexo; a substitución dunha división existente entre os despachos que se



As renovadas instalacións guitiricenses

atopan detrás do ascensor, cunha porta de paso para facilitar a relación interna dos traballadores, e a división do actual despacho de alcaldía en dous.

O proxecto inclúe a dotación de mobiliario para os despachos e estancias resultantes.

Previamente, o Concello xa levou a cabo unha serie de pequenas modificacións para mellorar a accesibilidade na zona de atención ao público situada na planta baixa do edificio, substituíndo o mostrador existente por unhas mesas, máis baixas e funcionais.

PROMEDISA®
SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEDIA

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO

COMPRA ONLINE
www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715
AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374



Unha imaxe da nave que queren destinar a formación de canteiros

O PP reclama que a nave da Deputación pase a ser centro de formación de canteiros

O grupo provincial do PP reclama do goberno presidido polo socialista José Tomé a posta en servizo como centro de formación de canteiros da nave de que dispón a Deputación en Begonte, que hoxe só se utiliza como almacén de cousas varias.

O portavoz provincial dos populares, Javier Castiñeira, explica: "visitamos esta nave, que era o antigo taller de Manuel Mallo e atopamos, unha vez máis, un proxecto fallido do goberno provincial, do bipartito, pero especialmente dos presidentes socialistas: primeiro Besteiro, despois Dario Campos e agora José Tome". Sinala: "Son unhas instalacións formidables: nunha parcela de máis de

56.000 metros cadrados, unha nave de 5.800 metros cadrados, que en principio estaba destinada a taller de formación de canteiros e que hoxe fai de gran rocho provincial. Esa é a crúa realidade; unha mostra máis de como o goberno da Deputación non fai as cousas que prometen, porque en innumerables ocasións anunciaron o seu uso como taller de cantería e tal uso non se dá".

Castiñeira considera "inaceptable que, despois de tantos anos e de tantas promesas para poñer en valor o que debería ser un centro de formación profesional arredor da cantería e da construción, a nave só se use como almacén".

O Ceip Virxe do Corpiño estrea a cociña solicitada pola anpa

O Ceip Virxe do Corpiño inaugurou este mes unha nova dotación para o centro educativo, a nova cociña, que financiou a Deputación cunha achega de 3.500 euros a través dun convenio de colaboración coa anpa As Faias. Esta instalación permite aos 70 nenos e nenas do centro escolar ter unha infraestrutura para o seu obradoiro de cociña.

José Tomé recoñeceu o traballo da anpa Virxe do Corpiño, "un exemplo da colaboración exemplar das nais e os pais galegos no proceso educativo, este ano aínda máis destacada polos trastornos e a incerteza que a pandemia provoca ás familias. "É xusto recoñecer o sobreesforzo que afrontan neste inicio de curso".

A cociña financiada pola Deputación está equipada cun forno e un microondas, así como cun mesado de granito e un vertedoiro para que o utilicen os alumnos e alumnas que participan no obradoiro que se imparte no centro escolar. Ademais, a achega do organismo provincial inclúe un equipamento completo de utensilios de cociña.

AS FAIAS. A Asociación de Nais e Pais de Alumnos As Faias agrupa a unhas 34 familias do Ceip Virxe do Corpiño, o que supón un 70% do total do centro escolar. A proposta de contar



Deputados provinciais, na súa visita ao Ceip Virxe do Corpiño

cunha cociña para a o uso e aproveitamento da comunidade educativa do colexio partiu da directiva do centro e foi a anpa a encargada de darlle forma e de buscar a maneira de facer deste proxecto unha realidade. A idea é que cada mes se organice unha actividade, dirixida a diferentes grupos de idade co fin de que ao longo do curso todos os nenos e nenas teñan a oportunidade de participar en varios obradoiros, respectando en todo momento os grupos burbuilla e as medidas sanitarias de prevención da covid-19.

As actividades e obradoiros estarán dirixidos e impartidos polo equipo de profesorado do centro, que irá adaptando a temática de cada taller

ás materias e festividades que se vaian celebrando ao longo do curso académico. O primeiro obradoiro, no que participou o alumnado de Educación Infantil con motivo da festividade de Samaín xa se celebrou.

CLUB DE LETRAS. O Ceip Virxe do Corpiño resultou admitido nun novo programa de innovación educativa, o Club de Letras, que ten como obxecto potenciar o emprendemento, o pensamento crítico e creativo na área das Humanidades, as Artes e as Ciencias Sociais. Ademais, a admisión do colexio no programa de innovación suporá unha dotación económica para o centro de 1.000 euros.

Abren o prazo de inscrición das escolas deportivas pero aprazan o seu inicio

O Concello de Begonte abriu o prazo para inscribirse nas categorías de base do Concello de Begonte Fútbol Sala, nas que poderán participar todos os pequenos e pequenas da localidade que naceran entre 2017 e 2002, que corresponden ás categorías biberón, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil.

Debido ao empeoramento das condicións sanitarias, decidiron prorrogar o inicio de adestramentos ata mediados de novembro. Chegadas esas datas farase de novo unha valoración sobre a evolución da pandemia e informarase sobre a nova data de inicio. Ampliase o prazo de inscrición ata o 15 de novembro.

Esta deberá formalizarse no rexistro do Concello de luns a venres ou mediante a sede electrónica.

Este ano, as escolas terán un custe de 20 euros ao mes, agás na categoría biberón que serán a metade. Aplicarase unha redución do 15% para segundo fillo, do 25% para o terceiro e do 50% para o cuarto.

Iniciado o programa de atención podolóxica aos maiores

O Concello ofrecerá este ano un servizo de podoloxía aos seus veciños de idade avanzada co obxectivo de "favorecer o seu benestar integral", segundo indica o alcalde da localidade, José Ulla, nun comunicado. Para poder acceder a este programa unicamente é necesario

ter máis de 65 anos e estar empadroado no Concello.

Os interesados en sumarse deberán presentar a súa solicitude no servizo de atención podolóxica que xa está aberta. O bando indica que será necesario acudir ás oficinas municipais para asinar a solicitude.

terracháxa

xornal independente da chaira www.terrachaxa.com

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

MESÓN
MARTÍNEZ

C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522
mesonmartinez@hotmail.com



O GDR2: Dinamizando a economía do rural

62 proxectos beneficiáronse nos últimos anos das axudas para a creación de negocio



A Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá (GDR 2 Terra Chá), naceu no ano 2008. Dende o ano 2009 a 2015 xestionou as axudas LEADER 2007 -2013 e na actualidade está xestionando as axudas LEADER 2014-2020 para os concellos de Abadín, A Pastoriza, Begonte, Cospeito, Castro de Rei, Guitiriz, Muras, Riotorto, Vilalba e Xermade. Estas axudas van destinadas tanto á creación como á ampliación de

actividades económicas. O número de proxectos beneficiarios de axuda Leader no período 2014 -2020 foron 62, 42 proxectos produtivos, 13 non produtivos públicos e 7 non produtivos privados. Consolidáronse 304,23 UTAs e creáronse 29,08 UTAs. Ademais colabora coa Secretaría Xeral de Igualdade en proxectos contra a violencia de xénero. No ano 2019 realizou e repartiu nos concellos una pequena guía para a

prevención da violencia de xénero nas mulleres da Terra Chá (esta guía atópase en formato pdf na páxina web da asociación).

En este ano 2020 vai entregar nos concellos 1700 máscaras hixénicas reutilizables para que estes as repartan entre colectivos desfavorecidos. Estas máscaras reutilizables están confeccionadas por Soulen, que é unha asociación de mulleres que sufriron violencia de xénero.

CONVOCATORIA	INVESTIMENTO	IMPORTE AXUDA	CONSOLIDADOS	CREADOS
2017-2018	2.193.593,24	972.226,66	52,96	6,25
2018-2019	1.895.338,38	951.694,01	65,01	4,08
2019-2020	2.017.687,92	880.427,34	121,15	14,00
2020-2021	990.210,45	469.920,62	65,11	4,75
TOTAL CONVOCATORIAS	7.096.829,99	3.274.268,63	304,23	29,08



Proxectos produtivos convocatoria 2020-2021

PROXECTO	CONCELLO	INVESTIMENTO	AXUDA
Ampliación de instalacións e maquinaria para centro autorizado de tratamento de vehículos	A Pastoriza	364.798,77	170.543,42
Dotación de equipamento para aumento de produción para empresa cárnica	Riotorto	16.814,20	7.776,57
Adquisición e acondicionamento de nave para distribución de equipos de ordeño robotizados	Castro de Rei	90.174,00	41.480,04
Maquinaria para o manipulado de patacas	Vilalba	8.400,00	3.790,08
Centro de lavado e desinfección de cisternas e vehículos	Guitiriz	429.964,82	190.336,28
TOTAL		910.151,79	413.926,39

Na convocatoria 2020-2021 hai 11 proxectos produtivos en reserva cun investimento privado de 1.351.451,97 euros e que no seu caso corresponderíanlle 536.054,44 euros de axuda pública.

Proxectos non produtivos convocatoria 2020-2021

PROXECTO	CONCELLO	INVESTIMENTO	AXUDA
Construción de parques biosaudables en San Xiao de Mos e Pacios	Castro de Rei	28.759,66	24.445,71
Reforma e acondicionamento do Centro Social de Galegos	Riotorto	51.299,00	31.548,89
TOTAL		80.058,66	55.994,60

ONDE INFORMARSE

Para máis información pode acudir as oficinas da Asociación para o Desenvolvemento da Terra Chá – GDR2 en Vilalba.

Web
<http://www.terrachanaturalmente.org/>

Teléfonos de contacto
982 512 369 / 982 523 013
terrachanaturalmente@gmail.com

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, rúa Carmiña Prieto Rouco s/n.



Espazo de venda ao público no polígono Sete Pontes de Vilalba

Queixería Fontelas

Fontelas é unha queixería artesanal e familiar inscrita na DOP San Simón da Costa, que elabora e comercializa os seus produtos no mercado nacional e internacional baixo o selo Fontelas e Vidueiro. Na actualidade dispoñen de dous centros de traballo, un en Lobán e outro no polígono industrial Sete Pontes de Vilalba.

O proxecto consistiu na ampliación e mellora da tenda de venda directa coa renovación interior e exterior colocando neveiras expositoras, ampliando o mostrador e poñendo vinilos e madeira nas paredes, así como a colocación dun letreiro luminoso exterior.

No exterior colocouse un peche de alumi-

nio acristalado a modo de porche que fará de abrigo á entrada ao mesmo tempo que mellorará a estética da mesma. Instalouse tamén un letreiro na parte superior dereita da nave.

Tamén se destinou a axuda á creación dunha páxina web a cal foi actualizada cunha imaxe moderna e con fotos e contidos elaborados con novo material gráfico.

DATOS

- Inversión: 20.314,05 €
- Axuda Leader: 7.465,41 €
- Axuda: 36,75%
- Consolidación de Emprego: 3,33 UTAS

Gasolineira en Abadín

O proxecto consistiu na creación dunha gasolineira na parroquia de Galgao-Abadín que dá servizo tanto ós usuarios da N-635 como da autovía do Cantábrico A-8. Para isto urbanizouse a parcela, dispoñendo dunha ampla zona para o estacionamento e outra con almacenamento e venda de carburante.

Esta zona está cuberta por tres marquesiñas de protección, cunha superficie de 352,70 metros cadrados. A gasolineira está equipada coa instalación mecánica de descarga de produto nos tanques cun camión cisterna, a carga de carburante nos vehículos e a recuperación dos vapores e ventilación dos

tanques. Dita instalación está composta por catro tanques de almacenamento de 30.000 litros, bombas de impulsión, surtidores e tubaxes. Ademais, conta coa instalación de saneamento, que ten a rede de augas hidrocarbúridas, as fecais e as pluviais.

DATOS

- Inversión: 260.156,33 €
- Axuda Leader: 130.078,16 €
- Axuda: 50 %
- Creación de Emprego: 2,5 UTAS
- Consolidación de Emprego: 4,07 UTAS



A gasolineira promovida por Tartas de Mondoñedo está en Abadín ao lado da A-8

Ampliación instalacións



As novas instalacións de secado de Xardinor, en Xermade

A empresa Xardinor ampliou as súas instalacións, ubicadas en Xermade, coa construción dunha nave e a instalación dun secadoiro.

A empresa fabrica estruturas de madeira, con tratamento previo para construcións de intemperie. O proxecto consistiu nun sistema de secado de madeira de dúas fases, secado natural e acelerado. Para levar a cabo o secado natural constrúese unha nave na que se dispón a madeira en baixo cuberta posibilitando a circulación de correntes e de aire. E para levar a cabo o secado acelerado instálase un secadoiro de atmósfera controlada e unha caldeira.

As novas instalacións posibilitan que tran-

forme a madeira nas referidas estruturas, por conformado e posterior tratamento, incluso o premontaxe das mesmas. Estas sitúanse na finca colindante norte, que resulta unha ubicación idónea, aínda que polo seu desnivel implica a corrección do mesmo que se solucionou coa construción dun muro de contención entre ambas parcelas e unha rampla que as comunica.

DATOS

- Inversión: 236.315 €
- Axuda Leader: 102.206,23 €
- Axuda: 43,25%
- Consolidación de Emprego: 7,25 UTAS

CIA e parque en Muras



Exterior da Casa do Médico, agora Centro de Interpretación Ambiental de Muras

O Concello de Muras adecuou a parcela da coñecida como Casa do Médico como Centro de Interpretación Ambiental, así leváronse a cabo as obras de recuperación deste espazo para o uso e o disfrute dos veciños e dotar ao mesmo tempo ao Concello dun parque biosaudable.

A proposta contemplaba a conexión do patio e a parcela cunha escaleira de tres tramos; a adecuación do patio traseiro colocándolle un novo pavimento, un muro de formigón e a construción dunha xardineira paralela ao muro para xerar un filtro

verde; así como a urbanización da parcela superior deixando unha parte pavimentada e vinculada directamente coa escaleira e o patio, recuperando os muros de pedra existentes que conforman os distintos bancais e formando un miradoiro na parte superior. Ademais fíxose un circuito biosaudable co fin de contribuir ao envellecemento saudable, dinámico e autónomo da poboación,

dividido en dúas zonas e composto por equipos de ximnasia deseñados para manter a práctica física de adultos en especial para maiores de 60 anos.

DATOS

- Inversión: 72.708,49 €
- Axuda Leader: 62.892,85 €
- Axuda: 86,50 %



As instalacións da lavandería en Castro Ribeiros de Lea

Lavandería AquaTella

Adecuar un local para instalar unha lavandería de autoservizo en Castro Ribeiros de Lea era o obxectivo de AquaTella

Esta lavandería conta con dúas lavadoras, unha de 9kg e outra de 17kg, e dúas secadoras de 17kg onde se poden lavar e secar mantas, edredóns, nórdicos, coada diaria, cortinas, etc, que moitas veces é imposible nas máquinas domésticas. É un proxecto innovador ubicado no Concello de Castro de Rei no que non existía este servizo. Ademais de que é unha proposta dunha emprendora que crea o seu propio posto de traballo.

É un negocio interesante sobre todo no inverno xa que polo clima que existe en Galicia a roupa non seca ben, por iso as má-

quinas secadores son as máis demandadas, incluso para a coada diaria.

Leva funcionando dende o 13 de setembro de 2019 pero ao pouco chegou a covid-19, e agora seguen manténdose.

O local é moi amplo e atopábase en obra cando o collaron e con esta axuda púidose facer realidade a idea de negocio.

DATOS

- Inversión: 45.010,69 €
- Axuda Leader: 20.367,34 €
- Axuda: 44,25 %
- Creación de Emprego: 1 UTA

Pensión en Parga



Interior da pensión de Parga

O proxecto consistiu na compra dunha casa para adecuala como pensión. Está situada na contorna do BIC do conxunto histórico do Castelo de Parga e do Camiño Norte. A promotora construíu un establecemento de turismo a partir dunha vivenda e anexo onde a planta baixa conta cunha recepción, sala común, aseo, comedor, un dormitorio dobre adaptado e con baño, tres dormitorios familiares con baño e unha sala común con comedor e cociña. A primeira planta ten dous cuartos dobres e dous cúdruples, todos con baño. Ten capacidade para 26 persoas.

Para estes traballos respetáronse os elementos existentes ao máximo e desenvóléronse a partir do vaciado interior da edificación mantendo as fachadas de

pedra e a estrutura de forxados e cuberta existentes, aínda que repoñendo o entrevigado que se atopaba en risco de desplome. Un dos anexos tamén se ampliou con estrutura de muro de termoarilla e vigas de madeira lamidada. Os ocios de fachada mantivéronse en todos os casos aínda que se realizaron ampliacións nalgúns casos e abríronse algúns máis por cuestións de alumeado e ventilación.

DATOS

- Inversión: 300.099,91 €
- Axuda Leader: 113.287,72 €
- Axuda: 37,75 %
- Creación de Emprego: 1,5 UTAS

Maquinaria-Muebles Vidal

A empresa riotortense decidiuse a presentar o proxecto de compra dunha máquina procesadora para a fabricación de mobles especiais e con elo seguir proporcionando calidade, atención e bo servizo aos seus clientes.

O proxecto consistiu na adquisición dun centro mecanizado de última tecnoloxía. Con esta máquina conséguese un maior aproveitamento da materia prima utilizada ao facer o corte de varias pezas sobre o mesmo taboleiro. Todo isto permite a mellora do medio ambiente ao conquistar un menor volume de desperdicios.

Tamén se pretende lograr unha redución do tempo de fabricación xa que por ordenador fanse os cálculos necesarios para todos os cortes.

A comercialización dos seus mobles exténdese máis alá de Galicia, chegando a Asturias e León, e incluso a Gran Canaria.

DATOS

- Inversión: 120.000 €
- Axuda Leader: 52.500 €
- Axuda: 43,75 %
- Consolidación de Emprego: 13,50 UTAS



Interior das instalacións de Muebles Vidal en Riotorto

Eficiencia enerxética



Tallado da Casa Grandela cos novos paneis para autoconsumo

A granxa de Casa Grandela, situada en Santa María de Outeiro, Castro de Rei, viu mellorada a súa factura eléctrica grazas á instalación dun sistema de xeración de enerxía eléctrica fotovoltaica que lle permite transformar a enerxía solar en enerxía eléctrica.

O proxecto, xa feito a finais do 2018, consistiu na instalación dun sistema de arredor de 40 paneis no tellado para autoconsumo para a granxa de vacas de leite.

Este sistema mellora a factura eléctrica e sobre todo nótase nos días de verán pola diferenza dos días luminosos e as horas de sol.

Xunto a este cambio eléctrico fíxose tamén o cambio no sistema de limpeza do establo o que permite un aforro de consumo grande de enerxía eléctrica.

Nesta granxa agradecen moito esta axuda xa que "senón sería moi difícil de amortizar".

DATOS

- Inversión: 40.537,50 €
- Axuda Leader: 16.316,34 €
- Axuda: 40,25 %
- Consolidación de Emprego: 3 UTAS



Interior da Casa Galocha onde se ubica o CIN de Bretoña, na Pastoriza

Museo na Casa Galocha

O Centro de Interpretación de Bretoña, que está en continuo crecemento ofrece un claro e explicativo percorrido pola historia da diocese de Bretoña e o legado do pobo bretón no territorio galego.

Forma parte dun proxecto máis amplo do Concello da Pastoriza de converter a Casa Galocha nun fito de referencia comarcal, ao instalar na planta baixa un Museo da Diocese de Bretoña.

Esta vila conta cun rico pasado e este e as súas intrahistorias son o ámbito temático do Museo. Non é tan só o relato da historia da institución relixiosa senón de toda unha época.

O CIN leva aberto máis dun ano e este verán incorporáronse novos elementos ao

cartel expositivo do centro, que non serán só relixiosos como ata o de agora senón tamén será o lugar no que se ubicarán os novos achados do Castro de Saa, así como dous coitelos da época, contas de doas, pedras de muíños e outros achados arqueolóxicos dos últimos tempos.

Ademais realizouse a formación de contidos e mobiliario.

DATOS

- Inversión: 84.500 €
- Axuda Leader: 64.220 €
- Axuda: 76 %

Telecentro en Begonte

O Concello de Begonte acometeu os traballos de reforma e acondicionamento interior da planta baixa dun edificio que antes ocupaba a Cámara Agraria e situado xunto á casa consistorial, na praza Irmáns Souto Montenegro.

O Concello adquiriu esta emblemática edificación co obxectivo de rehabilitalo e darlle un uso municipal. A chegada das novas tecnoloxías e a necesidade deste aprendizaxe fixo que se plantexara utilizalo como telecentro e aula de formación.

Así, hoxe, o telecentro acolle unha aula de informática e destinará o resto dos espazos dispoñibles ás asociacións para que reali-

cen cursos e actividades orientados principalmente ás persoas maiores e tamén á mocidade e o seu aprendizaxe tecnolóxico. A planta baixa conta con 150 metros cadrados onde se ubica o telecentro e unha aula de formación que permitirá a realización de cursos, presentacións e reunións, entre outras actividades.

DATOS

- Inversión: 74.321,53 €
- Axuda Leader: 63.173,30 €
- Axuda: 85 %



Unha das salas do telecentro de Begonte dedicouse a sala de informática

Parque saudable e sendas



O novo parque biosaudable do Concello de Cospeito, realizado en Vilar de Ardilleiros

No espazo verde situado en Vilar de Ardilleiros, Feira do Monte, está asentado un parque biosaudable que ten como obxectivo a rehabilitación e posta en valor do espazo, así como, a súa conexión co LIC Parga-Ladra-Támoga, de tal modo que se aposte pola conservación e preservación da flora e fauna autóctonas cos principios de xerxardinería.

Este proxecto axuda á mellora na calidade de vida dos veciños ao estar dotado de equipos útiles para o traballo aeróbico, coordinación, mobilidade articular, flexibilidade e relaxación, contribuíndo ao envellec-

mento activo, dirixido aos maiores.

Ademais, o parque complétase cunha cunha con torna de árbores e zonas verdes que conectan con sendeiros para reforzar e fomentar a conservación, a curiosidade e o medio ambiente, así como, o patrimonio natural e cultural do territorio.

DATOS

- Inversión: 43.558,01 €
- Axuda Leader: 35.935,36 €
- Axuda: 82,50 %

Obradoiro de carpintería



Instalacións do Centro Ocupacional de Vilalba

O proxecto receptor da axuda consiste na implantación dun obradoiro de carpintería nas instalacións que posúe o Centro Ocupacional vilalbés, que xestiona a Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba-Terra Chá.

Os investimentos foron para a adquisición de maquinaria e a mellora da distribución da nave para illar

este obradoiro dos restantes. Trátase dun servizo de carácter formativo e terapéutico que permite a ocupación do tempo da estadia diaria dos usuarios do centro.

Os destinatarios do proxecto son os usuarios

do centro ocupacional, todos persoas adultas e con discapacidade intelectual procedentes de concellos da comarca.

DATOS

- Inversión: 21.300,35 €
- Axuda Leader: 16.507,7 €
- Axuda: 77,50 %

O PSOE leva ao Parlamento a contratación da muller do alcalde

A secretaria Provincial do PSdeG e deputada Autonómica, Patricia Otero, acompañada dos concelleiros socialistas de Riotorto, José García e Francisco Fernández, anunciou diante do Concello, que reclamará ao Goberno de Feijóo, a través dunha iniciativa no Parlamento de Galicia, que aclare o procedemento do proceso selectivo da contratación dunha praza de administrativa neste concello. Unha convocatoria na que só houbo dúas aspirantes, e conseguiu a praza a muller do alcalde de Riotorto.

A dirixente socialista preguntalle a Elena Candia “si ampara este tipo de procedementos selectivos do alcalde de Riotorto”. E puntualiza “párecenos moi sorprendente que só se presentaran dúas persoas a esta convocatoria, cando os únicos requisitos que se requirían neste proceso era estar en posesión do título de EXB”, entre outros. Ademais sinala que “nunha situación excepcional como a que estamos a vivir, non é comprensible que para unha praza destas características non se publicitara nin no BOP, nin nas redes sociais do propio Concello”, replica.

“Tal e como aparece nas bases da convocatori é o propio alcalde quen asina estas bases, na que saíu seleccionada á súa propia muller”, advirten o voceiro Socialista de Riotorto, Jose García. Así as cousas denuncia que “o alcalde de Riotorto, a día de



Os socialistas denunciando, diante da casa consistorial de Riotorto

hoxe non dixo ni mu para explicar o proceso desta contratación da súa muller no Concello. Por iso pedimos que dende a súa responsabilidade política dea a cara diante dos seus veciños e veciñas. Todo este procedemento esta cheo dunha falla de ética sen precedentes na historia desta vila”, denunciou.

SEN COPIA DOS EXAMES. O Grupo foi convocado, para recoller nas dependencias municipais, parte da copia dos expedientes da contratación das 3 prazas, que se corresponden cunha de albanel, outra de xardineiro e unha de administrativa, seleccionadas a través do Plan De emprego da Deputación. Os concelleiros puideron acceder a ler ás actas do tribunal, pero non se lles fa-

cilitou copia da mesma, nin tampouco dos exames. A documentación que se lles entregou era un total de 17 folios nos que se incluían as bases da convocatoria, correos entre o tribunal sobre as bases e certificados da publicación no tablon dixital do concello, entre outros.

Este proceso comezou o día 1 de outubro cando o PSOE comprobou nas dependencias municipais que a muller do alcalde ocupaba unha praza de administrativo no Concello. O día 5 de outubro rexistraron un escrito no Rexistro para coñecer o proceso de contratación deste novo posto de traballo. Transcorrido o prazo sen resposta, o Grupo Socialista volveu rexistrar outra petición o 27 de outubro e foron convocados 30 días despois de solicitalo.

O Concello acomete obras por valor de 202.000 euros



Obras rematadas en Val

O Concello de Riotorto iniciou xa algunhas das obras previstas para este ano con cargo ao Plan Único da Deputación, obras que terán un orzamento total de 202.212 euros e que se destinarán principalmente ao asfaltado de camiños e accesos. Así, xa rematou a obra de acceso aos núcleos de Val, Mundín, Lourido e Cachán, que teñen un orzamento de 51.644 euros, dos que o Concello aporta 6.644.

Tamén se rematou o proceso de mellora dos accesos ao núcleo de Moxueira, que ten un orzamento total de 34.400 euros, dos que o Concello aporta 8.400.

O resto de obras, tal e como informou o alcalde, Clemente Iglesias, desenvolveranse despois do Nadal. Unha delas será a mellora de accesos ao núcleo de Vilaseca, que ten un orzamento de 51.629 euros e unha aportación municipal de

6.829. Continuarán tamén cos accesos ao núcleo de Azoreira, Cima de Vila e Torrentas, orzamentado en 45.253 euros e tamén con aportación municipal de 5.253 euros.

Completan os proxectos de obras os 14.628 euros que se destinarán ao telecentro e para o servizo de augas do Concello, concretamente no depósito de Teixeira. O Concello destinará 4.628 euros dos seus fondos para esta obra.

Non falta tamén o proxecto de iluminación do campo de fútbol de Riotorto, que ten un presuposto de 4.658 euros, dos que 1.658 serán fondos propios.

Ademais do asfaltado, os cartos do Plan Único irán dirixidos ao SAF, que se leva 22.100 euros. Tamén 44.314 serán para programas de fomento do emprego e mil para actividades culturais. 1.200 euros se destinarán ao deporte.

Solicitan á Deputación a licitación do polígono

O grupo municipal do PP insta ao goberno da Deputación “a cumprir os compromisos adquiridos e adoptar as medidas necesarias para sacar adiante os parques empresariais proxectados. Un dos polígonos pendentes é o de Riotorto”.

O portavoz provincial, Javier Castiñeira, e o alcalde, Clemente Iglesias González, visitaron os terreos “nos que xa tería que estar operativo este necesario, esperado e demorado pola Deputación parque empresarial”. Neste senso, solicitan ao presidente desta institución que inclúa nos orzamentos esta partida.

Javier Castiñeira destaca que “o presidente da Deputación, que ao pouco de iniciado o actual mandato asegurou que o organismo provincial atendería os compromisos adquiridos por Suplusa, dixo moito máis recentemente, en sesión plenaria, que os protocolos establecidos polo organismo provincial non serven para

nada. E aínda máis recentemente, na sesión plenaria celebrada no pasado mes de setembro, a deputada socialista Mayra García e a nacionalista Mónica Freire presentaron unha emenda a unha moción do PP na que pedían que se retirase un punto da proposición na que se instaba á Deputación a cumprir todos os compromisos adquiridos por Suplusa en canto a creación de parques empresariais; queda claro, por tanto, cal é a verdadeira vontade do bigoberno”.

“En catro anos, o Concello foi conseguindo tódolos informes sectoriais e legais precisos para que o parque empresarial fose unha realidade. O proceso de tramitación administrativa finalizou o 12 de novembro de 2019, coa aprobación definitiva do proxecto de urbanización, que ten un orzamento de 402.250,48 euros. Agora é a Deputación a que ten que subrogarse nos seus compromisos cos proxectos desta provincia”, din.



O alcalde e Castiñeira, visitando a zona

EN BREVE

SUBASTA. A Delegación de Economía de Facenda procederá á venda de fincas da concentración parcelaria nas parroquias de Espasande e Meilán, mediante subasta pública. Trátase de tres parcelas, dúas en Meilán, de 9.800 metros cadrados e de 845, e outra en Espasande de 3.385. Os que desexen participar deberán presentar oferta en sobre pechado coa poxa antes do 19 de novembro na Delegación de Facenda.

DISPOÑEMOS DE LOTES DE NADAL PARA EMPRESAS

AGRADECE, COMPARTE E ILUSIONA



SOLICITEN INFORMACIÓN A TRAVÉS DE:

Telfs: 982 512 875 / 670 768 334

E-mail: administracion@distega.es

RESERVAS ATA O 27 DE NOVEMBRO
(A partir de esta data consultar STOCK)



Rúa da Macifeira, P.47
Pol.Ind. Sete Pontes 27800
Vilalba (Lugo)

castro de rei

O Ceip Ramón Falcón súmase ao programa Biblioteca Creativa

Un total de 14 centros educativos da provincia de Lugo (tres deles de nova incorporación e outros 11 que renovan a súa continuidade) participan neste curso no programa Biblioteca Creativa da Xunta que ten por obxectivo impulsar, desde a biblioteca escolar, un espazo creativo de aprendizaxes no que o alumnado poida experimentar e investigar con todo tipo de recursos; e para o cal a Consellería aporta os recursos. Na comarca chairga o beneficiario é o Ceip Ramón Falcón, de Castro de Rei. No conxunto de Galicia haberá este curso un total de 102 centros educativos de infantil e primaria incorporados ao proxecto (25 deles de nova incorporación e outros 77 que renovan a súa continuidade). Por provincias, na Coruña haberá un total de 38 centros adheridos (10 novos e 28 que renovan), en Lugo 14 (tres novos e 11 que renovan), en Ourense 11 (dous novos e 9 que renovan) e en Pontevedra 39 (10 novos e 29 que renovan).

O Concello inicia obras en vías rurais e beirarrúas

O Concello de Castro de Rei está a iniciar estes días varias obras de reparación e acondicionamento de vías en diferentes parroquias do termo municipal.

Con cargo ao Plan de Camiños da Xunta estase a facer a vía que une as localidades de Quintela e San Martiño de Goberno, “unha vía moi transitada xa que prolonga por dúas zonas de concentración parcelaria”, explica o alcalde, Francisco Balado. Esta obra ten un orzamento de arredor dos 65.000 euros co obxectivo de botar rego asfáltico de tres capas.

Despois con cargo aos fondos municipais estanse a acometer obras tamén nas parroquias de Triabá, San Martiño de Goberno e Santa Leocadia, correspondentes a un proxecto que estaba presupuestado en algo máis de 45.000 euros.

Así mesmo, tal e como explica Balado, se están a facer traballos de bacheo, con cargo a recursos

proprios, en distintas parroquias. Xa finalizaron os realizados en Pacios, Prevesos e Ponte de Outeiro e agora actuarán nas zonas de Azúmara, Loentia e Ludrio.

BEIRARRÚAS. O Concello de Castro de Rei licitou xa as obras das beirarrúas na calle Alcalde Emilio Sinde Nieto, nas que se investirán 99.600 euros procedentes do Plan Único da Deputación.

Os traballos consistirán na renovación da superficie das beirarrúas nesta vía no tramo que vai dende a intersección con avenida Aviación Española ata o enlace coa rúa Manuel Becerra, que corresponde a un tramo de 300 metros.

Nun primeiro momento elimínase o pavimento de baldosa existente para colocar novos bordos e un pavimento de formigón de 12 centímetros de espesor.

O prazo de execución do proxecto é de dous meses.

Recuperan a Fonte da Virxe



Unha imaxe da Fonte da Virxe de Duancos

O Concello recuperou a Fonte da Virxe, situada na parroquia de Santa María de Duancos, nas inmediacións da Vía Rexia, variante do Camiño Norte de Santiago que unía Santirso de Abres con Lugo.

Os traballos desenvóléronse en dúas fases; nunha primeira levouse a cabo a limpeza e roza do lugar onde se ubica, así como todo o tramo de camiño por onde discorre a Vía Rexia, traballos que foron realizados por parte das brigadas municipais de incendios. Nunha segunda fase, levouse a cabo o vaciado do vaso da fonte; situado ó nivel do chan, onde sae o manancial, así como o acondicionamento do rego de desaugue.

A importancia desta fonte deriva dende tempo inmemorial, sendo un manancial o que os veciños sempre lle tiveron moito apego e devoción, estando situado ademais nun enclave primitivo, as inmediacións da Vía Rexia, e igualmente preto da igrexa, así como do lugar onde durante séculos se celebrou a feira de Duancos, ata que a finais do século XIX trasladouse a Castro Ribeiras de Lea.

Nos últimos anos a fonte estaba case desaparecida pois a terra do ribazo desprendérase e quedou tapada.

Coa recuperación da fonte, levouse a cabo a identificación da mesma, colocando un sinal de madeira que mantén vivo o topónimo.

A CHMS limpa o río Azúmara ao seu paso por Castro de Rei

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, intensificou os traballos de mellora a capacidade de desaugadoiro do río Azúmara ao seu paso polo municipio de Castro de Rei.

Desde a CHMS programáronse actuacións urxentes ao detectar unha importante presenza de árbores e ramas caídas cara ao leito e marxes, así como múltiples árbores secas nas beiras; ademais de tramos con abundante vexetación que dificultaba o tránsito en ambas as marxes.



Estado no que estaba o río

Para solucionar esta problemática traballouse, desde o pasado mes de agosto, na retirada de árbores caídas

ou secas ou, en casos moi puntuais, desestabilizados con perigo de caída ao leito, que provocaban a acumulación de restos arbóreos e tapóns, afectando ao discurrir das augas; tamén se realizaron podas sanitarias e resalvos para mellorar da estabilidade da vexetación e para facilitar o fluxo en casos de inundacións.

Estas actuacións, que finalizarán ao longo do mes de novembro, están a ser realizadas por unha brigada composta por 5 operarios especializados.

Sandamil pasa a presidir Fefriga e representará a Lugo en Conafe



A nova xunta directiva de Fefriga

Manuel Sandamil foi elixido presidente da xunta directiva da Federación Frisona Galega (Fefriga). Ademais será o representante galego na Confederación de Asociacións de Frisona Española (Conafe) e na asemblea de Xenética Fontao.

Sandamil ocupaba ata o de agora a presidencia de Africor Lugo e é o responsable da SAT A Vereda de Castro de Rei. Ten como tarefa principal a fusión das catro Africor galegas, un proceso que se ve longo.

A xunta directiva estará composta por Manuel Sandamil Cabana de Lugo como presidente, Fernando Suárez Mouro de Coruña como vicepresidente, Jesús Manteiga

Claro de Pontevedra como secretario, Manuel Villaverde Salgueiro de Pontevedra de tesoureiro e Gonzalo Balea Vázquez de Lugo de interventor.

Como vogais quedan Andrés Formoso Vázquez de Coruña, Juan Aguiar Jorge de Ourense, Antonio Pérez Castro de Ourense. Ademais, a Asemblea Xeral queda composta por José Javier Casás Gómez e Ramón Bodelo Pichel de Africor-Coruña; José Alberto Iglesia Vila e José Manuel Castro Nuñez de Lugo; Domingo Antonio Videira Barja e Abelardo Mosquera Seoane de Ourense, e Miguel Madriñán Albor e Esteban Gestoso Bello de Pontevedra.

ELECTRICIDAD

MONCHO **SANTOME**

FOLGUEIRAS INVERSIONES SL

FINALIZAN OBRA EN CALLE FOZ, 6
A 150 m da Praza da Constitución
Vivendas de 2 e 3 dormitorios

982 512 444 - 659 080 853 / www.folgueirasinversiones.com

Desexamos saúde e ánimo. Nunca choveu que non escampara!

O Goberno local aproba a mellora do abastecemento

O Concello aprobou en Xunta de Goberno Local o proxecto de Mellora da rede de abastecemento de Castro de Rei na súa primeira fase. Este paso dáse tras rematar o prazo de información pública. O proxecto está previsto que sexa licitado por Augas de Galicia cun orzamento total de 628.000 euros onde o Concello aportará o 20% do custe total, que financiará a propia entidade autonómica.

“Dende o Concello valoramos moi positivamente a execución desta obra, que sen dúbida vai mellorar a distribución na rede de abastecemento de auga en distintas parroquias como Bendía, Matodoso, Triabá, San Xiao de Mos, Ribeiras de Lea, Castro Ribeiras de Lea, Duarría e Loentia xa que nos últimos anos



Carballeira de Castro de Rei

tivemos períodos de escaseza coincidindo cos meses de verá, nos que se incrementan as temperaturas”, explica o alcalde, Francisco Balado. A previsión do

Concello é conseguir rematar as obras a mediados do ano 2021, “momento no que os problemas de falta de abastecemento quedarán solucionados”, di.

O PSOE pon o exemplo de Castro na agrupación de unitarias

O portavoz de Agricultura do Grupo Socialista, Martín Seco, acusou ao goberno galego de provocar a carencia de recursos públicos no rural, xerando un “grave risco” nunha poboación especialmente sensible fronte á covid. O responsable socialista apunta que o agrupamento de alumnos, que ademais comparten bus con persoas de maior idade, unido á supresión de recursos sanitarios, dificulta a xestión da chegada da pandemia.

Seco afeoulle ao goberno galego que desaproveitara a maior dispo-

ñibilidade de espazo nos centros educativos do rural continuando precisamente neste ano coa supresión de escolas unitarias, como foi o caso de Luaña –Brión ou Comiáns –A Laracha-, mentres continúan co agrupamento de alumnos en A Baña, Castro de Rei ou Melide, pasando de en torno a 15 alumnos a 25.

Mentres, agrupan a tódolos nenos doutros concellos nun só centro educativo, como son os casos de O Incio ou Castroverde, onde “no caso dun brote poñemos en risco á totalidade das familias

con fillos do Concello”. Esta é a consecuencia, dixo, de continuar coas políticas de concentración do alumnado para evitar dotalos de maior dotación económica cando estes centros contan con “espazos suficientes para poder ter unhas ratios de alumnos menores”. Ademais, sinalou, nestes concellos rurais “os escolares comparten bus con outras persoas de maior idade nos chamados buses compartidos, aumentando así o risco de contaxio” para unha poboación altamente envellecida.

O IES convoca un concurso de microrrelatos de terror

O IES da Terra Chá José Trapero Pardo de Castro de Rei vén de convocar unha nova edición do Concurso de Microrrelatos de Terror, na que xa é a súa quinta edición. Trátase dunha iniciativa coa que se pretende fomentar a creación literaria aproveitando esta época do ano.

Os alumnos interesados en participar deberán presentar a súa obra antes do venres 13 de novembro, por correo electrónico a bbtk@iesdaterracha.net ou a través de Instagram na biblioteca do centro [@bbtk.iesterracha](https://www.instagram.com/bbtk.iesterracha).

Admítese contos, anécdotas ou



relatos cunha limitación de cen palabras, que se disputarán dous premios.

O BNG laméntase do estado dalgunhas zonas verdes

O BNG en Castro de Rei requeriu ao goberno municipal o adecentamento dos espazos e instalacións públicas de Castro de Rei, como por exemplo son o colexio, a gardería, o centro de saúde ou a área de autocaravanas, entre outros.

Desde o bloque resaltan que estes desperfectos producidos nos espazos públicos están presentes dende fai moito tempo, ao cal non se aplicou ningunha medida ou actuación por parte da alcaldía.

Digna Lagarón declarou “as inmediacións do centro de saúde, do colexio, da gardería ou o espazo de autocaravanas manteñen a mesma situación de suciedade dende fai varios meses, sen arranxo das zonas axardinadas e cheos de silveiros, este é o tipo de servizo público que amosa este goberno”

No mesmo sentido, sinalou que “a situación que padecen os nosos



Unha das zonas verdes

rueiros como os edificios é froito do desleixo deste goberno, a nosa veciñanza non merece ir pola rúa chea de silveiros ou que o noso colexio permaneza cheo de pintadas con contido sexista e machista” ao que engadiu “desde o bloque cremos que hai que garantir a seguridade e o mantemento das instalacións de todas e todos, proporcionar un servizo público de calidade” Digna Lagarón.



GRANXA GAYOSO CASTRO. No recinto feiral de Adai, no concello do Corgo, celebrouse a XCIV Poxa de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Gallega. Esta cita, na que se presentaron un total de 18 exemplares, foi a única poxa que Acruga realizou, posto que as demais non puideron levarse a cabo por motivo da covid-19. Do total das 18 cabezas de gando, Acruga presentou 8 xatas preñadas entre os 25 e 30 meses procedentes da Granxa Gayoso Castro cun prezo de saída de 1.900 euros.

construferr

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN E SANEAMENTO
PABLO RABADE PAREDES

Saneamietos, construción e ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 · VILALBA (LUGO) · Telf: 982 511 200

O barrio rabadense da Ponte conta con novo alumeado

O Concello de Rábade vén de poñer en servizo a nova iluminación do Barrio da Ponte e de rematar a súa primeira fase de rehabilitación, a segunda atópase nestes intreos en fase de licitación.

Así mesmo, dentro deste plan de actuación, están planificando unha limpeza integral da Ponte Medieval, así como a limitación do tráfico pesado por dito vestixio histórico.

O Concello adjudicou as obras de restauración do barrio da Ponte, que foron encargadas a Construcións Cholo, por un valor de 100.000 euros aportados polo Plan Único da Deputación do ano pasado. Malia a adjudicación, as obras non deron comezo xa debido á situación polo coronavirus e a cuarentena xa que hai escaseza de material.

A intervención consistiu en recuperar o adoquinado tradicional do vial da rúa José Pardo ata a estrada que vai ao cemiterio. Un



Unha imaxe da zona co novo alumeado

adoquinado tradicional propio do camiño real, que transcorreu por este vial. Tamén se fixeron beirarrúas, carril bici nos dous sentidos e habilitación de zonas verdes, ademais da instalación de novas luminarias.

As obras, que tamén están ao cargo do Plan Único da Deputación pero deste ano, están en licitación na súa segunda fase e consistirán na renovación desta

mesma rúa ata o seu enlace coa estrada de Vilalba cun tratamento diferente ao ser unha zona nova pero con espazos verdes e carril bici. Tamén terá un orzamento de 100.000 euros.

O Concello anunciou a súa intención de que unha vez rematada esta obra se acometa a limpeza da ponte medieval, que se solicitou á Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Baixan os delitos penais tras 73 denuncias durante 2019

A xunta de seguridade de Rábade deu conta da baixada dos delitos neste municipio nun 5,1% pasando das 77 infraccións penais rexistradas no ano 2018 ás 73 do pasado.

Segundo os datos que manexa a Subdelegación do Goberno, 49 destes delitos correspóndense con delitos graves e menos graves, entre os que se incrementaron os cometidos contra o patrimonio, pasando de 21 a 25, e contra as persoas, que subiron de 2 a 7.

Pola contra baixaron os de seguridade colectiva, de 14 a 8 e contra a liberdade sexual, que non tiveron rexistros o pasado ano. Ademais, súmanse 24 infraccións leves.

Tamén informaron na xunta que a Garda Civil detivo a 16 persoas pola súa implicación en delitos, co destacado caso dun veciño que foi detido

polo asasinato do seu irmán.

Pola súa contra, a subdelegada, Isabel Rodríguez, explicou que no 2020 levan rexistradas 7 denuncias por violencia de xénero e hai 6 casos no sistema Vioxen.

Outro asunto abordado na xuntanza foi a marcha dos plans operativos da Secretaría de Estado de Seguridade, condicionados este ano pola pandemia do covid-19. Por este motivo, a Garda Civil non puido realizar todas as actividades que tiña programadas nos centros escolares.

A suspensión das clases escolares obrigou a deixar pendentes 7 charlas que estaban programadas. Ata esa data realizáranse outras 7 que trataron sobre riscos na Internet e novas tecnoloxías, acoso escolar, violencia de xénero e drogas e alcohol.



Visita dos representantes da Xunta ás obras da cuberta

Iniciada a reforma da cuberta do Ceip Otero Pedrayo

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade iniciou as obras de reforma do Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) Otero Pedrayo de Rábade, ás que destina 195.500 euros.

O delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou o centro e explicou que a intervención pretende mellorar a confortabilidade e eficiencia das instalacións, reducindo ademais o consumo enerxético para que sexan máis sostibles dende un punto de vista económico e medioambiental.

Neste aspecto será fundamental a substitución da cuberta en dous dos tres bloques que conforman o complexo educativo; a estrutura actual, de tella de formigón, dará paso a outra de panel sándwich con acabado de chapa nervada de aceiro e con illamento intermedio. Tamén se renovarán os canlóns e baixantes.

O proxecto inclúe a reforma integral do grupo de aseos de alumnos de primaria das plantas primeira e

segunda do Bloque 1. Demoleranse os tabiques e realizaranse novas divisións interiores; a renovación afectará a solados, revestimentos, equipamento, fontanería, saneamento, electricidade e iluminación.

As novas luminarias, con tecnoloxía tipo LED de alto rendemento, colocaranse tamén no polideportivo cuberto; igualmente, construíranse peches laterais nas fachadas noroeste e suroeste do pavillón. Tamén están programadas actuacións de pintado de paredes e teitos en espazos interiores, renovación de pavimentos ou a substitución de portas.

O prazo máximo de execución será de dous meses e executaranse as distintas tarefas de xeito que non interfiran co normal desenvolvemento da actividade lectiva.

O centro estrea este curso a xornada única, atendendo a unha reivindicación da anpa e logo de que a Xunta procedese a realizar un reaxuste do transporte.

Convocada unha nova edición do concurso de postais de Nadal

O Concello de Rábade convoca o 14º Concurso de Postais Navideñas 2020. Os debuxos gañadores serán os elixidos como a postal navideña que anualmente se envía para felicitar o Nadal a todos os veciños.

Poderán participar no concurso calquer neno de entre 3 e 14 anos en tres categorías: categoría A de 3 a 5 anos, categoría B de 6 a 9 anos e categoría C de 10 a 14 anos.

O tema do debuxo será libre, coa necesaria incorporación de referencias ao Nadal. Os concursantes poderán empregar calquera técnica sobre o material que estimen oportuno en formato A4, sen enmarcar e aportando o orixinal.

O xurado estará integrado por representantes do Concello, do colechio Otero Pedrayo e do IES Río



Miño, e valorarase principalmente a orixinalidade e a creatividade dos debuxos presentados.

Haberá premios por cada categoría. Para o primeiro será un vale de 60 euros, o segundo levará un de 40 e o terceiro de 20 euros. Os vales deberán ser usados no co-

mercio de Rábade.

A data tope para a entrega do debuxo será o 30 de novembro e os debuxos poderán entregarse nun sobre no colechio Otero Pedrayo, no IES Río Miño ou no Departamento de Cultura e Deporte do Concello. O fallo do xurado farase público antes do día 11 de decembro e todos os debuxos recibidos serán expostos no Concello no Nadal. Pódese consultar as bases nesta ligazón ou descargar directamente aquí.

CLASES DE MÚSICA. A escola de música Crisanto de Rábade abre un novo grupo de clase para os pequenos de entre 4 e 6 anos de idade. As clases desenvolveranse os martes de 18.30 a 19.30 horas, coa profesora Paula Veiga, no instituto de Rábade.



SE VENDE LICENCIA DE TAXI EN VILALBA

Tel. 608 080 482

Volven convocar o premio de poesía Torre de Caldaloba

O Concello de Cospeito e a Asociación Recreativa Cultural San Martiño de Pino, en colaboración con Culturalia GZ volveron convocar a III edición do Certame de Poesía Torre de Caldaloba, que foi anulada a causa dun erro administrativo durante o proceso de recepción de orixinais.

Poderán concorrer ao certame todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa finalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

A organización deste certame estableceu dúas categorías, para menores de 18 e para maiores desta idade con dous gañadores en cada un dos grupos. O gañador maior de 18 anos recibirá 1.500 euros de premio e a publicación da obra. Por outra banda, o gañador infantil recibirá un lote de libros e unha tablet e o subcampión terá de premio un libro electrónico.

As bases contemplan para os maiores un límite de entre 300 e 600 versos e para os pequenos o límite estará nos 60 versos. Para todos os interesados en presentar propostas,



o novo prazo estará aberto ata o 15 de novembro. Os requisitos para valorar as obras serán que estean en galego e escritas a ordenador e que sexan orixinais mentres que a temática é totalmente libre.

A entrega pode facerse por correo ordinario, no Concello de Cospeito sito en avenida Terra Chá nº29, Feira do Monte, 27377, Cospeito, Lugo; ou por sede electrónica.

O fallo do xurado farase público o 12 de decembro. A entrega de premios está prevista para o 19 de decembro no local social de Pino.

Cospeito renova o seu alumeado municipal para poñer LED

O Concello de Cospeito destinará 275.000 euros a un proxecto para a eficiencia enerxética que consistirá na renovación do 15% do alumeado público do municipio coa instalación dun total de 450 luminarias led.

Dentro deste proxecto xa se realizou, segundo avanza o Concello, a renovación da iluminación pública de Muimenta e continuarase coa substitución das luminarias de Feira do Monte, concretamente nas saídas cara a Rábade e O Santo. Tamén se actuou nesta zona na parroquia de Santa Cristina e a de Goá.

Do total do orzamento, o 80% (220.000 euros) están financiados con fondos Feder do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (Idae). Os outros 55.000 euros son achegados polas arcas municipais.



Un exemplo de lámpada LED

As estimacións municipais din que o Concello conseguirá un aforro importante, xa que dun consumo de 43.000 euros anuais pasarase a 9.800, o que supón un 74% que se poderá ver nas facturas da luz.

O novo sistema leva, ademais de

lámpadas de baixo consumo, reloxos astronómicos que regulan a iluminación das vías segundo a hora e a luz natural. O proxecto incluíu tamén a renovación de cinco cadros eléctricos no centro urbano de Muimenta e outros cinco en Feira do Monte.

O PSOE volverá pedir no Pleno axudas para os empresarios afectados pola crise sanitaria

O grupo socialista de Cospeito, que preside Rosa Morán, presentará no próximo Pleno, previsto para finais do mes de novembro, unha nova tanda de medidas de axuda e apoio aos empresarios perxudicados economicamente pola situación de pandemia.

“É o momento de que o Concello bote unha man á xente e ir un pouco na liña do que dixo Feijóo de rebaxar impostos aos negocios afectados como medida de axuda”, explicou mentras lembraba que o seu partido presentou no seu momento unha batería de medidas encamiñadas nesta liña “pero todas foron rexeitadas. Nós volveremos presentalas porque a ver si agora o di o presidente da Xunta, son mellor acollidas”.

A socialista lembrou que en Cospeito non se deron axudas “que o alcalde consideraba desproporcionadas, pero cremos que agora vense necesarias”.

Por outra banda, a concelleira explicou que foi “atinado” non abrir as escolas deportivas, nin as piscinas, “vista a situación actual”, aínda que considera “que foi máis por desidia que por outra cousa”. Tamén loubou o traballo desenvolvido nos colexios “que seguen os protocolos perfectamente grazas ao gran traballo que desenvolven os profesores”.

Rosa Morán anunciou que o seu grupo volverá preguntar no Pleno polo estado do Plan Xeral, “que tiña que ter contestadas as alegacións xa no mes de setembro”.

Preparan unha nova edición do Mercado de Nadal de Muimenta

A Xunta Directiva da Asociación de Empresarios de Muimenta, a cal engloba a gandeiros, profesionais e autónomos da Vila, segue ultimando o que vai ser xa a XII edición do Mercado de Nadal, que comenará o mércores 9 de decembro do 2020 e rematará o martes 5 de xaneiro do 2021, coincidindo coa celebración da Cabalgata de Reis. A asociación dará a coñecer o número total de participantes e os premios a repartir. A Asociación de Empresarios de Muimenta, sumouse dende o luns e ata o 30 de novembro, á campaña Días Azuis do Comercio Galego, campaña que ten como obxectivo impulsar as vendas do comercio de proximidade e poñer en valor o importante papel económico e social do sector no actual contexto económico. Tamén comezou a venda de lotería de Nadal do seu habitual número.

O Concello saca a licitación o SAF por un prazo de tres anos

O Concello de Pol sacou a licitación estes días a Contratación do Servizo de Axuda no Fogar, un contrato que ten un valor de 1.785.634 euros e unha duración de tres anos prorrogables a outros tres.

Nestes intres, o Concello xa pechou o prazo de presentación de ofertas e ten fixada como data de apertura de plicas o día 19 do mesmo mes.

Ademais do servizo habitual, o Concello valorará na oferta da empresa que se presente que se realice o acompañamento a consultas médicas, o servizo de podoloxía e o transporte de



O Concello mellorou o contrato

persoas dependentes de cara ao usuarios. Tamén puntuarase dispoñer de axudas técnicas para préstamo, limpeza de choque, unha xestión informática e horas de libre disposición.

Volve o taller de feltrado de lá

A Chintofanería, en colaboración co Concello de Pol, recupera o Laboratorio de feltrado de lá de ovella, na escola de Cirio. Haberá un único grupo nesta ocasión, os sábados de 11 a 12.30 horas da mañá.

Este taller desenvolverase a cargo de Chintofanería co obxectivo de achegar o traballo artesanal da lá de ovella a través da experimentación sensorial e artística. As prazas xa están cubertas e xa deu comezo.

ATABERNA
 DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA
 OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACIONES
 REVUELTOS PASTAS RAYO
 HAMBURGUESAS ALCO PARA
 ENSALADAS BOREAL VILLAS
 T: 982 510 061
 facebook/ataberna.vilalba
 info@atabernavilalba.com
 www.atabernavilalba.com
 SERVICIO A DOMICILIO en casco urbano y polígono

As traballadoras do SAF acusan á empresa de incumprimento

A CIG fixo público un comunicado no que acusa á empresa concesionaria do SAF na Pastoriza, Servital, de incumprimentos coa plantilla. De feito, indicou que os traballadores solicitaron unha reunión cos responsables do servizo no Concello para expoñer “os problemas aos que se ven sometidas”.

“Se xa o seu convenio colectivo, sen actualizar dende o 2012, é un convenio discreto no económico, que dá todas as facilidades para a flexibilidade e que polo tanto xa en sí é un convenio precario, pois a empresa, non contenta con iso, manexa os contratos das traballadoras unilateralmente ao seu antollo de tal xeito que unha traballadora nunca sabe a ciencia certa o que vai cobrar cada mes nin canto tempo está contratada nin canto cotizan cada mes por ela. Se isto xa é un problema habitual para as traballadoras a tempo parcial, as que teñen asinado un contrato a tempo

completo tampouco son alleas a esta situación pois tamén a elas lles cambia cada mes o salario, moitas veces mesmo cando non variou o servizo nin as casas ás que tiveron que acudir. Nunca sabes o que vas cobrar, a empresa ponnos ou quítanos horas do contrato sen haber cambio algun no servizo, é unha incertidume total”, explican.

Segundo engaden outro tanto do mesmo ocorre co plus de desprazamento “que varía aínda sen variar as casas nin o percorrido. E a unhas cóntalles dende a súa casa, a outras dende o Concello... é un caos total”. En canto á protección ante a covid-19, denuncian que o material que se lles facilita é insuficiente. “Despois de moito pedir conseguimos que nos deran unha máscara quirúrxica para cada día, antes dábanos 2 KN95 ao mes”.

En todo caso non descartan, se non hai cambios, convocar outro tipo de medidas e mobilizacións.

Chus Veiga gaña o certame de fotografía da Pastoriza



Fotografía gañadora no certame

Chus Veiga coa fotografía *O diario da vida* foi a gañadora da segunda edición do concurso de fotografía Muller Rural da Pastoriza convocado co gallo do Día Internacional da Muller Rural.

A imaxe recibiu 298 clics ao seu favor dos visitantes de Facebook e foi a máis votada das 59 que se presentaron. Nesta ocasión enxálzase o labor da muller cuidadora.

A organización explicou que esta iniciativa naceu “para visibilizar as mulleres da Pastoriza. Non se concibe como unha competición, senón que tratemos de ver en conxunto o que todas transmiten: coidados, amor, atención, agarimo, traballo, loita diaria... Que nos vexamos reflectidas nas fotos das nosas veciñas, amigas, primas, parentas, coñecidas... que nos recoñezamos e solidaricemos”.

Instalan sistemas automáticos para a cloración en 6 depósitos

O Concello da Pastoriza vén de completar a implantación dun revolucionario sistema para a cloración e xestión da auga potable na rede de abastecemento municipal que contemplou a mellora dos depósitos.

As obras foron feitas con fondos de compensación ambiental e orzamentadas nun importe de 50.000 euros, incluídos os honorarios dos técnicos que redataron os proxectos. As obras consistiron na instalación de bombas dosificadoras electrónicas para a cloración da auga de consumo, a instalación de contadores de auga emisores de pulsos que emiten a dose adecuada de cloro, instalación de bombas de tomas de mostras da calidade da auga, a instalación dun autómatas que permite a xestión telemática do sistema de cloración e a instalación dun sistema



Un dos novos sistemas instalados nos depósitos de auga do Concello

de placas fotovoltaicas, onde non hai acceso á corrente eléctrica para que poida funcionar este sistema nos depósitos.

Estas melloras instaláronse nos depósitos de A Rúa (Úbeda), en Saldanxe, en Fancos (Bretoña), Curuxeiras, Loboso e Baltar.

“É unha obra que contribúe á progresiva modernización do servizo de tratamento de auga potable do Concello. Isto vai significar un aforro enerxético e un control moito máis eficaz da traída municipal”, explicou o alcalde da localidade, Primitivo Iglesias.

Reparan a estrada que vai da gasoleira da Pastoriza a Aldurfe

Operarios da Deputación están a traballar nas obras de rehabilitación do firme da estrada que vai da gasoleira da Pastoriza ata o cruce coa estrada provincial de Paraxes a Aldurfe, na parroquia da Guarda. Trátase dunha obra que foi solicitada polo Concello debido ao mal estado no que se atopaba este tramo da estrada, unha vía principal de comunicación, moi utilizada polo servizo de transporte escolar.

Son preto de 3 quilómetros de titularidade municipal que contarán cunha gan mellora trala limpeza de cunetas, o rebacheo e a instalación dun sistema de triplo rego asfáltico.



Unha imaxe das obras

Bolsas para material escolar

A Xunta de Goberno Local aprobou as bases para unhas bolsas de material escolar e libros de texto dirixidas a nenos e nenas do Concello.

Esta convocatoria ten por obxecto regular a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e ma-


terial escolar complementario destinadas ao alumnado empadroado no Concello e escolarizado para o curso 2020/2021 en educación infantil (3-6 anos), educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

O obxectivo é “apoiar ás familias con menor renda per cápita do municipio que presenten dificultades económicas para afrontar o gasto que supón o obxecto da axuda”, indican dende o Concello.

Así con esta subvención, os solicitantes poderán mercar libros escolares, material escolar funxible, material de debuxo e mochilas e estoxos.

As axudas poderán solicitálas aqueles que se atopen escolarizados e empadroados no Concello.

Como sempre nestes casos, a contía das axudas irán en función da renda per cápita familiar e oscilará entre os 120 e os 20 euros. Ademais, serán compatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade concedidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo total dos materiais subvencionados. As bases e os prazos para solicitálas publicaranse nos próximos días no BOP.



Rematan as obras do parque

Rematarán estes días en Meira os traballos de renovación do pavimento na senda peonil na área recreativa Profesor Río Barxa, situado no centro da vila.

Estas obras, que tiñan un orzamento final de 44.214,74 euros, executáronse con cargo ás subvencións do Fondo de Compensación Ambiental. Tiñan un prazo de execución de dous meses e remataron no tempo previsto.

As obras consistiron na renovación do firme dos paseos, a construción de dous novos accesos máis a reposición do escudo que hai no centro do parque.

Estas obras leváronse a cabo polos problemas que tiñan os peóns na zona, xa que o pavimento que había levantábase e era moi esvaradizo, en especial en tempos de choiva e trala caída das follas.



O anterior chan dos paseos era moi esvaradizo

“Este parque está sendo moi utilizando polos veciños e non queremos entorpecer o seu tempo de lecer e de exercicio por iso puxémonos con esta obra que quedou moi ben con pavimen-

to rugoso que xa probamos nun tramo con moi bon resultado tanto para evitar caídas como polo seu mantemento”, explica ao alcalde en funcións, Agustín Méndez.

O Concello de Meira licita o SAF para tres anos tras subir o importe do servizo

O Concello de Meira volveu sacar estes días a licitación o Servizo de Axuda no Fogar, procedemento que quedara deserto hai un ano ao non presentar oferta ningunha empresa.

Esto foi debido a que na anterior convocatoria o prezo era moi inferior polo que nesta ocasión subiron o importe total do servizo ata os 599.000 euros para un período de tres anos.

Deste xeito a oferta actual indica que se pagarán 15,30 euros por hora fronte aos 12,30 da anterior convocatoria. As anualidades serán de 183.040 euros para 11.000 horas no 2021, ao ano

seguinte serán mil horas máis por 199.680 euros e seguirían aumentando no 2023 con 13.000 horas e 216.320 euros.

O SAF de Meira comezou a funcionar no 2015 con algo máis de 4.000 horas de servizo, pero nos últimos catro anos a demanda duplicouse. No último ano este aínda seguiu crescendo moito razón pola que a contrata conta con incrementos anuais. Unha das condicións do contrato é a subrogación da traballadora social así como das 14 auxiliares. O prazo de presentación de ofertas xa rematou e están á espera da apertura de pregos.

Meira reparte as axudas da covid-19 a 69 persoas

O Concello de Meira repartiu xa as axudas do plan Revitaliza o teu Municipio, que foi solicitado por 69 persoas e todas foron concedidas.

Destes xeito, os autónomos, empresarios de pymes e propietarios de negocios afectados polo descenso da facturación durante o tempo de confinamento recibiron axudas de entre 400 e 600 euros, extraídas dunha partida municipal que se sitúa nos 38.000 euros.

Pero esta non é a única acción que realizou o Concello para paliar a

crise económica derivada da situación sanitaria, tamén se anunciou a exención do pago da taxa de auga e recollida de lixo entre os meses de marzo a xuño.

Para o alcalde en funcións, Agustín Méndez “o peche dos establecementos implica que a maioría do tecido comercial do noso concello non puido levar a cabo unha actividade normal e dar servizo á comarca de Meira e que se a situación continúa poderíase estudar a ampliación de crédito tendo en conta os recursos cos que conta o Concello”.

Correos amplía o horario da oficina

A oficina de Correos de Meira amplía desde este mes o seu horario de atención ao público. Deste modo, agora a atención é de 10.45 a 14.15 horas, polo que pasa de dúas a tres horas e media de luns a venres.

Ademais, ampliáanse os servizos. Antes só se facían envíos pero a partir de agora se realizan outros trámites habituais.

A ITV móbil chega ao Concello o día 27

O Concello informa de que dende o día 27 de novembro ao 2 de decembro a ITV móbil pasará por Meira. Estará ubicada na área recreativa xunto á urbanización O Carballal e en diferentes horarios. Para acudir é necesario coller cita no teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com, onde se lles informará dos horarios.

A Xunta financiará a rehabilitación da antiga Cámara Agraria

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegará un total de 44.563,27 euros ao Concello de Outeiro de Rei co fin de financiar a adquisición da antiga Cámara Agraria, localizada en pleno núcleo urbano, para acometer a súa rehabilitación e destinalo a servizos sociais.

Con este fin, a conselleira Ángeles Vázquez e o alcalde José Pardo veñen de asinar telematicamente un convenio de colaboración que lle dará acceso a este municipio lucense ao Fondo de Cooperación do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), un instrumento para apoiar aos concellos de menos de 50.000 habitantes no financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído. En concreto, a achega económica comprometida pola Xunta permitiralle ao Concello de Outeiro de Rei dispoñer dun total de 44.563,27

euros co fin de financiar esta actuación, unha contía que poderá devolver ao IGVS en oito anualidades, de forma cómoda e sen xuros.

Grazas á cantidade percibida con cargo ao Fondo de Cooperación, o Goberno local poderá comprar o inmovible localizado no número 10 da estrada N-VI. Antigamente este edificio estivo destinado a Cámara Agraria e na actualidade alberga a oficina de Correos e serve de local para a Asociación ADSG Santa Isabel. Unha vez completada a súa rehabilitación, a intención do Concello é dedicalo á prestación de servizos sociais.

O Fondo de Cooperación do IGVS se puxo en marcha no ano 2017, cunha dotación inicial de 10 millóns de euros e co obxectivo de facilitarlle aos concellos o financiamento necesario para acometer proxectos de rehabilitación mediante a concesión de préstamos sen xuros.

outeiro de rei

O BNG critica as obras de apertura dunha nova rúa

O BNG de Outeiro de Rei vén de comunicar o seu rexeitamento ás obras feitas polo Concello para “abrir unha rúa nova polo centro de Outeiro”.

“É a mellor metáfora do que o alcalde está a facer”, din dende o BNG, “cremos que hai moitos lugares e moitas persoas que necesitaban eses fondos, pois a necesidade de solares non é tan importante como para investir esa cantidade inxente de cartos en abrir unha rúa nova”.

“Estas obras tamén representan moi ben a forma de actuar do alcalde xa que se tiran muros e paredes de pedra tradicionais que fixeron os nosos antepasados para facer paredes de ladrillo recibadas con cemento. É a práctica habitual neste concello baixo o mando do señor Pardo”, din dende o partido nacionalista.

“E mentres tanto, súbenos as taxas da auga e do lixo, das actividades de ocio ou da recollida de árbores caídas. En fin, son decisións políticas e cada un ten as súas prioridades”, rematan dicindo.

MILAR ALBOSAT
tu tienda de electrodomésticos

Avda. de Galicia, 42
27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 510 501
655 470 030
info@albosat.es
www.albosat.es

Servicio propio de reparación

Venta y reparación

SECADORA BEKO
Luz interior Inicio Diferido

859€

QLED 4K SMART TV SAMSUNG 55"

429€

BATIDORA MOULINEX
Con vaso Medidor y accesorios

LAVAVAJILLAS GRUNDIG
8 Programas Ecomotor

55€

409€

PLANCHA ROWENTA
Modo Eco Vapor Continuo

79€

... Y LLÉVATE DE REGALO UNA PALETA

Muras abre o prazo de solicitude de composteiros

O Concello de Muras abriu o prazo de solicitude de composteiros individuais aberto a todos os veciños do termo municipal. O prazo, que xa está aberto, prolongarase ata o 13 de novembro.

As solicitudes destes composteiros, que teñen unha capacidade de 400 litros, poderán presentarse na oficina de rexistro do Concello de Muras ou en calquera das formas previstas na administración pública.

O PP local acusa ao Goberno de abandono

A voceira popular de Muras, Eugenia Requeijo, sinala que “son moitos os lugares do concello que se atopan sen limpar porque non se realizaron as tarefas de conservación que lle corresponden”. Pon como exemplo as prazas do Viveiró e de Muras “que teñen sucio todo o seu mobiliario e, incluso, a súa iluminación é escasa”. Enumera, así mesmo, outras deficiencias na conservación das instalacións municipais como é o caso do canalón do cemiterio que, a pesar de ser arranxado recentemente, “xa se atopa atascado. Tamén se atopa abandonada, completamente chea de maleza, a finca da Escola de Irixoa e o campo de fútbol”.

O Concello investirá 175.000 euros do Plan Único en obras de camiños

O Concello de Muras destinará 175.000 euros ao mantemento e mellora de estradas dentro do Plan Único da Deputación, un orzamento total que o ente provincial destina a este Concello de 286.381 euros.

O Concello ten previsto comezar coas obras de acceso á localidade de Serra, con 2.290 euros de orzamento.

Tamén está previsto o amaño dos camiños de Penagrande, O

Curro, Susana, con orzamentos de 11.360, 3.909 e 17.931 euros, respectivamente.

Acometerán tamén os accesos a Ferreiros, con 9.880 euros de presuposto e os currales en La Cabeceira e Bustelo, con 7.959 e 5.007 euros, respectivamente. En Bustelo tamén acondicionarán os accesos con 11.247 euros de orzamento.

Finalmente empregarán o orzamento municipal na reparación

de tres camiños parroquiais, o do Couce, o da Paleira a Vedille e o de Bouzas. No primeiro investiranse 13.181 euros, e no segundo 22.250 para rematar cos 11.247 do último.

Por outra banda, o alcalde do Concello de Muras, Manuel Requeijo, avanzou que continúan coas obras da traída de auga á Balsa, unha mellora que conta cun orzamento de 380.000 euros con cargo ao Fondo de Com-

pensación Ambiental e que se prolongarán debido a que a empresa solicitou unha prórroga.

A obra contempla a construción dun depósito de auga así como 17 quilómetros de tubaxe, ademais de todo o demais que leva como arquetas e outras actuacións en diversos puntos.

Malia que a obra estaba previsto que rematara en outubro, finalmente o fará nos próximos días.

Augas de Galicia limpa un treito do rego do Cal

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, desenvolveu traballos de conservación e limpeza no treito interurbano do rego do Cal.

Os traballos executáronse en dous tramos, ao longo de algo máis de medio quilómetro, coincidindo co seu percorrido por distintos lugares das parroquias de Muras (San Pedro) e O Burgo (Santa María).

As actuacións centráronse na retirada de árbores e pólas caídas na

canle, así como madeira morta. Incluíuse a roza selectiva e limitada ao ancho da canle, en tramos ocultos pola maleza co obxectivo de deixar o rego despexado de maleza, posibilitando así a circulación fluída das súas augas. Nesta actuación inclúese a intervención puntual para a retirada de dúas árbores caídas na zona da desembocadura, no río Eume.

Estas accións enmárcanse no programa de mantemento, conservación e mellora que realiza Augas de Galicia



Tarefas de limpeza no rego do Cal

no dominio público hidráulico das bacías de Galicia-Costa, no ámbito territorial da zona Galicia-norte.

A Consellería de Infraestruturas e

Mobilidade mantén activas as actuacións para a mellora dos leitos fluviais e para favorecer as condicións naturais do ecosistema dos ríos.

Muras substitúe a Feria do Mel por unha cata o día 14



A cata contará con premios para os mellores produtos

Debido á actual situación sanitaria, o Concello decidiu suspender a Feira do Mel de Montaña, que alcanzaría a súa sexta edición. Deste xeito, a organización iguala a decisión que se repetiu en citas anteriores. Malia esta suspensión, manterá a cata de meles, que celebrará a súa cuarta convocatoria o sábado 14.

A cata contará con dous galardóns, ao mellor mel de montaña e ao mellor mel monofloral de breixo, e está aberta a aqueles que teñan

explotacións apícolas no municipio. Haberá dous galardóns: Mellor mel de Montaña, e Mellor Mel Monofloral de Breixo e presidirá a cata Cristina Rodríguez Sanmartín; e actuará como secretaria Isabel Goti Caaveiro. As bases establecen que se aceptará un máximo de 15 mostras. Ademais, está prevista a celebración dun curso de micoloxía con José Luis Cuba e un taller de cociña a cargo de Antonio Díaz durante esa fin de semana.

O alcalde critica o decreto madeireiro aprobado pola Xunta

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo mostrou o seu malestar co novo Decreto de aproveitamentos madeireiros aprobado pola Xunta de Galicia explicando que “modificaron o Decreto en pleno confinamento pola porta de atrás. Os veciños están molestos porque quedaron desamparados novamente pola Xunta de Galicia e isto lles está creando problemas serios”.

Segundo aclara, a Xunta aprobou en abril deste ano un decreto polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade e que vén a substituír o anterior de 2014.

O novo establece no artigo 55.6 que “a recollida de cogomelos nas modalidades definidas neste capítulo como para consumo propio ou con fins científicos ou didácticos pode efectuarse sen necesidade de auto-



O alcalde, Manuel Requeijo

rización por parte da persoa propietaria nos montes ou terreos forestais de xestión privada, sempre fóra da superficie obxecto de acoutamento”, introducindo con este novo texto segundo Requeijo, “o desleixamento dos propietarios de fincas con gando”.

Foron varios os veciños que estes días lle trasladaron ao alcalde o gran

malestar provocado pola cantidade de xente que se aproveita de recoller cogomelos en Muras. “Os problemas que xeran son varios, e algún deles con consecuencias sanitarias serias”, di.

“En primeiro lugar, hai recolletores que deixan os peches das fincas abertos, correndo o risco de que os animais saian ás estradas e orixinen accidentes de tráfico, ademais do traballo que dá volver a recollelos. En segundo lugar, a xente vai pisando a herba, e en consecuencia o pasto queda estragado, pois o gando non a come nin se pode aproveitar. Por último, os veciños mostráronse preocupados pola posible transmisión de enfermidades, xa que hai parroquias onde o gando vacún aínda permanece en corentena polo brote de tuberculina, e se a xente vai de finca en finca, poden transportar dita enfermidade, empeorando a situación sanitaria animal.”, explica.

Concedidas axudas a 14 entidades veciñais para actividades culturais

A Xunta de Goberno de Xermade resolveu as peticións de subvencións presentadas por 14 entidades sen ánimo de lucro do termo municipal para axudar a sufragar os gastos de organización de distintas actividades e proxectos.

O Concello repartirá un total de 7.300 euros en partidas que oscilan entre os 350 e os 600 euros. O Concello deu o visto bo a todas as peticións presentadas pero estas entidades deberán presentar estes días as xustificacións de gastos.

As entidades beneficiadas son as asociacións veciñais de San Xulián de Cazás, Xaravigo de Miraz, AcCasanova de Roupar, San Estevo, a de Cabreiros, a de O Campo de Roupar, a de Burgás e a de Piñeiro. Tamén reciben subvencións as mulleres ru-



O Concello investirá un total de 7.300 euros nas axudas

rais Saudade, Amuraxe a as de Roupar, así como a asociación cultural Axóuxere, o Consello de Maiores de Momán e os Roteiros da Carba.

Algunhas das actividades obxecto da axuda son cursos, excursións,

rotas de sendeirismo, obradoiros de manualidades, envellecemento activo, pintura, zumba e memoria, no relativo ás actividades; e as celebracións de San Xoán, Samaín ou o Entroido.

Aprazamento do comezo das Escolas Culturais pola nova situación sanitaria

O Concello de Xermade lamenta comunicar que, dada progresión actual da Covid-19, posponse o comezo das actividades culturais, concretamente, os cursos de Costura, Faino ti mesm@ e Xabóns e cremas.

Ante as restricións de aforo establecidas pola Consellería de Sanidade durante o mes de outubro, e dado o tamaño reducido das aulas onde se levan a cabo ditas actividades, "consideramos prudente esperar a unha evolución positiva da situación sanitaria para iniciar o comezo das escolas culturais. Pedimos disculpas polas molestias que esta decisión poida ocasionar, agardando poder retomalas o antes posible".


O refuxio de animais firma un acordo coa Deputación

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e a presidenta da Asociación Animals Help, Sonia Camino Jurado, asinaron no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración para a adquisición dun medio de transporte para o refuxio de animais de Xermade. O organismo provincial destinou 36.611,57 euros para a compra deste vehículo.

A biblioteca volve convocar o concurso das Letras Galegas

A biblioteca de Xermade vén de convocar unha nova edición do concurso de narración e debuxo infantil Letras Galegas 2020, adicadas este ano a Ricardo Carvalho Calero, que nesta ocasión versarán sobre o tema xenérico Xermade, o meu pobo.


Como en edicións anteriores, haberá tres categorías (menores de 8 anos, de 9 a 11 e de 12 a 16 anos) e poderase presentar como máximo dous traballos, un de debuxo e outro de narración, xa que haberá en cada categoría as dúas variables. O prazo de presentación remata o 15 de novembro. O lugar para entregar as narracións e os debuxos será a Biblioteca Municipal en horario de tarde, de 3 a 9. As obras só levarán o título e opcionalmente



un pseudónimo, non podendo ir anotado ningún outro dato persoal. Eses datos persoais de autoría cubriranse nun anexo aparte que adxuntaremos á obra presentada.

Haberá 12 premios: dous de debuxo e outros dous de narración por cada categoría.

Os agasallos serán vales por importe de 60 euros, para trocar no establecemento colaborador que se indicará no anuncio de publicación dos premios.



PREMIO. O Parque Eólico Experimental Sotavento entregou a Casiano Engroba Saavedra o premio ao X Certamen Renovable de Fotografía, pola súa fotografía Son xigantes, elixida polo xurado entre máis dun centenar de candidaturas. Este certame, que foi convocado no mes de novembro, ten como principal obxectivo dar a coñecer o mundo das enerxías renovables en xeral e a idea de Sotavento en particular.



Estrada LU-170 nun punto entre as dúas parroquias

Adxudicada a redacción do proxecto de obra da estrada entre Cabreiros e Momán

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de adxudicar a redacción do proxecto de execución de reforzo do firme da estrada autonómica LU-170, entre Cabreiros e Momán, no Concello de Xermade Este contrato foi adxudicado á empresa Sepco, Servicios y productos de obras, S.L, por un importe duns 15.000 euros. O prazo de execución dos traballos é de 6 meses.

A lonxitude de actuación é de 5 km aproximadamente, centrándose no treito comprendido entre o núcleo de Xermade e Cabreiros.

Os traballos obxecto do proxecto, inclúen a execución dunha actuación de mellora do firme, co estendido dun aglomerado en quente en todo o ancho da plataforma, así como a execución de cunetas de seguridade en determinados treitos.

O departamento de Infraestruturas

impulsa a redacción deste proxecto de renovación da capa de rodadura e mellora da seguridade viaria para a súa execución en 2021, que suporá un investimento autonómico estimado en 400.000 euros, tal e como avanzou recentemente no Parlamento o director da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Menéndez.

En paralelo, a Xunta mantén a planificación do ancheamento da estrada neste treito da LU-170, para o que ten redactado un proxecto para actuar no tramo comprendido entre as proximidades do parque empresarial de Xermade e Cabreiros. Segundo o proxecto, actuarase nunha lonxitude de 5.100 metros, co obxecto de ampliar ata os 7 metros a plataforma da estrada. Ao longo do tramo actuarase de forma puntual nas interseccións coas vías públicas xa existentes.

O PP acusa ao alcalde de consentir o estrago das pistas

O voceiro do Grupo Municipal do PP de Xermade, Antonio Riveira, acusa ao alcalde e ao Goberno local de deixar estragar os camiños e pistas públicas coa saca de madeira. Así o manifesta ante os danos causados polos traballos de extracción de madeira nos montes da Torre, en Roupar, que se están levando a cabo estes días e que dificultan o uso das vías públicas aos veciños da zona.

Riveira sinala que a ordenanza municipal reguladora do uso do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Xermade recolle a obriga das empresas de comunicar ao Concello a extracción e depositar unha fianza para facer fronte aos danos e prexuí-

zos causados pola corta, depósito e transporte da madeira.

É por iso polo que os populares que ren coñecer se as empresas comunicaron previamente a tala e retirada da madeira, se fixeron depósito da fianza na forma regulamentaria e se o goberno local lles vai esixir que se mantéña o estado transitible dos camiños e que, unha vez rematados os traballos, corrixan os danos causados.

Neste sentido, esixen o cumprimento da ordenanza municipal co obxectivo de "minimizar os danos da extracción de madeira causando as imprescindibles molestias aos veciños durante os traballos e repoñendo ao seu estado inicial os camiños afectados".

TERRA CHÁ

Achegas para as instalacións culturais de Xermade e Outeiro

A Xunta concedeu achegas que suman 190.000 euros a 13 concellos da provincia para mellorar instalacións e locais destinados á realización de actividades culturais. A Xunta aprobou axudas para os municipios chairegos de Xermade e Outeiro de Rei.

En Xermade, a aportación será de 6.019,13 euros para a modernización do equipamento da Biblioteca Pública Municipal. En Outeiro de Rei a contía será de 22.682,03 euros para a reforma do Centro Sociocultural Parroquial de San Lourenzo de Aguiar. Esta orde de subvencións achega financiamento para actuacións relativas ao equipamento e moble de locais; a realización de obras de reforma, ampliación, modernización ou mellora de inmobles, así como a adquisición de materiais técnicos vinculados ao desenvolvemento da programación cultural do local para o

que se solicita a axuda, e en concreto: realización de investimentos en equipamento escénico, iluminación e son, equipamento audiovisual, equipamento xeral, sistemas de prevención e seguridade, novas tecnoloxías, investimentos destinados á posta en funcionamento de locais para usos culturais, investimentos en bibliotecas ou axencias de lectura pública municipais, investimentos en arquivos municipais, así como accións encamiñadas á mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

A axuda máxima por entidade local beneficiaria é de 30.000 euros -ata un máximo do 90% do orzamento total do proxecto-, ou 35.000 euros cando se trate de solicitudes realizadas por agrupacións de concellos, mancomunidades, consorcios locais e entidades resultantes dunha fusión.

A Xunta financia cinco obradoiros duais de emprego na comarca

A Xunta de Galicia financiará 14 obradoiros duais de emprego que se desenvolverán en 40 municipios da provincia de Lugo e suporán a contratación de 341 persoas, entre alumnos-traballadores (280) e persoal de dirección, administración e monitores (ao redor de 61 contratos).

Cada taller ofrece formación e emprego a 20 persoas, que contarán cun contrato de traballo durante a súa participación na actividade e ao finalizar poderán acreditar as ensinanzas recibidas cun certificado de profesionalidade. Está previsto que se poñan en marcha antes de finais de ano e durarán nove meses.

Os obradoiros funcionarán en concellos de todas as áreas da provincia. Na comarca, Friol promove xunto con Rábade e Begonte a iniciativa Cumes da Terra Chá IV; Outeiro de Rei, Castro de Rei e Cospeito compartirán o taller Santa Isabel IV; Vilalba porá en marcha con Abadín Terra Chá no Camiño; Ribeira de Piquín, Castroverde, Riotorto, Pol e A Pastoriza terán o taller O Castro VI e Terras do Sor IV, que promove O Vicedo xunto con Oulol e Muras.



Os alcaldes de Friol e Outeiro de Rei no núcleo de Uriz

O PP reclama solucións para o tráfico na ponte de Uriz

O PP presentará na próxima sesión plenaria da Deputación unha iniciativa para instar ao goberno a acometer as melloras necesarias na ponte de Santo Estevo, sobre o río Ladra, tamén coñecido como ponte de Uriz, de maneira que deixe de ser necesario manter á limitación de paso de vehículos inferiores a dez toneladas.

Castiñeira explica que a ponte de Santo Estevo, sobre o río Ladra, une os núcleos de Uriz e de Gaioso. "É unha ponte provincial sobre a que pasa a estrada provincial LU-P 5101, unha vía intermunicipal, que une os concellos de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei e de

O Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana, Mitma, iniciou a fase de construción de prototipos e experimentación en campo de solucións innovadoras para resolver os problemas causados pola néboa á circulación viaria no tramo da Autovía A-8, entre Mondoñedo e A Xesta. Mitma formalizou a finais de 2019 sete contratos de servizos de investigación e desenvolvemento da Compra Pública Precomercial (CPP), para o deseño, implementación e experimentación con prototipos de tecnoloxía innovadora relativa a sistemas de protección antinéboa na Autovía A-8, entre Mondoñedo e A Xesta. Tres deles, (correspondentes ao lote 1), para o desenvolvemento de solucións innovadoras baseadas en sistemas de axuda á conducción en situacións de néboa, e os catro restantes (lote 2), para o desenvolvemento de solucións innovadoras baseadas en sistemas que actúan sobre a néboa, mediante o seu illamento, eliminación ou desprazamento. O importe

Comeza a experimentación con prototipos antinéboa na A-8



Un dos proxectos presentados

total é de 5,64 millóns de euros. A CPP está a desenvolverse en competencia por fases temporais de carácter eliminatorio e de forma independente para cada lote. Nese marco, iranse seleccionando progresivamente as mellores solucións para resolver a problemática actual. Unha vez finalizada a fase de demostración da viabilidade das solucións propostas, empezan con fase de construción e experimentación en campo a escala real cos 4 prototipos seleccionados, con obxecto de verificar o correcto funcionamento dos

desenvolvementos teóricos nunha contorna real nas condicións de néboa características do tramo da A-8 entre Mondoñedo e A Xesta. Esta Fase 2, que agora se inicia, virá condicionada pola presenza de eventos de néboa durante as probas.

As dúas propostas correspondentes ao lote 1 de axuda á conducción, que superaron a fase 1 consisten nun sistema de balizamento lateral da vía con luz láser e nun sistema de sinalización horizontal con tecnoloxía LED proxectada sobre a calzada.

No caso das dúas propostas correspondentes ao lote 2 sistemas que actúan sobre a néboa, que superaron a fase 1, baséanse nun sistema de difusión automático por aspersores de materiais higroscópicos e na combinación de barreiras estáticas e barreiras dinámicas que empregan dispositivos fluído-mecánicos. Unha vez validada a tecnoloxía ensaiada, procederase a unha contratación convencional para a construción dos sistemas antinéboa seleccionados.

Agacal impulsa un novo proxecto de I+D para o queixo San Simón

A Consellería do Medio Rural, a través de Agacal, impulsará un novo proxecto de I+D para avaliar pezas do queixo da DOP San Simón da Costa cunha maduración inferior ás 52 semanas.

Así, ao abeiro da iniciativa enviáronse diversas pezas de San Simón da Costa a restauradores, críticos, responsables de compras das cadeas de distribución, xornalistas e outros profesionais de prestixio relacionados co mundo da gastronomía, seleccionados polos técnicos de Agacal. A todos eles se lles pediu que valorasen o produto cunha maduración superior ás 52 semanas, con vistas a fomentar a súa promoción e comercialización nas canles de venda aproveitando as suxestións e avaliacións destes expertos.

En xeral estes prescritores fixeron un balance moi positivo sobre as características organolépticas e unha eventual viabilidade no mercado destas pezas de queixo. Así, case un 65% dos consultados sinalou que estaría disposto a mercalas e un 87% que pagaría un prezo maior por adquirilas.



O queixo San Simón da Costa

Preguntados polo grao de coñecemento da DOP San Simón da Costa, o 96% dos enquisados dixo coñecer estes queixos. En canto á valoración (do 1 ao 10) do grao de intensidade deste produto, sendo 1 "pouco intenso" e 10 "moi intenso", un 27% puntuaron cun 9, mentres senllos 24% optaron polo 7 e o 8.

Unha vez coñecidos estes resultados, a idea é que o Consello Regulador da DOP e as empresas adscritas valoren a oportunidade e as posibilidades de apostar por este produto. Así mesmo, a Xunta seguirá implementando este proxecto de I+D testando pezas cunha maduración inferior, así como cun maior tamaño para comprobar a súa incidencia nas propiedades do produto.



Estado no que se atopaba a zona na que se entrevistou

A Confederación limpa o tramo das Insuas do Miño

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) finalizou os traballos de mellora da capacidade de desaugadoiro nas Insuas do Miño, entre os municipios de Rábade e Begonte.

Na inspección previa observouse a presenza de múltiples árbores caídas, secas e inclinadas cara ao leito, ademais de abundante vexetación en ambas marxes que chegaba a invadir o propio leito e provocaba acumulación de restos vexetais en todas as obras de paso do tramo de actuación.

Para solucionar esta problemática

procedeuse á retirada de árbores caídas ou secas ou, en casos moi puntuais, desestabilizados con perigo de caída ao leito, que provocaban a acumulación de restos arbóreos e tapóns, afectando ao discurrir das augas; tamén se realizaron podas sanitarias e resalvos para mellorar da estabilidade da vexetación e para facilitar o fluxo en casos de avenida, diminuindo así o risco de inundacións. Estes traballos prolongáronse durante dous meses e cun investimento nesta zona de especial protección, LIC Parga-Ladra- Támoga.


Lugo mellora o nivel de contaxio tralas restricións impostas

O coronavirus está a golpear con forza nesta segunda onda, aínda que todo parece indicar que o peor da pasou. A provincia leva varios días baixando o número de casos activos e diminuindo pouco a pouco o número de contaxios novos. Aínda así os datos indican que os casos activos superan o milleiro e os mortos xa pasaron a barreira dos cen.

Como novidade, a Xunta estableceu un mapa de cores onde se indica o nivel de incidencia concello a concello, con catro graos aos que lles corresponden diferentes restricións, en especial agora que xa decretou un novo estado de alarma en todo o país.

Na Terra Chá só Vilalba permanece en alerta vermella, produto de varios gromos familiares. Cospeito chegou ao nivel laranxa pero xa recuperou a normalidade. Os casos tamén aumentaron en Outeiro de Rei, Xermade e Friol pero regresaron á normalidade rapidamente. Castro de Rei foi o último en poñerse en amarelo (datos do 11 de novembro).

Estes datos trouxeron moitas novidades a nivel de restricións. A primeira foi o establecemento para todo o te-



rritorio nacional do toque de queda entre as 23.00 horas e as 6.00 horas trala nova declaración do estado de alarma. Pero ademais, a Xunta fixo públicas outras medidas entre as que figuran o peche perimetral dos concellos en alerta vermella, restrinxir aforos, prohibir reunións e unha

das medidas de máis polémicas, o peche total da hostalaría.

Aínda que a situación mellora tamén en Galicia, as medidas non se suavizarán aínda nas grandes cidades. Pola contra, Vilalba, malia estar en alerta vermella, está con restricións de nivel 2 polo momento.

O GDR Terra Chá reparte máscaras contra a violencia de xénero



Entrega de material ao Concello de Vilalba

O GDR Terra Chá colabora coa Consellería de Política Social e Ministerio de Igualdade cunha campaña de sensibilización sobre violencia de xénero.

O proxecto constará en varias accións, unha delas será o reparto de 1700 máscaras hixiénicas entre os 10 concellos do territorio do GDR2, xunto con información relativa a cuestións varias de violencia de xénero. Nesta información inclúese un slogan no que invita a cubrir a boca polo covid-19, pero non pola violencia de xénero. Tamén inclúese información relativa á violencia sexista e pautas sobre como se debe actuar

en caso de sufrir malos tratos ou de saber quen está a ser vítima dos mesmos.

Estas máscaras supoñen un apoio ao traballo de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero, xa que foron elaboradas por mulleres que sufriron esta lacra; están certificadas e son sociais, ecolóxicas e reutilizables (ata 5 lavados). O folleto tamén conta con recomendacións de uso das máscaras e a súa colocación e limpeza.

A presidenta do GDR-2 Terra Chá, Fe Legaspi, entregou xa as máscaras no Concello de Vilalba á alcaldesa, Elba Veleiro.

RESTRICIÓN COMÚNS

- Toque de queda entre as 23.00 e as 6.00 horas.
- A actividade comercial ten aforo limitado ao 50%.
- No transporte público dependente da Xunta de Galicia, poderanse ocupar a totalidade dos asentos aínda que deberá manterse a máxima separación entre usuarios.
- Limitadas as saídas de usuarios fóra das residencias, pero mantéñense as visitas.

RESTRICIÓN NIVEL 2

- Non está restrinxida a mobilidade.
- As reunións serán de 6 persoas máximo.
- Práctica deportiva de ata 6 persoas para os non federados.
- As actividades culturais reducen o seu aforo a 60 persoas en interior e 150 en exterior.
- Abertos os parques infantís e os centros de ocio.
- Restriccións de aforo na hostalaría.

RESTRICIÓN NIVEL 3

- Non se poderá saír do perímetro municipal.
- Non se permiten reunións, só con convivintes.
- Práctica deportiva ten que ser individual para non federados.
- As actividades culturais reducen o seu aforo a 30 persoas en interior e 75 en exterior.
- Abertos os parques infantís pero pechados os centros de ocio.
- Peche da hostalaría.

I.E.S. Plurilingüe San Rosendo

O IES Plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo é centro de apoio tutorial do programa *That's English!* que permite estudar inglés a distancia, con clases presenciais unha vez á semana, dunha duración de hora e media, en quendas de mañá. Poderás obter o título oficial da Escola de Idiomas. Máis información no teléfono 982 870 539

Avda. de San Lucas 33, 27740 Mondoñedo / ies.san.rosendo@edu.xunta.es

MATRÍCULA ABERTA

Prazo de matrícula ata o 30 de novembro de 2020

MATRICÚLATE

DEPORTES

O Outeiro de Rei FS renuncia a competir durante a pandemia

O Outeiro de Rei de fútbol sala (antes Santa Isabel) anunciou nun comunicado a súa decisión de non iniciar a competición este ano debido á situación epidemiolóxica que atravesamos o país. O conxunto tiña que competir este ano no grupo 8 de Terceira División nacional, pero decidiu unirse a equipos como Baíña, Vila de Cee, Unión GR9 e Os Tres Cuñados -este de Segunda B- na decisión de non participar esta tempada.

Os cinco clubs expóñense a unha sanción administrativa e económica pero entenden que as circunstancias sanitarias obrigan a deter o arranque da competición, previsto para o 15 de novembro tras un aprazamento xa que nun principio ía empezar en



Os xogadores do Outeiro de Rei FS

outubro.

Tanto Baíña, Vila de Cee, Unión GR9 e o Outeiro de Rei FS –fusionado este verán co Santa Isabel, nome polo que é coñecido na competición– reuníronse de maneira telemática nos últimos días e xa mantiveron contactos

directos coa Federación Galega de Fútbol e a Xunta, aínda que de momento sen avances significativos.

Expoñen este clubs como solución aprazar o inicio a competición ata o mes de xaneiro de 2021.

O PM Friol faise co Trofeo do Concello

O PM Friol fíxose co Trofeo Concello de Friol, na súa VIII edición. O conxunto local impúxose por 4-3 a outro dos grandes da categoría, o Victoria FS.

O partido serviu para coller ritmo e facer a presentación da conxunto que disputará o Reto Iberdrola esta tempada. De feito, presentaron as novas incorporacións, a de Lara Martínez, xogadora viguesa de 19 anos, e Nerea González Cunquejo, xogadora coruñesa de 22 anos que xa estivo na órbita do PM Friol os últimos anos.

A elas súmanse Sara García, porteira abulense de 21 anos que procede do Real Oviedo, ou Noelia Díez, defensa do Parque-sol de 22 anos, así como a tamén defensa madrileña Noemí Andrés Laguna. Incorporáronse tamén Tamara Álvarez, lateral diestra de 25 anos que ven de Madrid ou Laura Portabales, xogadora leonesa de 18 anos; Ángela Mera dende o Oviedo, Ariadna Castañeda ou Mónica Barreiro Ruíz.

Entre as fichaxes internacionais está Amani Bernadette, internacional absoluta con Costa de Marfil; ou María Monterroso, dianteira internacional con Guatemala. A elas sumouse Agnes Marie Claire Nkada, internacional con Camerún que, aos seus 25 anos, ten unha ampla traxectoria profesional. Como xa estaba anunciado, o



As xogadoras do PM Friol, co seu trofeo

equipo conta co regreso de Marta López, tras un ano alonxada dos campos. No capítulo de renovacións figura Natalia Llamas, Go-

retti, Mushu, a máxima goleadora da tempada pasada Lucía Pardo, Laura de la Torre, Aroa Naya García e Fanny Varela, entre outras.



CRUZ VERMELLA. O Cruz Vermella Vilalba e o Rácing Club Vilalbés firmaron un convenio de colaboración entre as dúas entidades para que os primeiros se encarguen da realización dos test de seroloxía para a detección da covid-19 que se teñen que realizar de forma continuada aos xugadores no que resta de tempada.

O Esteo FS pontés define o seu equipo para esta tempada

O Esteo pontés de fútbol sala xa conta con 15 xogadores e novo adestrador, Abel Cernadas Fernández, que procede do FS Pontedeume cunha importante traxectoria.

Ás continuidades dos porteiros Javi-chu e Sergio Cal, dos xogadores de pista Héctor, Troncho, Cokito, Jhony, e o retorno de Bruno, confirmáronse oito novos xogadores. Aitor Moreira Bergantiños, procedente del Transricard Distrito Ventorrill FS, convírtese na última incorporación do equipo para a tempada 2020/2021.

Ademais, apalabrouse a renovación do goleador Jacobo, e a fichaxe do gran Rubi, que retorna ao Esteo, e

ás pistas, tras retirarse no Parrulo de Primeira División en 2019.

Coñeciase tamén o regreso do porteiro de Pontedeume Jesús Lourido, e a fichaxe de Alberto Piñeiro, futbolista procedente do Outeiro de Rei de Terceira División. Por outra banda, tres xogadores xuvenís do club, Mario Torrente, Ismael Freire e Pablo Casal, xogarán co primeiro equipo.

A entidade presidida por Fran Fernández e Juan Rodríguez, xogará no subgrupo 1B, con outros nove equipos galegos, Cidade de Narón, O Parrulo B, Xove, Ventorrillo, Leis Pontevedra, Pizarras Tres Cuñados, Sala Ourense 2014, Ribeira e A Estrada.



DVSPORT ALEVÍN. O máximo responsable do Fútbol Sala na RFGF, Pablo Prieto, e o delegado de Ferrol, Abraham Yáñez, entregaron ao equipo alevín Rovil Studio Lago DVSPORT o diploma que lle correspondeu este ano polo seu ascenso a Liga Primeira Galicia. Este título correspondeulle ao quedar primeiro clasificado na Liga Local de Ferrol a pasada campaña.

O Xuvenil das Pontes de remo segue a colleitar bos resultados



Os remeiros do Xuvenil das Pontes no podio

O conxunto xuvenil As Pontes de remo rematou a liga galega co Campionato Galego de Ríos e travesías en Ribadumia con bos resultados. Aínda que os primeiros postos se resistiron, houbo medallas e estupendos resultados para rematar a tempada galega. Celia foi terceira en k1, Ada e Inés segundas en k2, Antón e Pa-

blo tamén segundas en k2, Lucas cuarto e Fran 16 en k1, e Polo tamén segundo no k1, neste caso veterano. As rapazas por equipos na categoría cadete tamén foron segundas. A última cita será a regata provincial de Rianxo o día 31 coa que se pechará un ano que será bo para o recordo, polo menos no deportivo.

DEPUTACIÓN

O Pleno solicita á Xunta transparencia nos datos de contaxio da covid-19

O Pleno da Deputación aprobou a proposta do Grupo Provincial Socialista, de reclamar á Xunta de Galicia transparencia nos datos de contaxios e unha liña de diálogo e colaboración permanente cos alcaldes e alcaldesas e coa propia institución provincial para combater a covid-19. O acordo saíu adiante co apoio dos grupos de Goberno e cos votos en contra do PP.

A voceira socialista, Pilar García Porto, salientou que dita interlocución ten que ter en conta á Fegamp, xunto cos rexedores e rexedoras das 7 grandes cidades, os presidentes da Deputación e os rexedores dos municipios afectados para consensuar liñas de actuación efectivas. Así mesmo, acordouse pedir á Xunta que informe diariamente, de forma telemática, aos concellos que teñan positivos por covid-19 dos datos que lles afectan de xeito transparente. Porto denunciou que desde setembro “os alcaldes e alcaldesas galegos veñen reclamando á Xunta información real sobre a evolución da pandemia, isto é, datos numéricos por municipio. A FEMP rexeitou publicamente o mapa de cores -verde, amarelo, laranxa e vermello- ofrecido pola Xunta, porque non permite ós responsables públicos contar coa información que precisan para dese-



Membros do equipo de Goberno

ñar as súas medidas. Porque ante a pandemia non valen colorines, fan falta números concretos”.

SANIDADE PÚBLICA NO RURAL.

García Porto reclamou ao Goberno autonómico a elaboración dun plan de avaliación real das necesidades da sanidade rural galega, tendo en conta ratios como poboación, dispersión, envellecemento ou a pegada do coronavirus, “contemplando, como horizonte de mínimos, a recuperación do persoal tal e como se atopaba no 2009, pois nesta década de Goberno de Feijóo perdéronse máis de 900 camas de hospital e 1.100 profesionais de Atención Primaria na comunidade”.

AUTOVÍA LUGO-OURENSE. A Corporación provincial aprobou por unanimidade unha moción do Goberno para demandar ao Executivo do Estado un impulso significativo a Autovía A-56, de Lugo a Ourense, nos vindeiros orzamentos.

O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, subliñou que “defendemos a proposta como sempre facemos os socialistas de Lugo á hora de reclamar infraestruturas para a nosa provincia, non só no que respecta á comunicación coa Meseta, senón tamén coas comunicacións interiores, para fomentar a mobilidade das persoas e a competitividade do sector produtivo”.

O voceiro do Grupo Provincial do

PP, Javier Castiñeira, lamenta que “mentres o PP defende que o Goberno axilice as autovías proxectadas na provincia, o goberno provincial mire para outro lado”. Así o manifestou o popular amosando a súa sorpresa e preocupación ante a actitude do PSOE nun dos puntos que consideran máis importantes do pleno provincial deste martes porque “o PSOE rexeitou incluír a emenda do Grupo Popular coa que melloraba a proposta do Goberno para dar un pulo á A-56 Lugo-Ourense; xa que propoñiamos avanzar tamén nas outras dúas autovías proxectadas na provincia, a A-74 (Barreiros-San Cibrao) e a A-54 Lugo-Santiago) para “dar seguridade a toda a provincia”.

CONTA XERAL. O Pleno tamén aprobou, coa abstención do PP, a Conta Xeral do ano 2019 da Deputación e de Suplusa. A Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Contas, Mayra García Bermúdez, explicou que este é un trámite administrativo que “fai unha foto fixa da situación contable da institución a 31 de decembro de 2019, ao que non se presentou ningún tipo de reclamación e que aprobamos amplamente dentro dos prazos establecidos”.

Formarán á mocidade sobre igualdade e prevención da violencia de xénero

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a presidenta da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia Acadar, Mónica Álvarez San Primitivo, asinaron un convenio a través do cal a institución provincial achega 6.500 euros para realizar, nos centros educativos da provincia, un programa formativo transversal que fomentará a igualdade e sensibilizará na prevención das distintas formas de violencia machista e de situacións de desigualdade que afectan ás mulleres con discapacidade.

Acadar impartirá, a través do programa Vío 7: ver para erradicar, varias sesións formativas ao alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato da provincia de Lugo ao longo do curso académico. A iniciativa permitirá capacitalos na detección e erradicación das distintas formas de violencia, impulsar relacións igualitarias e, en especial, fomentar a igualdade de oportunidades das mulleres con discapacidade. Tamén afondará na defensa dos dereitos deste colectivo vulnerable co fin de que acade a súa plena integración e a participación en todos os eidos da sociedade.

O Ilumin@ axuda aos concellos a implantar a tecnoloxía LED

A voceira socialista, Pilar García Porto, informou que a Xunta de Goberno aprobou adxudicar por preto de 530.000 euros a compra e instalación de material eléctrico de tecnoloxía LED dentro do plan Ilumin@, o proxecto co que a institución axuda aos 38 concellos que decidiron sumarse á iniciativa a aforrar na factura eléctrica de instalacións municipais. O contrato divídese en tres lotes, cada un por unha zona xeográfica da provincia.

O plan está dotado con 723.000 euros, dos que o 80% son fondos europeos conseguidos a través do Idae (Instituto de Desenvolvemento de Aforro Enerxético), dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica. Con este proxecto os concellos que decidiron adherirse cambiarán en total unhas 3.200 luminarias por outras LED, o que supoñerá un aforro conxunto de 62.000€ ao ano, isto é, ata un 63% da facturación eléctrica das instala-

cións municipais nas que se actuará, fundamentalmente alumeados públicos exteriores. Ademais, a tecnoloxía LED permite reducir o consumo en 450.000 quilovatios ao ano, o que minimizará a pegada de carbono. García Porto subliñou que “o plan forma parte do obxectivo estratéxico de cooperar cos municipios para que poidan prestar servizos públicos eficientes á cidadanía aforrando custes, pero tamén preservando o medio ambiente”.

Crean unha guía anti covid para empresas

A Guía Información Xeral sobre a covid-19 para traballadores e empresas, unha publicación elaborada pola CEL grazas á colaboración da Deputación, recolle unha compilación de documentos técnicos que o Ministerio de Sanidade foi publicando ao longo do desenvolvemento da pandemia.

Esta guía está pensada como unha ferramenta práctica para que os traballadores e traballadoras, e as empresas coñezan o virus e saiban como afrontalo e previlo.

A guía distribuirase en formato



dixital de libre descarga a través de www.cel.es. Así mesmo, a Deputación e a CEL repartirana impresa aos asistentes das xornadas Protocolos de actuación en impacto da covid-19 no ámbito empresarial.


CHAIREGOS
 SERVICIOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chain, nº 20
 (O Ramal) Rábade
 Telf. 982 871 103

URXENCIAS
 24 HORAS


gato con botas

zapatería
 C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
 27800 Villalba (Lugo)
 Telf. 982510550

COLABORACIÓN

A marcha de Anxo

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Permítaseme solicitar indulxencia á dirección do TerraChá.Xa e ós lectores que cada mes adican parte do seu tempo a botarlle unha ollada ó que nel se conta, porque teño a ben de dedicarlle este artigo, o número cento cincuenta de servidor no xornal, á miña primeira novela que recentemente veu a luz. Talvez semelle un pouco arriscado cando falamos das nosas creacións; a outros toca realizar as pertinentes valoracións e críticas. Pero

aínda así, atreverémonos a elo e, coa prudencia que cómpreter, contaremos un chisquiño da historia que protagoniza un neno de nove anos que vive na periferia dunha vila galega. Anxo, así se chama este cativo, vive cos seus pais e a irmá pequena. Fanático do fútbol, ten paixón pola xeografía e quere aprender ben o inglés. Estamos na tardiña do último domingo de agosto e mañá, el e a súa familia deixan a súa casa e vanse. O pequeno decide dar unha volta na bicicleta e comeza a lembrar personaxes, momentos e historias que dunha ou doutra maneira tiveron que ver con el e que formaron parte da súa existencia: A veciña maior á que tó-

dolos domingos lle ten que ler as necrolóxicas do xornal, os amigos do seu pai, todos eles con particularidades que os fan especiais, os seus compañeiros de xogos, o emigrante retornado, dúas rapazas que viven soas na casa do lado e que lles chaman, sen saber por que, As Puchas. Ou aqueles nenos do reformatorio que foron acollidos durante un tempo pola súa familia, sen esquecer a Amador, con quen xogaban ó fútbol e que unha demencia o apartou de todo. E aínda hai máis, pero, tal e como recomentan a un, non se debe falar moito do libro que escribiu. Este ten que ser mercado e lido. Esa é a finalidade. O narrador, é dicir, eu mesmo,

introduciuse na mente dun raparigo de nove anos, tratando de describir situacións que rodeaban a esas persoas que eran parte del e que a partir de mañá, xa pertencerán ó pasado. Difícil misión, debo recoñecer. Aínda que a esa idade, prima a inocencia, xa se observa un cativo espabilado, do mundo actual e que se dá conta de case todo. A marcha de Anxo, así se titula esta novela curta, de doada lectura, foi escrita por un profesional dos servizos sociais, notándose unha evidente formación profesional. Así, a realidade das persoas maiores, vítimas de violencia de xénero ou o problema da integración social describíense na obra. Ata

o caciquismo e abuso de poder ten dedicado un capítulo. Pero sobre todo, o que se tratou de reflectir é o desacougo e as consecuencias de abandonar o entorno habitual por outro lonxando e cheo de interrogantes. Como ben escribiu Rosalía, "Deixo amigos por estraños...". A pesar de vivir nun contexto favorable, esta familia decide emigrar porque chegan novas posibilidades que se queren aproveitar. Marchan mirando para atrás, onde queda unha vida e unha xente que se sinte orfa e baleira porque xa nada será igual. Foi e segue a ser unha constante na Nosa Terra. Que disfruten a lectura e que lles guste.

Viño, tabaco e caramelos

A CASA DOS MARIOS



Moncho Paz

Faggolosina ou flash, Susus, tiras de caramelos selz de soda, Palotes, "tofees" de nata, Chupa-Chups... Este último produto, inventado por Enric Bernat en 1958, acadou a súa máxima notoriedade na década de 1970 grazas ao personaxe do tenente Kojak, protagonista de serie homónima na televisión. Ademais, permitía aos nenos comer a lambetada con menor risco de atragarse, o que dotaba ao invento dunha funcionalidade máis aló da estética. Para introducilo no mercado, nada mellor ca aliarse coa publicidade. O seu éxito non tardou en chegar, grazas a unha intelixente campaña de anuncios masivos nos medios de comunicación e á propia bondade do peperete, con nove variedades distintas de sabor e cun formato novidoso, que fixeron do Chupa-Chups o primeiro "chuche" do mundo occidental. No ecuador do decenio, a madeira empregada inicialmente na fabricación do pau foi substituída polo material de moda: o plástico, tan deostado na actualidade. Caramelos de todo tipo podían atopar os raparigos na Casa dos Marios, a onde se desprazaban

puntualmente os domingos despois da misa das doce, ate formarse auténticas filas que chegaban á altura da librería d'a Ponte. Os confeitos máis demandados eran os esponxosos suízos de leite; tamén tiñan gran acollida as "cristinas" (boliños redondos espaxados de azucre glass) e logo estaban as milfollas de nata, os pasteis de coco e as canas de crema, que elaboraba Pepe "o Tranquilo" no obradoiro e cunha fama que traspasaba as fronteiras de Vilalba, pois eran reclamo de centos de viaxeiros que paraban diante da tenda ao baixarse dos autobuses da empresa Ribadeo e de Ideal Auto S.A. (IASA). Eran domingos de viño, tabaco e caramelos. Varios minutos despois chegaba a segunda quenda, integrada por nais, pais, avós e demais familia, cando saían de misa da unha con ganas de tomar un viño, unha cervexa ou un vermú, acompañado dunha petiscada nos locais da Carretera. A tapa dominical por excelencia era a de luras, que fritía a Pili do Fornos a fume de carozo, cunha especie de queimador-soprete. Facíaos ración a ración, case de xeito artesanal. E rematábanse nun abrir e pechar de ollos, pois a xente aparecía de súpeto ao saír da igrexa e todos querían a súa ración quente. Había unha certa tensión no ambiente e a Pili non daba feito para atender tanta demanda.

Durante a semana, a tapa máis frecuente era a de mexillóns en escabeche, preparada ao cen por cen na casa, e tamén a de polbo con cachelos. E os días de feira, callos para todos, como é tradi-

o para todo o ano. E na Casa dos Marios, Ondina ofrecía todas as modalidades coñecidas do xélido e saboroso doce: sorbetes, bombóns, terrinas, cornetes e bloques. Finalmente, estaba o tabaco, nas súas distintas variedades. Eran os tempos nos que fumar, tanto en lugares abertos como pechados, era símbolo de glamour e sofisticación. Dende o aroma característico dos cigarros nas terrazas e no interior dos bares, onde a xente fumaba a todas horas, ate os puros vespertinos típicos dos domingos, acompañados de café e copa. Lembro de maneira especial o seu olor inconfundible asociado, a maior parte das veces, aos partidos de fútbol no estadio Roca. Aínda hoxe, cada vez que visito o recinto, miro para a grada e vexo aos vellos seguidores racinguistas degustando o habano con avidez. Fumar era sinónimo de autoafirmación e personalidade, e o semáforo poñíase en verde para escoller a marca que un quixese, dentro do amplo abano que existía no mercado, pois estabamos a anos-luz de coñecer termos como "fumador pasivo" e de tomar conciencia de que no fume do tabaco existen milleiros de substancias químicas. Estas lembranzas son un verdadeiro indicador de como foi mudando paseniamente a nosa mentalidade e perfilando os hábitos de consumo. Dende logo... como cambiamos, non si?



cional en moitas vilas e cidades galegas. Pola súa banda, as tapas "estrela" no bar Roca eran as empanadillas e as croquetas, todas elas caseiras e cociñadas con gran esmero por Carmucha e Medines. No seu día, tamén foron populares as luras na súa tinta e as patacas fritidas, que imitaban ás de bolsa, pero eran da súa fabricación e gardábanas nunhas grandes caixas de lata.

dicir na época. De base natural, con leite, vainilla, azucre e xeo. No bar Roca, os xeados eran de marca Camy, que irrompeu no mercado alimentario a mediados da década, cando a empresa Nestlé -con fábrica en Vilalba- dirixiu os seus pasos cara ao sector das sobremesas frías. Con esta estratexia, conseguiu que un produto percibido como unha solución para a calor do verán converterase nun recla-

O liño e a manufactura téxtil na Terra Chá

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Ao igual que Domingo de Río, meu avó paterno e padriño, sempre me gustou ter en conta a historia para ollar o futuro, pois, como dicía Tony Judt: Se tes nas túas mans o poder da interpretación do que pasou antes, o presente e o futuro están á túa disposición. Eu non tiven a oportunidade de estudala, porque naqueles tempos de penuria era necesario gastar o mínimo e gañar cartos o antes posible. Por iso me mandaron á escola de Mes-tría Industrial de Lugo, escola que, ao rematar e non haber industria no país, converteume en carne de emigración.

Dicía Plinio o Vello que a historia ten o privilexio de agradar, aínda cando careza das dotes necesarias en calquera outro traballo literario e o gran Manuel Murguía afirmaba que o pasado ten para o home un encanto infinito, pois considérao cousa súa.

Digo isto porque remato de ler o libro "As mulleres de Insua e o liño: Dez anos de proxecto e recuperación etnográfica" editado polo "Ins-

tituto de Estudos Chairegos", ao que me xungui o amigo Manuel C. Santamariña, e escrito pola historiadora chairega, Miriam Fernández Otero, colaboradora tamén nas páxinas deste periódico e que todos os meses vainos descubriendo na súa columna o patrimonio material e inmaterial da nosa chaira. O libro é un traballo moi documentado, interesante e agradable, pero ademais conta de sobra coas dotes necesarias que requiría Plinio.

Fermosas, emocionantes e certas, son as conclusións que saca ao final do libro, porque o noso idioma e a nosa historia non lle restan nada á cultura universal, senón que, como dixo Isabel Risco, sumámoslle a hostia!

Nesta obra danos a coñecer un deses feitos que constitúen a historia do noso pobo, as súas costumes e relacións sociais na cultura do liño, que, como tamén dicía Murguía, é o que debe de facer un historiador.

Esta cultura estivo moi arraigada na Terra Chá e incluso na miña parroquia dos Vilares hai unha aldea co nome de Liñarede, pero eu, a pesar da miña avanzada idade, apenas lembro sementalo. So me acordo que sendo neno, sementouno nunha cortiña, por debaixo da nosa casa, a madiña de meu pai, unha das trapeiras mais famo-



sas da parroquia, María Antonia de Rato, da Tiñaz, que ademais de trapeira era tamén tecelá e tiña un precioso tear de madeira de cerdeira, daqueles que marabillaban a Díaz Castro, porque dicía que eran un dos enxeños increíbles que nos deixou a cultura popular e que, cando morreu María Antonia, foi parar á lareira, por non saber darlle o valor correspondente a nosa riqueza patrimonial e a nosa cultura, nin saber respectarnos a nós mesmos.

Nese libro aprendín moitas cousas sobre esa planta que tivo tanta importancia na vestimenta e tanta influencia no modo de vida dos nosos labregos e labregas. Souben tamén

do valor que tivo como moeda de cambio e da súa aportación ao noso cancionero popular, ó refraneiro e a influencia na cohesión social que creaban as súas labores, nas que se xuntaban os veciños para facer o traballo en comunidade, aínda que os que non entenden nin coñecen a nosas costumes sociais sempre utilizaron o tópico de que os galegos somos pouco amigos das parce-rías. Non saben que nós facíamos case todos os traballos entre todos os veciños: As rogas, as mallas, os carretos e outras moitas tarefas. Tamén estas do liño se facían colectivamente entre todos e, malia a ser unhas tarefas duras, os nosos campesiños convertíanas en festas e así, ás tascas e os fiadeiros eran mais agradables; unha especie de salas de festas ós que levaban un grupo de música e nos que cantaban e bailaban; onde moceaban os mozos e as mozas, ou onde se atopaban coas súas parellas. Iso facía que houbera moito menos individualismo e mais relacións sociais que na sociedade actual, a pesar da gran cantidade de medios tecnolóxicos, pero que crean menos sociabilidade; unha sociedade virtual deshumanizada, na que non se estreitan verdadeiros lazos de amizade e falta de cohesión social.

Na nosa comarca sementábase

case todo para consumo propio, xa que vivíamos nunha economía de subsistencia, por non ter unha burguesía propia que puidera crear unha industria téxtil ao redor dos produtos desta planta, como fixeron noutros pobos. A súa produción era moi laboriosa; desde preparar a terra para a sementeira; o ripado, para quitarlle as malas herbas; o arrincado e o enlagado, para que fermentase e macerase. Despois viñan o mazado e o tascado; o arrestrelado, o fiado e ensarillado e, por último, o branqueado do fio antes de tecelo, para despois facer camisas e outras prendas de vestir de gran calidade e de incalculable valor, porque o lenzo de liño galego tiña un alto prestixio e era unha peza fundamental dentro da alta costura española, prestixio que se perdeu polo empobrecemento e abandono, debido á política económica aplicada polos distintos gobernos españois.

Non quixera rematar sen lembrar o gran traballo que está a facer a Asociación de Mulleres Rurais de San Bartolomeu de Insua, pola súa labor de recuperación deste patrimonio inmaterial tan arraigado noutros tempos nesta chaira que cantou Manuel María e tan necesario para saber de onde vimos e a onde queremos chegar.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN Concello: 982 50 80 21 Garda Civil: 982 50 80 11 Centro de Saúde: 982 50 81 22	COSEPITO Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57 Garda Civil: 982 52 00 17 Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20 Feira do Monte: 982 50 34 69 Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57	MEIRA Concello: 982 33 01 02 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 35 69 27 Cita previa: 982 33 02 40	POL Concello: 982 34 50 29 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76
A PASTORIZA Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60 Garda Civil: 982 34 90 20 Centro de Saúde: 982 33 21 41	FRÍOL Concello: 982 37 50 01 Garda Civil: 982 37 50 02 Centro de Saúde: 982 37 10 98 Cita Previa: 982 37 10 05	MURAS Concello: 982 50 00 01 Garda Civil: 982 50 00 20 Centro de Saúde: 982 50 01 23	RÁBADA Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52 Garda Civil: 982 39 00 05 Centro de Saúde: 982 39 01 01
AS PONTES Concello: 981 45 31 16 Policía Local: 981 45 31 91 Garda Civil: 981 45 00 05 Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51	GUITIRIZ Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00 Garda Civil: 982 37 00 01 Centro de Saúde: 982 37 21 10 Parga P.A.C.: 982 37 05 00	OUTEIRO DE REI Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55 Garda Civil: 982 39 00 05 Ambulancia: 982 23 16 13 Centro de Saúde: 982 39 25 98 Cita previa: 982 39 32 67 P.A.C.: 982 39 34 00	RIOTORTO Concello: 982 34 62 22 Garda Civil: 982 34 22 22 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63
BEGONTE Concello: 982 39 61 43 Garda Civil: 982 39 80 08 Centro de Saúde: 982 39 69 02	CASTRO DE REI Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32 Garda Civil: 982 31 40 02 Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18 Castro de Rei: 982 31 42 11 Ribeiras de Lea: 982 31 11 14	VILALBA Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16 Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50 Garda Civil: 982 51 03 07 Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11	XERMADE Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27 Garda Civil: 982 50 10 08 Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



+ Teléfonos: www.terrachaxa.com

terracháxa
xornal independente da chaira www.terrachaxa.com

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.



Edición: PORTAS COMUNICACIÓN SL
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 673 903 924 - 982 510 335
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507



Teléfono: 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

AGRO



As axudas buscan favorecer a visibilidade do sector

Convocadas axudas ao sector do vacún de carne

A Xunta vén de convocar axudas para o sector gandeiro de vacún de carne, dotadas cun orzamento de 9 millóns de euros, que xa ten aberto o prazo de presentación de solicitudes ata o día 30 de novembro.

Estas achegas teñen especial incidencia para a provincia de Lugo, que acolle o maior número de explotacións deste tipo en Galicia, con 3.146 granxas rexistradas que suman máis de 38.300 vacas nutrices. Estas axudas teñen carácter excepcional, por ser este un dos sectores agrarios máis desfavorecidos pola incidencia da crise da Covid-19. Trátase de subvencións que están cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento rural (PDR).

As axudas consistirán nun pagamento a tanto alzado, pero o im-

porte máximo non poderá superar os 7.000 euros por produtor e os 50.000 euros por peme. En concreto, a contía individualizada calcularase en función do número de vacas nutrices oscilando desde os 900 aos 7.000 euros.

A mesma convocatoria recolle tamén un montante de 3 millóns de euros en axudas para os produtores de flor cortada e da planta ornamental. A Consellería do Medio Rural seleccionou este sector xunto ao de vacún de gando por consenso cos integrantes do Consello Agrario, no que están representadas as organizacións profesionais agrarias, aos que o pasado 16 de xuño se lles pediu colaboración para determinar os eidos máis afectados. As solicitudes presentarase por medios electrónicos a través do formulario normalizado da sede electrónica da Xunta.

Terra Chá recibe os anticipos da PAC

A Consellería do Medio Rural vén de aboar preto de 19 millóns de euros (18.965.724 euros) de anticipos de axudas da Política Agraria Común (PAC) na provincia de Lugo, correspondentes á campaña 2020-2021. En total, beneficiarán a 7.902 gandeiros lucenses. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, explicou que o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) efectuou os pagamentos a semana pasada, tras a realización de todas as comprobacións administrativas e dos controis obrigatorios sobre o terreo. En concreto, aboáronse dúas liñas de achegas directas da PAC, as de vacas nutrices e as de vacún de leite, co obxecto de dar liquidez ás explotacións gandeiras.

En canto ao reparto por comarcas dos anticipos que acaban de transferirse, a Terra Chá rexistra o maior volume (5,2 millóns de euros para 1.888 gandeiros); seguida da comarca de Lugo (3,4 millóns de euros e 1.399 benefi-

ciarios); a comarca de Sarria (2,9 millóns de euros e 1.247 beneficiarios); a Zona Sur (comarcas de Chantada, Lemos e Quiroga, con 2,4 millóns de euros e 962 beneficiarios); A Montaña (1,5 millóns de euros e 1012 beneficiarios); A Mariña (1,5 millóns de euros e 772 beneficiarios); A Ulloa (976.803 euros e 383 beneficiarios) e a comarca de Meira (843.943 euros e 239 beneficiarios).

A Xunta prevé realizar un novo pago no mes de decembro, de forma que no ano 2020 en Galicia se alcance o obxectivo de importes superiores a 140 millóns, beneficiando así a máis de 26.000 solicitantes.

Cómpre salientar que estas achegas son de gran interese para o sector primario, xa que conseguen reducir as diferenzas entre a renda agraria e a urbana, á vez que potencian aos agricultores realmente activos e prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o medio ambiente.

Asoporcel recibe unha achega da Deputación

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou un convenio de colaboración por importe de 80.000 euros co presidente da Asociación de Criadores de Raza Porco Celta (Asoporcel), José Barreira Alonso, que ten como obxectivo impulsar un plan de fomento da produtividade, competitividade e rendibilidade das granxas de porco celta.

Este proxecto de Asoporcel impulsado pola Deputación contempla partidas para o 2020 e 2021 e ten como obxectivo facilitar aos gandeiros e gandeiras as ferramentas necesarias para que as súas granxas acaden a máxima rendibilidade e que a produción teña a mellor saída comercial.

A finalidade do convenio é profesionalizar o sector, asentar as ganderías existentes e atraer á xente nova para iniciar unha actividade gandeira que resulte atractiva como xeito de vida. Tomé Roca engade que "con este convenio tamén se contribúe a incrementar os servizos de Asoporcel na súa función de dinamizador da raza porcina galega, conservando moitos postos de traballo existentes na actualidade relacionados directa e indirectamente co porco celta.

Crean a Indicación Xeográfica Protexida do Pan Galego

A Delegación Territorial da Xunta en Lugo acolleu a xornada de presentación da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Pan Galego, un novo selo que distinguirá a calidade das panaderías tradicionais galegas.

O obxectivo desta nova IXP é promover a adhesión de produtores de trigo, muíños e panaderías, unha vez quedou constituído o consello regulador.

Na xornada participaron, entre outros, a directora da Cátedra do pan e do cereal da Universidade de Santiago de Compostela, Ángeles Romero, e Guadalupe Gómez, presidenta do Consello Regulador do Pan Galego e representante, xunto con César Manuel Fieiras da Federación Galega de Panaderías (Fegapan), a entidade que promoveu a constitución da IXP. A Xunta colaborou dende o primeiro momento neste proxecto que reportará valor engadido a este produto artesanal e pode incentivar o cultivo de trigo, incidindo na mellora das rendas dos agricultores.

CARACTERÍSTICAS. O selo de ca-



O IXP Pan Galego acolle os diferentes formatos deste produto

lidade ampara ao pan tradicional elaborado de forma artesanal con fariña de trigo brando, da cal unha parte –como mínimo o 25%– debe proceder de trigos cultivados en Galicia, pertencentes a variedades e ecotipos autóctonos galegos. A súa elaboración caracterízase pola utilización de masa nai e dunha elevada cantidade de auga, así como polos longos tempos de fermentación e cocción, esta última sempre en fornos con soleira de pedra ou outros

materiais refractarios.

Así mesmo, a normativa desta IXP establece os diferentes formatos tradicionais que se admiten, como o bolo ou fogaza, a rosca, a bola ou torta e a barra, así como os rangos de pesos que poden ter as pezas. A maiores define as características da codia e da miga, así como o aroma e o sabor do produto. Outra das características desta IXP é a súa presentación en envases individuais que incluírán o seu logotipo.

HUMOR RURAL



AXENDA

EVENTOS



RECEITAS DE OUTONO

Ata o 15 de novembro
Guitiriz

ITV ABADÍN

Ata o 18 de novembro
Abadín

INVERNADA DE CINE

21 de novembro
5 de decembro
19 de decembro
Cabreiros

ITV AS PONTES

Do 26 ao 30 de novembro
As Pontes

ITV MEIRA

Do 27 de novembro ao 2 de decembro
Meira

PRESENTACIÓN LIBRO INVISIBLES.RELATOS DO MALTRATO

27 de novembro
A Pastoriza

TEATRO: A VIAXE DO SEÑOR LÓPEZ

14 de novembro
Guitiriz

FEIRA DO MEL

14 de novembro
Muras

XORNADAS MUSEÍSTICAS

14 ao 21 de novembro
Biblioteca de Vilalba



CURSOS

TRÁMITES COA ADMINISTRACIÓN

12, 17 e 19 de novembro
Guitiriz

VIABILIDADE ECONÓMICA DOS PROXECTOS AGRARIO.

25 e 28 de novembro
Xermade

MERCADO DE NADAL

Do 9 de decembro ao 5 de xaneiro
Muimenta

HOMENAXE INSUA BERMÚDEZ

26 de decembro
Ceip Insua Bermúdez



CONCURSOS

MICRORRELATOS

Ata o 13 de novembro
Castro de Rei

POESÍA TORRE DE CALDALOBA

Ata o 15 de novembro
Cospeito

LETRAS GALEGAS

Ata o 15 de novembro
Biblioteca de Xermade

PREMIO DE POESÍA

Ata o 19 de novembro
Guitiriz

POSTAIS DE NADAL

Ata o 30 de novembro
Rábade

POEMAS PENDURADOS

Ata o 15 de decembro
Guitiriz

a elección de...



Manuel Requeijo Arnejo Alcalde do Concello de Muras

un libro




Memorias dun neno labrego
de Neira Vilas

unha película




A lista de Schindler
de Steven Spielberg

un lugar para visitar



San Petersburgo

unha comida




Caldo

un disco




Todo va a salir bien
de Depedro

un personaxe histórico



Prisciliano

unha afección



Ciclismo

unha bebida



Auga

Máis eventos en:
www.terrachaxa.com

JANSU

Domingo Goás, 16 baixo
27800 Vilalba
Tel.: 982 510 367
651 577 247

Volvemos á normalidade, esperámoste!

DENDE 0 € - PREGUNTANOS COMO

JANSU VILALBA

FERRUGERÍA
FOTOFELACIÓN
TAEKWONDO ADULTOS - INFANTEL
DEFENSA PERSOAL
ZUMBA ADULTOS - INFANTEL
CROSA TRAZINHE
T.B.X. SUSPENSIÓN M.F.B.
SPINNING
INDICACIÓN RETMOS LATINOS
XIMNASIA MANTENIMENTO SLAVE
ADESTRAMENTO PARA MAIORES
ADESTRADOR PERSOAL

ROSCÓN de REIS

RÚA SAN ROQUE, 3 - 982 510 062

TAHONA CURRÁS

DESCUBRINDO O PATRIMONIO



As torres do Arneiro

Miriam Fernández



Tres vistas das torres do Arneiro no Concello de Cospoite, instaladas polo Goberno alemán despois da Guerra Civil española

Aínda que pouco máis que o recorde e maltreitos edificios quedan delas, “as torres do Arneiro” son unha serie de antenas de radionavegación localizadas no Concello de Cospoite e de Abadín, instaladas polo goberno alemán de Adolf Hitler en solo chairego una vez finalizada a Guerra Civil española. Esta base de transmisión militar foi autorizada por Franco no marco das relacións entre os dous gobernos fascistas, instalándose unicamente outra das mesmas características en territorio peninsular, no Concello sevillano de Guillena. Co funcionamento destes dispositivos de radionavegación punteira, coñecido como “Elektra-Sonne” (rebautizado polos británicos como sistema Consol), permitía a doada localización e seguimento de aeronaves, buques e submarinos que operaban no Atlántico e no Cantábrico, información que sería clave durante a II Guerra Mundial. Tratábase por tanto dun sistema de radiofaros que facilitaba o control e comunicación de amplo espectro,

precedente do moderno GPS, e do que existían outras bases por toda Europa.

As obras para a montaxe das instalacións e das emisoras (da casa alemá Telefunken) comezaron no 1940, acometidas por un continxente da Luftwaffe ou exército do aire alemán. Estaban compostas por tres radiofaros distribuídos nas parroquias da Graña (Abadín), no lugar de Arneiro (Goá, Cospoite) e Momán de Riba (Momán, Cospoite), dispostas en liña recta e perpendicular á dirección da radiación cunha separación entre elas duns 2.823 metros, acorde coa lonxitude da onda de emisión. A antena ou radiofaro central era a principal e as outras dúas as secundarias, existindo tamén (a uns 4 km oeste da primeira) un Punto de Control colocado en dirección de radiación.

Estas estruturas eran torres cadradas de celosía metálica dun metro por cada cara aproximadamente, con escaleira interna de acceso e unha altura de 102,5 metros. No

cumio remataban cun “sombreiro” capacitivo octogonal duns 11 metros de diámetro e 31 metros de perímetro. Cada una delas descansaba sobre una base cúbica de formigón, separadas por un aislante cerámico de esteatita e toma de terra. Esta

As obras para a montaxe comezaron en 1940, acometidas por un continxente da Luftwaffe

base estaba protexida por un peche de ladrillo e contaba cunha caseta metálica que acollía no seu interior a unidade de sintonía e un transformador. Para manter tan alta estrutura metálica en pé empregábanse seis tensores ou “ventos” colocados a distintas distancias.

As antenas norte e sur estaban

acompañadas polas casetas do garda (únicos restos na actualidade xunto coas bases), mentres que a central, localizada no Arneiro, contaba coas edificacións dun pequeno destacamento militar con corpo de garda e barracóns, o edificio de transmisións, un depósito de auga, unha estación transformadora e unha meteorolóxica. No edificio de transmisión ou edificio principal atopábanse os transmisores, os receptores, os paneis de control, os arquivos, a chave telegráfica e o teléfono. O punto de control próximo á antena central, una pequena caseta de apenas 2,25 m², contiña o receptor Torn. E. b. que controlaba e mantiña a punto o funcionamento do sistema de antenas.

Unha vez rematada a guerra os alemáns abandonaron as instalacións pasando a depender do Goberno de España, utilizadas polo Exército do Aire ata o ao 1962, momento no que se transferiu á Aviación Civil. Nos 80 a estación deixou de ser operativa e abandonouse, sen mantemen-

to nin control, desprotexida ante o vandalismo e a maleza. Na década dos 90 grupos de radioaficionados conseguiron a súa reactivación enviando mensaxes por toda Europa nun intento de por en valor o lugar e chamar a atención das autoridades competentes para evitar o seu total deterioro. Estes intentos continuaron ata o 2006, momento no que a primeira das antenas (norte), maltrata e maltratada, sucumbiu fronte a forza do vento, seguidas pola central e a sur no 2009 despois dun forte temporal. Tiradas no chan e sen a axuda esperada, foron pasto das pillaxes ata a súa total desaparición. Actualmente só quedan parte das maltreitas edificacións do que foi no seu día este importante complexo de comunicacións, un ben patrimonial esmorece sen remedio arrastrando tras de si a vergoña daquilo no que puido rexurdir de tenderlle a man a tempo: un centro tecnolóxico único no que coñecer a historia da electrónica e os sistemas de comunicación do s.XX.



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

Cursos y Certificados

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05